**IES O COUTO**

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

# XEOGRAFÍA E HISTORIA

**1º CURSO**

**CURSO 2021-2022**

# Índice

*1. Introdución e contextualización ...................................................... 4*

*2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave ........... 4*

*3. Concreción dos obxectivos para o curso ....................................... 5*

*4. A) Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, competencias clave, grao mínimo de consecución e peso dos estándares na cualificación .............................................. 7*

*4. B) Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe ..... 11*

*5. Unidades didácticas: temporalización .......................................... 16*

*6. Metodoloxía didáctica ................................................................... 19*

*7.Desenvolvemento da programación didáctica ante posibles escenarios diferentes en función da situación sanitaria.................... 20*

*8. Materiais e recursos didácticos e empregar .................................. 21*

*9. Procedemento de avaliación. Instrumentos de avaliación. Criterios de cualificación ........................................................................... 21*

*10. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes ................................................... 23*

*11. Avaliación inicial e medidas individuais e colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados ................... 23*

*12. Medidas de atención á diversidade .............................................. 24*

*13. Concreción dos elementos transversais que se traballarán durante o curso ............................................................................. 24*

*14. Actividades complementarias e extraescolares ............................. 24*

*15. Accións previstas en relación co Plan Lector e co Plan TIC ........ 25*

*16. Contribución ao Plan de Convivencia do centro .......................... 25*

*17. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e práctica docente .......................................................................................... 26*

*18. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos demellora ........................................................................ 26*

*19. Constancia de información ao alumnado ..................................... 27*

## 1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

A presente programación didáctica constitúe o terceiro nivel de concreción curricular. Toma como referencia de partida o *DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia* (1º nivel de concreción) e o proxecto educativo do IES O Couto. Á súa vez, represente a base do último nivel de concreción, a programación de aula para o desenvolvemento das unidades didácticas previstas.

A proposta está deseñada para un IES público situado nun contexto urbano, a cidade de Ourense, e máis concretamente no barrio que lle da nome ao IES, O Couto. O ISEC (índice de estatus social, económico, e cultural) do centro podería ser cualificado como de medio. Predomina o alumnado castelán falante, resultando significativa a presenza de alumnos procedentes do estranxeiro, en particular de América do Sur. Todas estas variables han de ser tidas en conta á hora de deseñar as actividades de aula propostas.

## 2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

As competencias defínense como capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

As competencias clave do currículo son as seguintes:

Comunicación lingüística (CCL).

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

Competencia dixital (CD).

Aprender a aprender (CAA).

Competencias sociais e cívicas (CSC).

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

Conciencia e expresións culturais (CCEC).

A achega da materia de Xeografía e Historia ao desenvolvemento das competencias clave é moi salientable. A través da materia se desenvolven competencias que na práctica funcionan como propias (as competencias sociais e cívicas, en relación con contidos propios tanto de Historia como de Xeografía, e a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, en Xeografía); a competencia de conciencia

e expresións culturais ten unha presenza destacada pola relación que o estudo das manifestacións artísticas e a evolución do pensamento e da cultura teñen na historia, e de maneira específica na historia da arte. A importancia que a materia ten para o desenvolvemento da competencia de sentido da iniciativa e espírito emprendedor evidénciase na dimensión conceptual desa competencia posta en relación con coñecementos de xeografía e historia económicas, pero tamén na dimensión máis procedemental dela. O desenvolvemento das competencias de comunicación lingüística e dixital, e de aprender a aprender, impregnan todo o currículo de Xeografía e Historia, pois presentan unha dimensión instrumental que nos obriga a telas presentes ao longo dos catro cursos de ESO.

No cadro do apartado 5 da presente programación establécense as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación. Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deseñaranse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

## 3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO.

A Xeografía e Historia de 1º da ESO contribuirá á consecución dos seguintes obxectivos de entre os fixados para esta etapa educativa polo currículo:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico eartístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

# 4. A) OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS CLAVE E PESO DOS ESTÁNDARES NA CUALIFICACIÓN

| *Tema* | *Obxectivos* | *Identif. contido* | *Criterio avaliación* | *Estándar aprendizaxe* | *Comp. clave* | *Peso cualificación* |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | b/e/f/g | B 1.1 | B1.1. Coñecer o Sistema Solar e establecer as relacións entre os movementos da terra e a existencia das estacións e do día e da noite, e comprender a súa importancia na distribución dos climas e da Biota. | XHB1.1.1. Interpreta como inflúen os movementos astronómicos na distribución da radiación solar e nas zonas bioclimáticas do planeta | CAA CMCCT CD | 15% |
| | | | | XHB1.1.2. Analiza un mapa de fusos horarios e diferencia zonas do planeta de similares horas | CAA CMCCT CD | 10% |
| | b/e/f/g | B 1.2 | B1.2. Identificar e distinguir os sistemas de representación cartográfica, en soporte analóxico e dixital, e as súas escalas | XHB1.2.1. Clasifica e distingue proxeccións, e compara unha proxección de Mercator con unha de Peters | CAA CMCCT CD | 15% |
| | b/e/f/g | B 1.3 | B1.3. Analizar e identificar o mapa, e coñecer as imaxes de satélite e os seus usos principais | XHB1.3.1. Clasifica e distingue tipos de imaxes de satélite e mapas | CAA CMCCT CD | 20% |
| | b/e/f/g | B 1.4 | B1.4. Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou imaxe de satélite, utilizando datos de coordenadas xeográficas | XHB1.4.1. Localiza un punto xeográfico nun planisferio e distingue os hemisferios da Terra e as súas principais características. | CAA CMCCT CD | 10% |
| | | | | XHB1.4.2. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa, utilizando datos de coordenadas xeográficas | CAA CMCCT CD | 30% |
| | | | | | | |
| 2 | b/e/f/g/h | B 1.5 | B1.5. Localizar no mapamundi físico as principais unidades do relevo mundiais, os grandes ríos e as grandes zonas climáticas, e identificar as súas características. | XHB1.5.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo europeo e mundial. | CAA CMCCT CD | 35% |
| | b/e/f/g/h | B 1.6 | B1.6. Ter unha visión global do medio físico europeo e mundial, e das súas características xerais | XHB1.6.1. Localiza nun mapa físico mundial os elementos e as referencias físicas principais: mares e océanos, continentes, illas e arquipélagos máis importantes, ríos e cadeas montañosas principais. | CAA CMCCT CD CCL | 35% |
| | | | | XHB1.6.2. Elabora climogramas e mapas que sitúen os climas do mundo e reflictan os elementos máis importantes | CAA CMCCT CD CCL | 30% |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | |
| 3 | b/e/f/g/ h/m | B 1.7 | B1.7. Ser capaz de describir as peculiaridades do medio físico europeo | XHB1.7.1. Explica as características xerais do relevo europeo. | CAA CMCCT CD CCL | 15% |
| | b/e/f/g/ | B 1.8 | B1.8. Situar no mapa de Europa as unidades e os elementos principais do relevo continental. | XHB1.8.1. Localiza no mapa as unidades e os elementos principais do relevo europeo. | CAA CMCCT CD | 25% |
| | b/e/f/h/ m | B 1.9 | B1.9. Coñecer, comparar e describir os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico europeo. | XHB1.9.1. Clasifica e localiza nun mapa os tipos de clima de Europa | CAA CMCCT CD CCL | 25% |
| | | | | XHB1.9.2. Distingue e localiza nun mapa as zonas bioclimáticas do noso continente. | CAA CMCCT CD | 15% |
| | b/e/f/m | B 1.10 | B1.10. Coñecer os principais espazos naturais do noso continente. | XHB1.10.1. Localiza nun mapa e en imaxes de satélite de Europa os principais espazos naturais. | CAA CMCCT CD | 10% |
| | b/e/f/g/ h/m | B 1.11 | B1.11. Coñecer, describir e valorar a acción do ser humano sobre o ambiente e as súas consecuencias | B1.11.1. Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles. | CAA CMCCT CD CCL | 10% |
| | | | | | | |
| 4 | g/l/ñ | B 3.1 | B3.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles. | XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado | CSC CCEC | 15% |
| | g/l/ñ | B 3.2 | B3.2. Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferenzas entre interpretacións de fontes diversas. | XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas | CSC CAA | 30% |
| | | | | XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, sexan estas restos materiais ou textuais | CSC CAA | 10% |
| | | | | XHB3.2.3. Compara dous relatos a distintas escalas temporais sobre as conquistas de Alexandre. | CSC CAA | 5% |
| | l/ñ | B 3.3 | B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación. | XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. | CSC CMCCT | 20% |
| | f/l/ñ | B 3.4 | B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía). | XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. | CSC CMCCT | 20% |
| | h/l/ñ | B 3.5 | B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado. | XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época. ***Aplicable a todos os temas*** | CSC CCL | 25% |
| | | | | | | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 5 | f/l | B 3.6 | B3.6. Entender o proceso de hominización. | XHB3.6.1. Recoñece os cambios evolutivos ata chegar á especie humana. | CSC<br>CMCCT | 30% |
| | f/l | B 3.7 | B3.7. Datar a Prehistoria e a Idade Antiga, e distinguir a escala temporal de etapas como estas. | XHB3.7.1. Distingue etapas dentro da historia antiga. | CSC<br>CMCCT | 10% |
| | f/g/l | B 3.8 | B3.8. Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e os acontecementos históricos máis salientables da Prehistoria e da Idade Antiga, para adquirir unha perspectiva global da súa evolución. | XHB3.8.1. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos. | CSC<br>CMCCT<br>CAA | 15% |
| | c/g/h/l/<br>n/ñ | B 3.9.1 | B3.9. Coñecer as características da vida humana correspondentes aos dous períodos en que se divide a Prehistoria: Paleolítico e Neolítico | XHB3.9.1. Explica a diferenza entre os dous períodos en que se divide a prehistoria e describe as características básicas da vida en cada un. | CSC<br>CCL<br>CAA | 15% |
| | | B 3.9.2<br>B 3.9.3 | | XHB3.9.2. Analiza a transcendencia da revolución neolítica e o papel da muller nela | CSC<br>CAA | 10% |
| | l/n | B 3.10 | B3.10. Identificar os primeiros ritos relixiosos. | XHB3.10.1. Recoñece as funcións dos primeiros ritos relixiosos como os da "deusa nai". | CSC<br>CCEC | 20% |
| | | | | | | |
| 6 | a/c/d/g<br>h/l | B 3.11 | B3.11. Coñecer algunhas características da vida humana neste período, así como o establecemento e a difusión de diferentes culturas urbanas, despois do neolítico. | XHB3.11.1. Describe formas de organización socio-económica e política, novas ata entón, como os imperios de Mesopotamia e de Exipto | CSC<br>CAA<br>CCL | 20% |
| | g/h/l | B 3.12 | B3.12. Recoñecer a importancia da descuberta da escritura. | XHB3.12.1. Diferencia entre as fontes prehistóricas (restos materiais e ágrafos) e as fontes históricas (textos). | CSC<br>CAA | 15% |
| | f/g/h/l | B 3.13 | B3.13. Explicar as etapas en que se divide a historia de Exipto. | XHB3.13.1. Interpreta un mapa cronolóxico-xeográfico da expansión exipcia. | CSC<br>CMCCT<br>CAA | 15% |
| | | | | XHB3.13.2. Describe as principais características das etapas históricas en que se divide Exipto. | CSC<br>CCL | 20% |
| | g/h/l | B 3.14 | B3.14. Identificar as principais características da relixión exipcia. | XHB3.14.1. Explica como materializaban os exipcios a súa crenza na vida do alén. | CSC<br>CCEC<br>CCL | 10% |
| | | | | XHB3.14.2. Realiza un mapa conceptual cos principais deuses do panteón exipcio. | CSC<br>CCEC<br>CAA | 10% |
| | g/h/l | B 3.15 | B3.15. Localizar e describir algúns exemplos arquitectónicos de Exipto e de Mesopotamia. | XHB3.15.1. Localiza nun mapa os principais exemplos da arquitectura exipcia e da mesopotámica. | CSC<br>CCEC<br>CAA | 10% |
| | | | | | | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 7 | a/c/d/g h/l | B 3.16 | B3.16. Coñecer os trazos principais das polis gregas e a transcendencia do concepto de democracia. | XHB3.16.1. Identifica trazos da organización socio-política e económica das polis gregas a partir de fontes históricas de diferentes tipos | CSC<br>CAA | 20% |
| | | | | XHB3.16.2. Describe algunhas das diferenzas entre a democracia grega e as democracias actuais | CSC<br>CCL<br>CAA | 10% |
| | g/l | B 3.17 | B3.17. Entender a transcendencia do concepto de colonización | XHB3.17.1. Localiza nun mapa histórico as colonias gregas do Mediterráneo. | CSC<br>CAA | 10% |
| | a/c/d/g l | B 3.18 | B3.18. Distinguir entre o sistema político grego e o helenístico. | XHB3.18.1. Elabora un mapa do imperio de Alexandre. | CSC<br>CAA | 10% |
| | | | | XHB3.8.2. Contrasta as accións políticas da Atenas de Pericles co imperio de Alexandre Magno. | CSC<br>CAA | 10% |
| | f/g/h/l n | B 3.19 | B3.19. Entender o alcance do clásico na arte e na cultura occidentais. | XHB3.19.1. Explica as características esenciais da arte grega e a súa evolución no tempo. | CSC<br>CCEC<br>CCL | 20% |
| | | | | XHB3.19.2. Dá exemplos representativos das áreas do saber grego, e discute por que se considera que a cultura europea parte da Grecia clásica. | CSC<br>CCEC<br>CMCCT<br>CAA<br>CCL | 20% |
| | | | | | | |
| 8 | a/c/d/g l | B 3.20 | B3.20. Caracterizar os trazos principais da sociedade, a economía e a cultura romanas, e recoñecer os conceptos de cambio e continuidade na historia da Roma antiga. | XHB3.20.1. Confecciona un mapa coas etapas da expansión de Roma. | CSC<br>CAA | 20% |
| | | | | XHB3.20.2. Identifica diferenzas e semellanzas entre as formas de vida republicanas e as do imperio na Roma antiga. | CSC<br>CAA | 50% |
| | g/l/n/ñ | B 3.21 | B3.21. Identificar e describir os trazos característicos de obras da arte grega e romana, diferenciando entre os que son específicos. | XHB3.21.1. Compara obras arquitectónicas e escultóricas de época grega e romana. | CSC<br>CCEC<br>CAA | 30% |
| | | | | | | |
| 9 | g/l/n/ñ | B 3.22 | B3.22. Establecer conexións entre o pasado da Hispania romana e o presente. | XHB3.22.1. Fai un mapa da Península Ibérica onde se reflicten os cambios administrativos en época romana. | CSC<br>CAA | 2'% |
| | | | | XHB3.22.2. Analiza exemplos do legado romano que sobreviven na actualidade | CSC<br>CCEC<br>CAA | 30% |
| | | | | XHB3.22.3. Entende o que significou a romanización en distintos ámbitos sociais e xeográficos | CSC<br>CCEC | 50% |

## 4. B) GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

| ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN |
|---|---|
| ▪ XHB1.1.1. Interpreta como inflúen os movementos astronómicos na distribución da radiación solar e nas zonas bioclimáticas do planeta. | Coñece o movemento de rotación da Terra e as súas consecuencias<br>Coñece o movemento de translación da Terra e as súas consecuencias |
| ▪ XHB1.1.2. Analiza un mapa de fusos horarios e diferenza zonas do planeta de similares horas. | Entende a función dos fusos horarios e calcular correctamente a diferenza horaria entre diferentes puntos da Terra. |
| ▪ XHB1.2.1. Clasifica e distingue proxeccións, e compara unha proxección de Mercator con unha de Peters. | Coñece os principais sistemas de proxección cartográfica e recoñecer os seus usos. Distingue entre a proxección de Mercator e a de Peters e entende os obxectivos desta última.<br>Coñece os diferentes diferentes tipos de mapas que existen e a información que se representa neles |
| ▪ XHB1.3.1. Clasifica e distingue tipos de imaxes de satélite e mapas. | Resolve adecuadamente actividades formuladas a partir da observación e a interpretación de imaxes e de mapas. |
| ▪ XHB1.4.1. Localiza un punto xeográfico nun planisferio e distingue os hemisferios da Terra e as súas principais características. | Identifica as liñas imaxinarias da Terra e recoñecer a súa utilidade. |
| ▪ XHB1.4.2. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa, utilizando datos de coordenadas xeográficas | Coñece que son as coordenadas xeográficas e saber localizar un punto usándoas |
| ▪ XHB1.5.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo europeo e mundial. | Identifica as capas da estrutura interna da Terra e explicar as características da codia terrestre<br>Sitúa os  grandes conxuntos do relevo de Europa<br>Identifica os principais elementos do relevo dos continentes: mares e océanos, continentes, illas e arquipélagos máis importantes, ríos e cadeas montañosas principais.<br>Describe e localizar os relevos da península Ibérica e dos arquipélagos españois. |
| ▪ XHB1.6.1. Localiza nun mapa físico mundial os elementos e as referencias físicas principais: mares e océanos, continentes, illas e arquipélagos máis importantes, ríos e cadeas montañosas principais. | Sitúa no mapa físico mundial correctamente 7 de cada 10 elementos solicitados de entre os principais mares, océanos, continente, illas, arquipélagos, ríos e cadeas montañosas |

| | |
|---|---|
| ▪ XHB1.6.2. Elabora climogramas e mapas que sitúen os climas do mundo e reflictan os elementos máis importantes. | Identifica as capas da atmosfera e explicar as características principais de cada capa.<br>Define o que é a temperatura da atmosfera e que instrumento se emprega para medila.<br>Coñece os factores que interveñen na formación de nubes e as precipitacións.<br>Diferenza os anticiclóns das depresións ou borrascas<br>Elabora un climograma a partir dos datos dados.<br>Distingue a diferenza entre tempo e clima. Coñecer os factores e elementos do clima<br>Identifica o clima dunha serie de puntos sinalados no planisferio. Caracterizar e situar os climas temperados (oceánico, mediterráneo e continental) e os climas extremos (ecuatorial, tropical, desértico, cálido, polar e de alta montaña). |

| | |
|---|---|
| ▪ XHB1.7.1. Explica as características xerais do relevo europeo. | Distingue a gran chaira europea, os macizos e mesetas antigos e as cadeas de montaña xoves.<br>Identifica os principais ríos de tipo continental, de tipo oceánico e de tipo mediterráneo |
| ▪ XHB1.8.1. Localiza no mapa as unidades e os elementos principais do relevo europeo. | Sitúa correctamente, no mapa físico de Europa, 7 de cada 10 elementos principais do relevo solicitados |
| ▪ XHB1.9.1. Clasifica e localiza nun mapa os tipos de clima de Europa. | Identifica o clima dunha serie de puntos sinalados no mapa de Europa. |
| ▪ XHB1.9.2. Distingue e localiza nun mapa as zonas bioclimáticas do noso continente. | Localiza os diferentes tipos de paisaxes de Europa e coñecer os factores condicionantes das paisaxes naturais.<br>Describe as condicións naturais, os ríos e a vexetación da paisaxes oceánica, mediterránea e continental<br>Caracteriza a paisaxe continental humanizada<br>Recoñece a diversidade climática de España e caracterizar e localizar os diversos tipos de climas que existen na península Ibérica. Describir as diversas paisaxes naturais e humanizadas de España. |

| | |
|---|---|
| ▪ XHB1.10.1. Localiza nun mapa e en imaxes de satélite de Europa os principais espazos naturais | Sitúa correctamente o 50% dos espazos naturais solicitados |
| ▪ B1.11.1. Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles | Procura, filtra e selecciona información relevante respectos do cambio climático, o efecto invernadoiro, a capa de ozono, a chuvia aceda. |
| ▪ XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, sexan estas restos materiais ou textuais. | Nomea e identifica catro clases de fontes históricas. Entender o seu uso como fundamental para escribir a historia |

| | |
|---|---|
| ▪ XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. | Realiza unha liña do tempo aplicando criterios de sincronía e diacronía |
| ▪ XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. | Identifica e sitúa, sen erros significativos, dúas ou máis culturas que conviviron no tempo en diferentes espazos |
| ▪ XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época. | Usa, sen erros significativos, o vocabulario histórico e artístico básico correspondente a cada etapa histórica das comprendidas no currículo da materia para este nivel |
| ▪ XHB3.6.1. Recoñece os cambios evolutivos ata chegar á especie humana. | Comprende como evolucionaron os nosos antepasados explicando o proceso de hominización desde os primeiros homínidos ata o ser humano actual. Coñece os trazos básicos que distingues aos homes dos simios |
| ▪ XHB3.7.1. Distingue etapas dentro da historia antiga. | Usa sen erros significativos a periodización convencional da Idade Antiga |
| ▪ XHB3.8.1. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos. | Emprega, cando se lle indica, datacións correctas como referencia temporal na localización dos feitos e procesos históricos, situándoos en eixes cronolóxicos ou en mapa históricos |
| ▪ XHB3.9.1. Explica a diferenza entre os dous períodos en que se divide a prehistoria e describe as características básicas da vida en cada un.<br>▪ XHB3.9.2. Analiza a transcendencia da revolución neolítica e o papel da muller nela | Explica como se organizaban os primeiros cazadores e recolectores<br>Explica como vivían os poboados agrícolas e gandeiros do Neolítico: produción de alimentos, ferramentas, útiles...<br>Diferenza as etapas da Idade dos Metais: Idade do Cobre, Idade do Bronce e Idade do Ferro.<br>Coñece as distintas técnicas de traballo do metal |
| ▪ XHB3.10.1. Recoñece as funcións dos primeiros ritos relixiosos como os da "deusa nai". | Distingue os diferentes tipos de megálitos (menhir, dolmen e crómlech) e explicar como os construían.<br>Describe as principais características da arte mobiliar e das pinturas rupestres. |

| | |
|---|---|
| ▪ XHB3.11.1. Describe formas de organización socio-económica e política, novas ata entón, como os imperios de Mesopotamia e de Exipto. | Explica por que as primeiras civilizacións xurdiron á beira dos grandes ríos: o Éufrates, o Tigris e o Nilo.<br>Coñece a organización política e económica de Mesopotamia<br>Comprende e describir a vida e a sociedade dun poboado agrícola exipcio.<br>Identifica as características básicas da relixión exipcia. |
| ▪ XHB3.12.1. Diferencia entre as fontes prehistóricas (restos materiais e ágrafos) e as fontes históricas (textos). | Realiza comentarios de textos, de fontes documentais e de fontes materiais. |

| | |
|---|---|
| ▪ XHB3.13.1. Interpreta un mapa cronolóxico-xeográfico da expansión exipcia. | Sitúa no espazo e no tempo as civilizacións mesopotámica e exipcia. |
| ▪ XHB3.13.2. Describe as principais características das etapas históricas en que se divide Exipto. | Recoñece as primeiras cidades Estado e os primeiros imperios da civilización de Mesopotamia.<br>Caracteriza a evolución e o desenvolvemento do Exipto dos faraóns. |
| ▪ XHB3.14.1. Explica como materializaban os exipcios a súa crenza na vida do alén. | Recoñece e describir os templos exipcios.<br>Relaciona as tumbas exipcias (mastaba, pirámide e hipoxeo) coa crenza da inmortalidade<br>Realiza un mapa conceptual cos principais deuses do panteón exipcio<br>Coñece o proceso de momificación |
| ▪ XHB3.14.2. Realiza un mapa conceptual cos principais deuses do panteón exipcio | Recoñece as principais atribucións de Ra, Amón, Isis e Osiris |
| ▪ XHB3.15.1. Localiza nun mapa os principais exemplos da arquitectura exipcia e da mesopotámica. | Identifica e sitúa nun mapa os principais exemplos da arquitectura exipcia e mesopotámica |
| ▪ XHB3.16.1. Identifica trazos da organización socio-política e económica das polis gregas a partir de fontes históricas de diferentestipos | Describe os principais trazos da organización social e política de Esparta e de Atenas.<br>Coñece a organización poítica da civilicación grega (polis) |
| ▪ XHB3.16.2. Describe algunhas das diferenzas entre a democracia grega e as democracias actuais. | Emite xuízos sobre a calidade democrática da democracia ateniense. |
| ▪ XHB3.17.1. Localiza nun mapa histórico as colonias gregas do Mediterráneo. | Localiza os fluxos migratorios e as colonias gregas da Mediterránea. |
| ▪ XHB3.18.1. Describe o Imperio de Alexandre Magno | Elabora un mapa do imperio de Alexandre. |

| | |
|---|---|
| ▪ XHB3.18.2. Contrasta as accións políticas da Atenas de Pericles co imperio de Alexandre Magno. | Explica o dominio da Hélade desde a hexemonía de Atenas ata a conquista por parte da Macedonia de Filipo IV e Alexandre Magno. |
| ▪ XHB3.19.1. Explica as características esenciais da arte grega e a súa evolución no tempo. | Explica as características esenciais da arte grega e a súa evolución no tempo. Describir as características da arquitectura clásica grega<br>Detallar as características da pintura e o mosaico das culturas clásicas. |
| ▪ XHB3.20.1. Confecciona un mapa coas etapas da expansión de Roma. | Confecciona, sen erros significativos, un mapa coas etapas da expansión de Roma. |

| | | |
|---|---|---|
| ▪ XHB3.20.2. Identifica diferenzas e semellanzas entre as formas de vida republicanas e as do imperio na Roma antiga. | Describe a evolución e as características da Roma republicana (séculos I-V a.C.).<br>Deduce as causas da expansión territorial de Roma, da crise da República e da morte de Xulio César.<br>Explica as características do Imperio romano (séculos I-V d.C.) e os beneficios da *pax* romana<br>Diferenza as clases sociais da Roma urbana: ricos, pobres, escravos e libertos | PE<br>C<br>T<br>OU |
| ▪ XHB3.21.1. Compara obras arquitectónicas e escultóricas de época grega e romana. | Identifica e ser capaz de comparar obras arquitectónicas e escultóricas de época grega e romana<br>Explica o idealismo e o realismo na escultura relacionándoo coa arte grega e a arte romana. | OU |
| ▪ XHB3.22.1. Fai un mapa da Península Ibérica onde se reflicten os cambios administrativos en época romana. | Explica os, sobre un mapa, os cambios e as transformacións que experimentaron as cidades e a economía de Hispania como provincia do Imperio romano.<br>Identifica as principais cidades e vías de comunicación de Hispania.<br>Coñece os principais acontecementos das guerras entre Roma e Cartago e describir as diferentes fases da conquista romana de Hispania | OU |
| ▪ XHB3.22.2. Analiza exemplos do legado romano que sobreviven na actualidade. | Recoñece a importancia da herdanza romana na nosa cultura e patrimonio.<br>Coñece as obras públicas e as manifestacións artísticas da época romana que se conservan no noso territorio. | 0U |
| ▪ XHB3.22.3. Entende o que significou a romanización en distintos ámbitos sociais e xeográficos. | Describe, con algúns exemplos pertinente, a transcendencia da romanización e recoñece a pertenza de Hispania á unidade do mundo mediterráneo creada por Roma. | OU |

## 5. UNIDADES DIDÁCTICAS. TEMPORALIZACIÓN.

A distribución de contidos ao longo do curso, contidos a través dos cales se persegue a consecución dos obxectivos previstos e a aplicación dos correspondentes criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliables, é a seguinte:

| | UNIDADES DIDÁCTICAS/TEMAS | | | |
|---|---|---|---|---|
| | UD/ Tema | Bloque | Contido | Temporalización (sesións) |
| 1ª avaliación | BLOQUE 1: O MEDIO FÍSICO | | | |
| | 1 | B 1.1 | A Terra: a Terra no Sistema Solar | 6 |
| | | B 1.2 | Representación da Terra. Escala e linguaxe cartográfica | |
| | | B 1.3 | Proxeccións e sistemas de coordenadas. Imaxes de satélite e os seus principais usos | |
| | | B 1.4 | Localización. Latitude e lonxitude | |
| | 2 | B 1.5 | Trazos principais do relevo do mundo. Clima: elementos e factores. Diversidade climática no planeta. | 9 |
| | 3 | B 1.6 | Medio físico do mundo e de Europa: relevo e hidrografía. | 15 |
| | | B 1.7 | Medio natural europeo: principais trazos | |
| | | B 1.8 | Unidades do relevo do espazo xeográfico europeo. | |
| | | B 1.9 | Conxuntos bioclimáticos do espazo xeográfico europeo | |
| | | B 1.10 | Diversidade de espazos naturais europeos. | |
| | | B 1.11 | Medio natural: áreas e problemas ambientais. | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 2ª avaliación | **BLOQUE 3: A HISTORIA** | | | |
| | 4 | B 3.1 | Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia | 5 |
| | | B 3.2 | Fontes históricas | |
| | | B 3.3 | Cambio e continuidade | |
| | | B 3.4 | Tempo histórico | |
| | | B 3.5 | Vocabulario histórico e artístico | |
| | 5 | B 3.6 | Evolución das especies e a hominización. | 9 |
| | | B 3.7 | Periodización da Prehistoria e a Idade Antiga. | |
| | | B 3.8 | Prehistoria e Idade Antiga: visión global. | |
| | | B 3.9.1 | Paleolítico: etapas; características das formas de vida; cazadores colectores | |
| | | B 3.9.2 | Neolítico: revolución agraria e expansión das sociedades humanas; sedentarismo; artesanía e comercio; organización social. | |
| | | B 3.9.3 | Prehistoria galega: megalitos e petróglifos. | |
| | | B 3.10 | Aparición dos ritos: restos materiais e artísticos; pintura e escultura. | |
| | 6 | B 3.11 | Idade Antiga: primeiras civilizacións urbanas. Mesopotamia e Exipto. Sociedade, economía e política | 8 |
| | | B 3.12 | Idade Antiga: invención da escritura | |
| | | B 3.13 | Idade Antiga: historia de Exipto. | |
| | | B 3.14 | Idade Antiga: relixión exipcia. | |
| | | B 3.15 | Idade Antiga: arte en Mesopotamia e Exipto | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 3ª avaliación | 7 | B 3.16 | Mundo clásico. Grecia: as "polis" gregas e a súa expansión. | 12 |
| | | B 3.17 | Mundo clásico. Grecia: expansión comercial e política das polis gregas. | |
| | | B 3.18 | Mundo clásico. Imperio de Alexandre Magno e os seus sucesores: helenismo | |
| | | B 3.19 | Mundo clásico. Grecia e o helenismo: arte, ciencia, teatro e filosofía. | |
| | 8 | B 3.20 | Mundo clásico: orixe e etapas da historia de Roma. República e imperio: organización política e expansión colonial polo Mediterráneo. Cristianismo | 11 |
| | | B 3.21 | Mundo clásico. Arte romana: arquitectura, escultura e pintura | |
| | 9 | B 3.22 | Península Ibérica: pobos prerromanos; Hispania romana; Gallaecia. Proceso de romanización. A cidade e o campo. | 6 |

## 6. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

Entendemos que a función do ensino é facilitar a aprendizaxe dos alumnos e das alumnas, axudándoos a construír, adquirir e desenvolver as Competencias Clave que lles permitan integrarse na sociedade do coñecemento e enfrontar os continuos cambios que impoñen en todas as ordes da nosa vida os rápidos avances científicos e a nova economía global.

A inclusión das competencias clave no currículo ten como finalidade que os alumnos e as alumnas a) poidan facer posible o pleno exercicio da cidadanía no marco da sociedade de referencia; b) constrúan un proxecto de vida satisfactorio; c) acaden un desenvolvemento persoal emocional e afectivo equilibrado; e d) accedan a outros procesos educativos e formativos posteriores con garantías de éxito.

En función do exposto propoñémonos como obxectivo metodolóxico fundamental acadar a funcionalidade das aprendizaxes. Por aprendizaxe funcional entendemos que as competencias poidan ser aplicadas e transferidas a situacións e contextos diferentes para lograr diversos obxectivos, resolver diferentes tipos de problemas e levar a cabo diferentes tipos de tarefas.

A esta funcionalidade cabe darlle outra dimensión: que os alumnos e alumnas aprendan a aprender. Un aprendiz competente é aquel que coñece e regula os seus procesos de construción do coñecemento, tanto desde o punto de vista cognitivo como emocional, e pode facer un uso estratéxico dos seus coñecementos, axustándoos ás circunstancias específicas do problema ao que se enfronta

Xa que logo, o tratamento metodolóxico da materia axustarase ao nivel competencial inicial do alumnado, partindo cando cumpra de aprendizaxes máis simples, respectando ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade. A exposición dos temas por parte da profesora (lección maxistral participativa) compatibilizarase con metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo e a aprendizaxe por proxectos estean presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de xeito especial as tecnoloxías da información e da comunicación e cun enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas. Neste sentido, concíbese o labor docente como orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial do alumnado.

## 7. DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA ANTE POSIBLES ESCENARIOS DIFERENTES EN FUNCIÓN DA SITUACIÓN SANITARIA

A ameaza da COVID-19 segue presente neste curso 2021-2022, polo que as posibilidades dun cambio de escenario no desenvolvemento das actividades lectivas, tal e como sucedeu o curso pasado, son evidentes. Deste modo, o modelo metodolóxico exposto con anterioridade está previsto para un escenario habitual de actividades lectivas presenciais. Agora ben, ante a posibilidade dunha actividade lectiva semipresencial e/ou non presencial, os instrumentos educativos serán diferentes, cobrando unha prioridade absoluta os recursos dixitais. Ademais, e tal como aconteceu o pasado curso, se se considerara necesario, faríase unha adaptación desta programación no referido a contidos, aprendizaxes e instrumentos de avaliación. Esta adaptación sería comunicada de forma clara e precisa ao alumnado e ás familias.

Atendendo á posibilidade dunha suspensión parcial ou total das actividades presenciais, e á vista da experiencia do pasado curso, o Departamento de Xeografía e Historia porá en marcha tres ferramentas dixitais que garantan un desenvolvemento axeitado do proceso de ensino-aprendizaxe:

a) **Aula virtual**: ao inicio do curso presentarase ao alumnado esta ferramenta, explicándolle o seu funcionamento, o acceso á mesma e as actividades que se desenvolverán nesta aplicación. Ademais de proporcionarlle materiais variados (textos, gráficos e mapas, presentacións, contidos teóricos...), na aula virtual tamén se realizarán diferentes probas e traballos por parte do alumnado (comentarios de textos, mapas ou calquera outra fonte histórica; pequenos traballos de investigación histórica; probas escritas de avaliación). Estas probas e traballos serán os "instrumentos" de avaliación empregados para a cualificación dos alumnos.

b) **Cisco Webex Meetings**: a través desta aplicación de videoconferencia, pretendemos desenvolver "clases virtuais" na que o profesor poida expoñer ao alumnado explicacións teóricas e prácticas sobre os diversos temas, contidos e actividades do curso. Ademais das explicacións "maxistrais" (que sempre son necesarias), estas clases virtuais servirían para que o alumnado expusera dúbidas ou reclamara aclaracións a calquera exercicio ou traballo proposto.

No que se refire ao número de clases virtuais semanais, será o centro o que indique cantas serán atendendo ás diversas variables posibles (especialmente os recursos dixitais de que dispoña o alumnado). Tendo en conta que neste curso o número de sesións lectivas

semanais é de 3, consideramos que, á vista do acontecido no curso pasado e da natureza especial deste tipo de actividades, o número de clases virtuais semanais debería ser de 1 ou 2 (máis clases telemáticas poden resultar esgotadoras para o alumnado, ademais de que este precisará tempo para realizar as diferentes tarefas que se lle indiquen na aula virtual). O horario destas clases deberá ser consensuado polo equipo docente.

c) **Correo electrónico**: servirá como instrumento de comunicación entre o alumnado e as súas familias co profesor. A través deste correo electrónico o alumnado poderá enviar ao profesor as dúbidas ou aclaracións que considere oportunas (o que tamén poderá facer nas videoconferencias), así como traballos ou exercicios no caso de que houbera problemas coa aula virtual.

Pola súa parte, as familias tamén empregarán este correo electrónico para poñerse en contacto co profesor e plantexar calquera cuestión referida á actividade educativa dos seus fillos/as. É dicir, empregarase como unha "titoría virtual".

## 8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR.

Libro de texto: *Xeografía e Historia 1*, Editorial Vicens Vives

Caderno do alumno

Recursos dixitais de deseño propio e obtidos da rede

Mapas, atlas e recursos bibliográficos do departamento e da biblioteca do IES

## 9. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

**O referente para avaliar as aprendizaxes do alumnado son os criterios de avaliación e a súa concreción nos estándares de aprendizaxe avaliables**. No deseño das situacións de aprendizaxe tomaranse en consideración todos os elementos do currículo, entre eles os procedementos e os instrumentos de avaliación, así como os criterios de cualificación que permitan avaliar tanto os resultados da materia como o nivel competencial alcanzado polos alumnos e as alumnas.

No tocante aos **procedementos**, empregarase a observación sistemática do traballo do alumnado; levaranse a cabo probas escritas, orais, etc segundo permita a materia e o grao de traballo do alumnado; desenvolverase un protocolo de rexistro en torno á actividade de cada alumno e alumna; revisarase periodicamente o caderno do alumno. En todo caso, tomaranse en consideración o cumprimento por parte do alumnos dos deberes recollidos no R.D. 732/1.995, e nas NOF do IES.

O anterior concrétase nos seguintes **instrumentos** de avaliación: caderno do alumno e probas.

O peso dos diferentes instrumentos de avaliación serán:

Un 80% para as diversas probas: dentro destas probas entenderase as probas escritas ( exames), así como diversos traballos que, dependendo da posibilidade do curso, do temario, e dentro da adaptación da materia as capacidades do grupo, o que permite ter unha metodoloxía flexible para a práctica docente e a consecución das competencias marcadas. O peso de ambas probas, no caso de poderse realizar os traballos) será de 60% a proba tipo ( exame), e 20% os traballos.

E un 20% para as actividades marcadas diariamente, así como a actitude que o alumno amose cara a materia.

Dentro do seguimento da materia e de cada proba ponderada, terase en conta a presentación,a ortografía e o razonamento ante as preguntas ( teóricas, mapas, imaxes, etc)

En cada unha destas probas, o alumnado deberá amosar a adquisición e dominio dos estándares de aprendizaxe recollidos no punto 4 desta programación. A cualificación numérica de cada avaliación obterase tanto dos resultados das probas como das tarefas recollidas no caderno do alumnado. O cálculo desta cualificación realizarase atendendo as porcentaxes recollidas. Un alumno superará a materia cando a media das cualificacións dos temas examinados sexa como mínimo 5.

**A avaliación final** será unha media das distintas avaliacións. Amosarase unha avaliación contínua na que o peso das distintas avaliacións será diferente atendendo á adaptación do alumnado ao curso e á materia así o peso de cada avaliación na nota final será:

1º avaliación: 30 % da nota final

2º avaliación: 30% da nota final

3 º avaliación: 40% da nota final.

Aqueles alumnos que non aproben unha avaliación, poderán realizar un exame de recuperación posterior en cada unha delas. Asimesmo, no mes de xuño, haberá un exame de recuperación global das avaliacións non superadas, ao que poderán presentarse aqueles alumnos que tiveran suspensas unha ou dúas avaliacións.

A cualificación final da materia, para o alumnado que superou as tres avaliacións, será a media de ditas avaliacións. O alumnado que non supere o exame de recuperación

final de xuño suspenderá a materia e poderá realizar un exame extraordinario ao final do curso nas datas marcadas pola administración, no que deberá examinarse da totalidade da materia (e non só da avaliación ou avaliacións suspendidas durante o curso).

A falta de asistencia a un exame deberá ser xustificada formalmente. De non ser así, o alumno non terá dereito a repetilo. A alteración do desenvolvemento normal dun exame (actitude incorrecta, suplantación ou copia por calquera procedemento fraudulento...) dará lugar a unha cualificación de insuficiente na nota global da avaliación, independentemente das cualificacións acadadas ao longo do período. Si poderá presentarse á proba de recuperación da que se fala máis adiante.

## 10. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Ao non poder establecerse unha hora de clase semanal, o alumnado que curse 2º da ESO coa materia de 1º pendente acudirá ao departamento, previa cita co profesor, sempre que teñan dubidas ou necesiten orientación. Os obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe serán os expostos nesta programación.

O alumno realizará os traballos sobre aquelas unidades didácticas que lle marque o profesor. Ademais, realizaranse probas escritas seguindo o modelo descrito con anterioridade. A cualificación destas probas e traballos, así como os criterios de avaliación serán os mesmos que se indicaron no punto 9.

O alumnado coa materia pendente que non superase a mesma cos traballos e exames realizados ao longo do curso, tamén terá un exame final na data establecida polo centro.

## 11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

A avaliación inicial incidirá na obtención de información sobre os coñecementos previos do alumnado e o grao de desenvolvemento das competencias clave. A avaliación incluirá a análise dos informes do curso anterior e completarase coa información obtida a través do titor. A maiores, a observación do traballo diario nos primeiros días do curso terá relevancia significativa.

A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

## 12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

É importante ter en conta que os alumnos poden acceder cun grao de desenvolvemento intelectual diferente e que aprenden de forma distinta. A atención a este tipo de diversidade abórdase desde as diversas posibilidades de programación das actividades de aprendizaxe, que, por un lado, se organizan segundo a súa dificultade, establecéndose ó principio cuestións sinxelas, concretas e descritivas, para pasar despois a outras complexas, abstractas e explicativas. Por outro lado, combínanse diferentes formas de aprendizaxe, presentando materiais, actividades e instrumentos de traballo variados co fin de conseguir un mesmo obxectivo didáctico. Caso de ser preciso, proporanse adaptacións do currículo non significativas, o que poderá implicar adaptación dos tempos, dos métodos, dos recursos e mesmo dos instrumentos de avaliación.

De haber alumnos cun desfase curricular evidente, deseñaríase a preceptiva adaptación curricular significativa, modificando os elementos prescriptivos do currículo en función das necesidades dos alumnos afectados.

## 13. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN AO LONGO DO CURSO.

Traballarase de xeito significativo a comprensión lectora, a expresión oral e escrita e as tecnoloxías da información e da comunicación. Así mesmo, promoverase o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social. Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual e transexual

En contacto co resto do profesorado do grupo, traballarei na prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como na interiorización por parte do alumnado dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia e o respecto aos dereitos humanos.

## 14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

A realización das distintas actividades complementarias e extraescolares, virán marcadas pola situación epidemiolóxica que marquen as autoridades sanitarias.

Viaxes culturais; charlas; visitas a exposicións (segundo os acontecementos ofertados pola cidade e a Consellería ao longo do curso).

## 15. ACCIÓNS PREVISTAS EN RELACIÓN CO PROXECTO LECTOR E CO PLAN TIC

En consonancia co Proxecto Lector que ten como finalidade fomentar a lectura comprensiva e crear hábitos lectores no alumnado, o Departamento de Xeografía e Historia: Traballa coa lectura, comprensión e comentario de textos xeralmente complementarios ao tema impartido. Dita actividade vai explícita no día a día da materia.

Esta actividade, indispensable nas Ciencias Sociais, completase con elaboracións escritas e as suxestións ou obrigatoriedade, segundo as circunstancias, de lecturas de obras ou textos e a elaboración de traballos escritos, en período vacacional, nos que os alumnos deberán non solo demostrar os seus coñecementos senón tamén a súa capacidade de síntese e crítica

No tocante ás TIC o obxectivo que se pretende desde o Departamento de Xeografía e Historia é familiarizarse e acostumarse ao emprego das novas tecnoloxías e ter destrezas no seu emprego. Que os alumnos saiban empregar de forma racional as TIC, e ademais aproveiten tódolos recursos que teñen á súa disposición.

Segundo a marcha do curso e o requirimento do tema:

• Visionado de fragmentos de películas en coherencia cos conceptos traballados.
• Emprego de medios audiovisuais (PPT) nas explicacións do temario.
• Busca de información na aula e informática.

## 16. CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA DO CENTRO.

Promoverase nas aulas o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social. Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual e transexual

En contacto co resto do profesorado do grupo, traballarase na prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como na interiorización por parte do alumnado dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia e o respecto aos dereitos humanos

## 17. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Ao remate do curso analizarase a o proceso de ensino aprendizaxe e a práctica docente co fin de comprobar:

- Se a planificación foi axeitada: o número e duración das actividades propostas, o nivel de dificultade, o interese para o alumnado, a significatividade para o proceso de aprendizaxe, se se basearon nos intereses do alumnado, se se aprendeu dun xeito colaborativo...
- Se se traballaron todos os contidos previstos. Na medida en que isto se verá mediatizado polas características de cada grupo e polos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, considerarase axeitado superar o 80% dos contidos propostos.
- Se os materiais e recursos utilizados resultaron accesibles, atractivos e suficientes
- Se se conseguiu motivar ao alumnado, espertar a súa curiosidade e ofrecerlles a axuda axeitada para facelos progresar. Tamén se todos participaron activamente e conseguiron o nivel máximo de desenvolvemento.
- Se se aplicaron os procedementos de avaliación programados e se aplicaron os criterios de cualificación propostos
- Se os resultados académicos estiveron en consonancia coas características do alumnado e do grupo. Sendo ideal acadar un 100% de aprobados tras da avaliación extraordinaria de setembro, fíxase o indicador de logro neste apartado nun 75%

## 18. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

En base aos indicadores de logro sinalados, o departamento analizará periodicamente na súa reunión a marcha da programación das distintas materias. Dito análise quedara recollido no libro de actas.

Unha vez rematadas as avaliacións, os seus resultados serán analizados de forma detallada na seguinte reunión. De ser o caso, tomaranse as medidas oportunas para corrixir as desviacións da programación , que quedarán recollidas no libro de actas.

Finalmente, ao rematar o curso, farase unha análise detallada tanto da programación como do seu grado de cumprimento, a partir dos indicadores de logro sinalados no

apartado anterior. Tal análise se recollerá na memoria do departamento. Así mesmo, estableceranse as propostas de mellora para a programación didáctica do próximo curso

## 19. CONSTANCIA DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO

Os puntos esenciais da programación poderanse consultar na web do IES. Ademais o primeiro día de clase, informarase ao alumnado de todos os aspectos da programación da materia, principalmente os contidos da mesma, os estándares de aprendizaxe avaliables e os mínimos para superar a materia. Tamén a temporalización prevista, a metodoloxía didáctica, os procedementos e os instrumentos de avaliación, os criterios e sistema de cualificación e o programa e, de ser o caso, as actividades de reforzo e recuperación de alumnos coa materia pendente. Como marca a lei a programación estará a disposición dos alumnos para a súa consulta na Xefatura do Departamento e na Xefatura de Estudos.

Poderase entregar o alumno un resumo dos apartados descritos anteriormente. Tamén se lle indicará ao alumnado o material necesario para as clases e, se compre, unha breve información sobre a bibliografía que poden consultar. Finalmente informarase sobre as actividades complementarias e extraescolares que o departamento ten previsto realizar no presente curso.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

**XEOGRAFÍA E HISTORIA**

**2º ESO**

**CURSO 2021-2022**

***I.E.S. O Couto (Ourense)***

# Índice

*1. Introdución e contextualización .................................................... 4*

*2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave .......... 4*

*3. Concreción dos obxectivos para o curso ...................................... 5*

*4. A) Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, competencias clave e peso na cualificación .............. 7*

*4. B) Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe .... 12*

*5. Unidades didácticas: temporalización ........................................... 15*

*6. Metodoloxía didáctica .................................................................... 17*

*7. Desenvolvemento da programación didáctica ante posibles escenarios diferentes en función da situación sanitaria.................... 18*

*8. Materiais e recursos didácticos e empregar ................................. 19*

*9. Procedemento de avaliación. Instrumentos de avaliación. Criterios de cualificación .................................................................. 19*

*10. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes .................................................... 21*

*11. Avaliación inicial e medidas individuais e colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados .................... 21*

*12. Medidas de atención á diversidade .............................................. 22*

*13. Concreción dos elementos transversais que se traballarán durante o curso .......................................................................... 22*

*14. Actividades complementarias e extraescolares ............................ 23*

*15. Accións previstas en relación co Plan Lector e co Plan TIC ......... 23*

*16. Contribución ao Plan de Convivencia do centro .......................... 24*

*17. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e práctica docente ........................................................................................ 24*

*18. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora ........................................................................ 25*

*19. Constancia de información ao alumnado ...................................... 25*

## 1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

A presente programación didáctica constitúe o terceiro nivel de concreción curricular. Toma como referencia de partida o *DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia* (1º nivel de concreción) e o proxecto educativo do IES O Couto. Á súa vez, representa a base do último nivel de concreción, a programación de aula para o desenvolvemento das unidades didácticas previstas.

A proposta está deseñada para un IES público situado nun contexto urbano, a cidade de Ourense, e máis concretamente no barrio que lle da nome ao IES, O Couto. O ISEC (índice de estatus social, económico, e cultural) do centro podería ser cualificado como de medio. Predomina o alumnado castelán falante, resultando significativa a presenza de alumnos procedentes do estranxeiro, en particular de América do Sur. Todas estas variables teñen que ser tidas en conta á hora de deseñar as actividades de aula propostas.

## 2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

As competencias defínense como capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

As competencias clave do currículo son as seguintes:

*Comunicación lingüística (CCL).*

*Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).*

*Competencia dixital (CD).*

*Aprender a aprender (CAA).*

*Competencias sociais e cívicas (CSC).*

*Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).*

*Conciencia e expresións culturais (CCEC).*

A achega da materia de Xeografía e Historia ao desenvolvemento das competencias clave é moi salientable. A través da materia se desenvolven competencias que na práctica funcionan como propias (as competencias sociais e cívicas, en relación

con contidos propios tanto de Historia como de Xeografía, e a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, en Xeografía); a competencia de conciencia e expresións culturais ten unha presenza destacada pola relación que o estudo das manifestacións artísticas e a evolución do pensamento e da cultura teñen na historia, e de maneira específica na historia da arte. A importancia que a materia ten para o desenvolvemento da competencia de sentido da iniciativa e espírito emprendedor evidénciase na dimensión conceptual desa competencia posta en relación con coñecementos de xeografía e historia económicas, pero tamén na dimensión máis procedemental dela. O desenvolvemento das competencias de comunicación lingüística e dixital, e de aprender a aprender, impregnan todo o currículo de Xeografía e Historia, pois presentan unha dimensión instrumental que nos obriga a telas presentes ao longo dos catro cursos de ESO.

No cadro do apartado 4 da presente programación establécense as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación. Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deseñaranse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

## 3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO

A Xeografía e Historia de 2º da ESO contribuirá á consecución dos seguintes obxectivos de entre os fixados para esta etapa educativa polo currículo:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

# 4. A) OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS CLAVE E PESO NA CUALIFICACIÓN

| *Tema* | *Obxectivos* | *Comp. clave* | *Identif. contido* | *Criterio avaliación* | *Estándar aprendizaxe* | *Peso cualificación* |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | f/l/ñ | CSC<br>CCEC | B 3.1 | B3.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles | XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado. | 10% |
| | g/l/ñ | CSC<br>CAA | B 3.2 | B3.2. Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferenzas entre interpretacións de fontes diversas. | XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas. | 50% |
| | | CSC<br>CAA | | | XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estas restos materiais ou textuais. | 10% |
| | l/ñ | CSC<br>CMCCT | B 3.3 | B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación. | XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.<br>***Aplicacable a todos os temas*** | 0% |
| | | CSC<br>CMCCT | | | XHB3.3.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.<br>***Aplicacable a todos os temas*** | 0% |
| | f/l/ñ | CSC<br>CMCCT | B 3.4 | B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía). | XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. | 30% |
| | l/h/ñ | CSC<br>CCL | B 3.5 | B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado. | XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.<br>***Aplicacable a todos os temas*** | 0% |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 2 | g/l | CSC CAA | B 3.6 | B3.6. Caracterizar a alta Idade Media en Europa e recoñecer a dificultade da falta de fontes históricas neste período | XHB3.6.1. Utiliza as fontes históricas e entende os límites do que se pode escribir sobre o pasado. | 20% |
| | a/c/d/ g/l | CSC CAA | B 3.7 | B3.7. Describir a nova situación económica, social e política dos reinos xermánicos | XHB3.7.1. Compara as formas de vida (en diversos aspectos) do Imperio Romano coas dos reinos xermánicos | 80% |
| | | | | | | |
| 3 | a/c/d/ f/h/l/n | CSC CCEC | B 3.9 | B3.9. Analizar a evolución dos reinos cristiáns e musulmáns, nos seus aspectos socioeconómicos, políticos e culturais | XHB3.9.1. Comprende as orixes do Islam e o seu alcance posterior. | 40% |
| | | CSC CCEC CMCCT CCL | | | XHB3.9.2. Explica a importancia de Al-Andalus na Idade Media. | 40% |
| | l/h/n/ñ | CSC CCEC CCL | B 3.12 | B3.12. Comprender as características e as funcións da arte na Idade Media. | XHB3.12.1. Describe características da arte románica, gótica e islámica. | 20% |
| | | | | | | |
| 4 | a/c/d/g/ l | CSC | B 3.8 | B3.8. Explicar a organización feudal e as súas consecuencias | XHB3.8.1. Caracteriza a sociedade feudal e as relacións entre señores e campesiños. | 100% |
| | | | | | | |
| 5 | g/h/l/n/ ñ | CSC CAA | B 3.10 | B3.10. Entender o proceso das conquistas e a repoboación dos reinos cristiáns na Península Ibérica e as súas relacións con Al-Andalus | XHB3.10.1. Interpreta mapas que describen os procesos de conquista e repoboación cristiás na Península Ibérica. | 50% |
| | | CSC CCEC CCL | | | XHB3.10.2. Explica a importancia do Camiño de Santiago. | 50% |
| | | | | | | |
| 6 | l/h/n/ñ | CSC CCEC CCL | B 3.12 | B3.12. Comprender as características e as funcións da arte na Idade Media | XHB3.12.1. Describe características da arte románica, gótica e islámica | 100% |
| | | | | | | |
| 7 | l | CSC | B 3.11 | B3.11. Entender o concepto de crise e as súas consecuencias económicas e sociais. | XHB3.11.1. Comprende o impacto dunha crise demográfica e económica nas sociedades medievais europeas. | 100% |
| | | | | | | |
| 8 | l/h/n/ñ | CSC CCEC CCL | B 3.12 | B3.12. Comprender as características e as funcións da arte na Idade Media | XHB3.12.1. Describe características da arte románica, gótica e islámica | 100% |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 9 | b/e/f/g | CAA CMCCT CD | B 1.1 | B1.1. Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou nunha imaxe de satélite, utilizando datos de coordenadas xeográficas | XHB1.1.1. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa de España e de Galicia, utilizando datos de coordenadas xeográficas. | 10% |
| | b/e/f/g/ h | CAA CMCCT CD CCL | B 1.2 | B1.2. Ter unha visión global do medio físico de España e de Galicia, e das súas características xerais. | XHB1.2.1. Enumera e describe as peculiaridades do medio físico español e galego | 10% |
| | b/e/f/g/ h | CAA CMCCT CD | B 1.3 | B1.3. Situar no mapa de España as unidades e os elementos principais do relevo peninsular, así como os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos. | XHB1.3.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo español. | 10% |
| | | CAA CMCCT CD/ CCL | | | XHB1.3.2. Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de España | 5% |
| | b/e/f/g/ h | CAA CMCCT CD | B 1.4 | B1.4. Situar no mapa de Galicia as unidades e os elementos principais do relevo, así como os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos | XHB1.4.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo galego | 10% |
| | | CAA CMCCT CD CCL | | | XHB1.4.2. Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de Galicia | 5% |
| | b/e/f/g/ h | CAA CMCCT CD CCL | B 1.5 | B1.5. Coñecer e describir os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico español e galego | XHB1.5.1. Localiza nun mapa os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos de España | 10% |
| | | CAA CMCCT CD | | | XHB1.5.2. Analiza e compara as zonas bioclimáticas españolas utilizando gráficos e imaxes. | 5% |
| | | CAA CMCCT CD | | | XHB1.5.3. Localiza nun mapa os espazos bioclimáticos de Galicia. | 10% |
| | b/e/f/g/ m | CAA CMCCT CD | B 1.6 | B1.6. Coñecer os principais espazos naturais de España e de Galicia | XHB1.6.1. Distingue e localiza nun mapa as paisaxes de España e de Galicia. | 5% |
| | b/c/e/f | CAA CMCCT CSC CD | B 2.8 | B2.8. Coñecer os principais espazos naturais protexidos a nivel peninsular e insular | XHB2.8.1. Sitúa os parques naturais españois nun mapa, e explica a situación actual dalgúns deles | 5% |
| | b/e/f/g/ h/m/ñ | CAA CMCCT CD CCL | B 1.7 | B1.7. Coñecer, describir e valorar a acción do ser humano sobre o ambiente español e galego, e as súas consecuencias. | XHB1.7.1. Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais en España e en Galicia, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles | 5% |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | b/c/e/f/ g/h/m/ñ | CAA CMCCT CSC CD CCL | B 2.10 | B2.10. Coñecer e analizar os problemas e os retos ambientais que afronta España, a súa orixe e as posibles vías para afrontar estes problemas. | XHB2.10.1. Compara paisaxes humanizadas españolas segundo a súa actividade económica | 5% |
| | b/c/e/f/ g/h/m/ñ | CAA CMCCT CSC CD CCL | B 2.9 | B2.9. Identificar as principais paisaxes humanizadas españolas e galegas, e identificalas por comunidades autónomas | XHB2.9.1. Clasifica as principais paisaxes humanizadas españolas a través de imaxes | 5% |
| | | | | | | |
| 10 | b/c/e/f/ g | CAA CMCCT CSC CD | B 2.1 | B2.1. Comentar a información en mapas do mundo sobre a densidade de poboación e as migracións. | XHB2.1.1. Localiza no mapa mundial os continentes e as áreas máis densamente poboadas. | 30% |
| | | CAA CMCCT CSC CD | | | XHB2.1.2. Explica o impacto das ondas migratorias nos países de orixe e nos de acollemento | 30% |
| | b/c/e/f/ g/h | CAA CCL CSC CD | B 2.2 | B2.2. Analizar a poboación europea no relativo á súa distribución, evolución e dinámica, e ás súas migracións e políticas de poboación. | XHB2.2.1. Explica as características da poboación europea | 30% |
| | | CAA CMCCT CSC CD CCL | | | XHB2.2.2. Compara entre países a poboación europea segundo a súa distribución, a súa evolución e a súa dinámica. | 10% |
| | | | | | | |
| 11 | b/c/e/f/ g/h | CAA CMCCT CSC CD CCL | B 2.3 | B2.3. Analizar as características da poboación española, a súa distribución, dinámica e evolución, e os movementos migratorios | XHB2.3.1. Explica a pirámide de poboación de España e das súas comunidades autónomas. | 35% |
| | | CAA CMCCT CSC CD CCL | | | XHB2.3.2. Analiza en distintos medios os movementos migratorios nas últimas tres décadas en España | 30% |
| | b/c/e/f/ g/h | CAA CMCCT CSC CD/ CCL | B 2.4 | B2.4. Analiza as características da poboación de Galicia, a súa distribución, dinámica e evolución, e os movementos migratorios | XHB2.4.1. Coñece o proceso da emigración galega, as súas etapas e os destinos principais. | 35% |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 12 | b/c/e/f/<br>g/h | CAA<br>CMCCT<br>CSC<br>CD<br>CCL | B 2.5 | B2.5. Sinalar nun mapamundi as grandes áreas urbanas, e identificar e comentar o papel das cidades mundiais como dinamizadoras da economía das súas rexións. | XHB2.5.1. Realiza un gráfico con datos da evolución do crecemento da poboación urbana no mundo. | 20% |
| | | CAA<br>CMCCT<br>CSC<br>CD<br>CCL | | | XHB2.5.2. Sitúa no mapa do mundo as vinte cidades máis poboadas, di a que país pertencen e explica a súa posición económica | 30% |
| | b/c/e/f/<br>g/h | CAA<br>CMCCT<br>CSC<br>CD<br>CCL | B 2.6 | B2.6. Comprender o proceso de urbanización, os seus proles e os seus contras en Europa. | XHB2.6.1. Resume elementos que diferencien o urbano e o rural en Europa. | 20% |
| | | CAA<br>CMCCT<br>CSC<br>CD<br>CCL | | | XHB2.6.2. Distingue os tipos de cidades do noso continente. | 20% |
| | b/c/e/f/<br>g/h/ñ | CAA<br>CMCCT<br>CSC<br>CD<br>CCL | B 2.7 | B2.7. Recoñecer as características das cidades españolas e galegas, e as formas de ocupación do espazo urbano | XHB2.7.1. Interpreta textos que expliquen as características das cidades de España e de Galicia, axudándose de internet ou de medios de comunicación escrita | 10% |

# 4. B) GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

| ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN |
|---|---|
| 1.1.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.<br>1.1.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.<br>1.1.4. Define correctamente vocábulos clave do tema | -Realiza eixes cronolóxicos nos que sitúa feitos históricos sucesivos e/ou simultáneos ***(aplicable a todos o contidos do curso)***<br>-Elabora mapas históricos sinxelos e/ou coméntaos ***(aplicable a todos o contidos do curso)***<br>- Emprega, sen erros significativos, o vocabulario histórico e artístico básico correspondente a cada etapa histórica das comprendidas no currículo da materia para este nivel ***(aplicable a todos o contidos do curso)*** |
| 1.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.<br>1.2.3. Define correctamente vocábulos clave do tema | -Nomea e identifica catro clases de fontes históricas. Entende o seu uso como fundamental para escribir a historia |
| 1.4.1. Sintetiza os rasgos caracterizadores da etapa medieval<br>1.4.2. Identifica os elementos diferenciadores das diversas etapas do período medieval e a súa cronoloxía<br>1.4.3. Define correctamente vocábulos clave do tema | -Coñece as etapas fundamentais da época medieval, a súa cronoloxía e os elementos caracterizadores das mesmas |
| 1.5.2. Diferencia as características económico-sociais e políticas dos reinos xermánicos en comparación co mundo romano<br>1.5.3. Analiza a continuidade e os cambios do imperio bizantino en relación co imperio romano<br>1.5.4. Define correctamente vocábulos clave do tema | -Coñece as características económicas e socio-políticas básicas dos pobos xermánicos e establece as diferenzas co mundo romano<br>-Explica que era o imperio bizantino, a súa cronoloxía e as súas características sincréticas de occidente e de oriente |
| 1.6.1. Caracteriza o modelo económico agrario do período medieval<br>1.6.2. Comprende a división social estamental definidora desta etapa<br>1.6.3. Identifica os elementos fundamentais do modelo político medieval: a monarquía feudal<br>1.6.5. Define correctamente vocábulos clave do tema | -Explica os rasgos esenciais do sistema económico, social e político do período medieval |
| 1.7.1. Elabora e explica un mapa histórico da expansión do Islam<br>1.7.2. Sintetiza as principais características do mundo islámico en contraste co mundo cristián<br>1.7.3. Resume as etapas básicas de al-Andalus<br>1.7.4. Define correctamente vocábulos clave do tema | -Coñece os rasgos básicos da civilización islámica, destacando as diferenzas co mundo cristián medieval<br>-Describe a expansión xeográfica do Islam<br>-Recoñece as tres etapas na evolución dos territorios de al-Andalus e a aportación islámica á civilización europea |
| 1.8.1. Interpreta mapas que describen o proceso de conquista cristiá na Península Ibérica.<br>1.8.3. Define correctamente vocábulos clave do tema | -Explica o proceso xeográfico e cronolóxico da reconquista e repoboación empregando mapas históricos<br>-Identifica os distintos reinos cristiáns xurdidos neste período na Península Ibérica |

| | |
|---|---|
| 1.9.1. Explica o crecemento económico da plena Idade Media en todos os sectores<br>1.9.2. Analiza o rexurdimento das cidades europeas como consecuencia da evolución económica e política<br>1.9.3. Define correctamente vocábulos clave do tema | -Coñece os rasgos básicos do crecemento económico europeo na plena Idade Media, facendo fincapé no papel das cidades renacidas |
| 1.10.1. Entende a crise agrícola como causa da crise demográfica<br>1.10.2. Comprende os conflitos sociais e políticos como resultado da crise económica<br>1.10.3. Define correctamente vocábulos clave do tema | -Explica os motivos económicos, sanitarios e socio-políticos da crise baixomedieval |
| 1.11.1. Describe características da arte románica, gótica e islámica.<br>1.11.2. Analiza a importancia do Camiño de Santiago como vía de penetración das novidades económicas, políticas e artísticas<br>1.11.3. Define correctamente vocábulos clave do tema | -Coñece os rasgos esenciais dos estilos artísticos medievais<br>-Explica o papel do Camiño de Santiago como vía de penetración das novidades na Península |
| 2.1. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa de España e de Galicia, utilizando datos de coordenadas xeográficas | -Identifica as liñas básicas do sistema de orientación xeográfica (meridianos, paralelos e liñas básicas imaxinarias) e sitúa lugares no mapa mediante a lonxitude e a latitude |
| 2.2.2. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo español e galego<br>2.3.1. Analiza os principais rasgos dos ríos españois e galegos<br>2.3.2. Sitúa nun mapa os princiais ríos da Península Ibérica<br>2.4.1. Localiza nun mapa os grandes espazos climáticos de España e Galicia<br>2.4.2. Interpreta climogramas sinxelos<br>2.5.1. Distingue e localiza nun mapa as paisaxes de España e de Galicia.<br>2.5.2. Define correctamente vocábulos clave do tema | -Sitúa correctamente nun mapa polo menos 7 de 10 elementos principais do relevo e os espazos físicos da Península Ibérica (con especial fincapé en Galicia): cadeas montañosas, ríos, chairas, mares, etc.<br>-Interpreta os rasgos esenciais dos climas peninsulares por medio de climogramas; sinala nun mapa a extensión xeográfica dos principais climas peninsulares<br>-Localiza e describe de forma sinxela os diferentes tipos de paisaxes de España e Galicia e coñece os factores condicionantes das paisaxes naturais |
| 3.1.1. Localiza no mapa mundial os continentes e as áreas máis densamente poboadas e as menos habitadas<br>3.1.2. Analiza de forma sinxela as diversas pirámides demográficas das poboacións do mundo<br>3.1.4. Identifica e comprende a través de mapas e esquemas os movementos migratorios mundiais, as súas causas e consecuencias<br>3.1.5. Define correctamente vocábulos clave do tema | -Sitúa correctamente nun mapa os territorios máis densamente poboados do mundo<br>-Comenta de forma sinxela os diversos tipos de pirámides demográficas, as poboacións a que corresponden e as causas e consecuencias que se poden derivar delas<br>-Clasifica as principais zonas de inmigración e emigración por continentes. Sinala algunhas causas sociais, económicas e naturais que provocan as migracións e as principais consecuencias |

| | |
|---|---|
| 3.2.1. Explica as características da poboación europea.<br>3.2.2. Compara entre países a poboación europea segundo a súa distribución, a súa evolución e a súa dinámica.<br>3.2.3. Define correctamente vocábulos clave do tema | -Localiza nun mapa as zonas máis e menos poboadas de Europa<br>-Sintetiza os rasgos esenciais das poboacións europeas, destacando os problemas do envellecemento |
| 3.3.1. Explica a pirámide de poboación de España e das súas comunidades autónomas.<br>3.3.2. Compara a distribución da poboación española a través de mapas<br>3.3.3. Analiza en distintos medios os movementos migratorios en España.<br>3.3.4. Comprende os problemas xurdidos da evolución demográfica de España<br>3.4.1. Explica a pirámide de poboación de Galicia<br>3.4.2. Compara a distribución da poboación galega a través dun mapa<br>3.4.3. Analiza en distintos medios os movementos migratorios en Galicia<br>3.4.4. Comprende os problemas xurdidos da evolución demográfica de Galicia | -Identifica o tipo de pirámides demográficas correspondentes a España e Galicia, así como as causas das mesmas e os problemas existentes<br>-Sinala en mapas a diferente distribución da poboación en España e Galicia e as causas desta diversidade<br>-Elabora mapas sinxelos que recollen os movementos migratorios que afectan a España e Galicia, así como os motivos dos mesmos e a súa cronoloxía |

| | |
|---|---|
| 3.4.5. Define correctamente vocábulos clave do tema | |
| 3.5.1. Realiza un gráfico con datos da evolución do crecemento da poboación urbana no mundo.<br>3.5.2. Sitúa no mapa do mundo as principais zonas urbanas e explica a súa distribución<br>3.5.3. Comprende as principais funcións das cidades<br>3.5.4. Define correctamente vocábulos clave do tema | -Cos datos numéricos axeitados debuxa correctamente unha gráfica liñal que represente o crecemento da poboación urbana<br>-Sitúa correctamente nun mapa as cidades máis poboadas do mundo e indica as principais causas desta distribución<br>-Coñece a composición dunha área urbana, distingue as funcións de cada unha. Diferencia conurbación, área metropolitana, rexión urbana e megalópolis |
| 3.6.1. Localiza e sitúa en mapas as principais zonas urbanas españolas e galegas<br>3.6.2. Identifica as principais características das diversas cidades españolas e galegas<br>3.6.3. Define correctamente vocábulos clave do tema | -Interpreta correctamente, e sen grandes erros, textos que explican as características das cidades de España e de Galicia, axudándose de internet ou de medios de comunicación escrita<br>-Sitúa en mapas as principais cidades de España e de Galicia |
| 3.7.1. Sitúa os parques naturais españois nun mapa, e explica a situación actual dalgúns deles.<br>3.7.2. Coñece algúns dos principais problemas ambientais en España e razona posibles solucións<br>3.7.3. Define correctamente vocábulos clave do tema | -Sitúa correctamente nun mapa algúns dos principais parques naturais de España (4)<br>-Empregando fotografías, estatísticas e outras fontes identifica aspectos como a contaminación de zonas boscosas, o uso de combustibles fósiles e contaminación do aire, a degradación dos medios mariños e fluviais...<br>-Procura, filtra e selecciona información relevante respecto do cambio climático, o efecto invernadoiro, a capa de ozono, a chuvia aceda e outros problemas ambientais |

## 5. UNIDADES DIDÁCTICAS. TEMPORALIZACIÓN

| | UNIDADES DIDÁCTICAS/TEMAS | | | |
|---|---|---|---|---|
| | UD/ Tema | Bloque | Contido | Temporalización (sesións) |
| | | | BLOQUE 3: A HISTORIA | |
| 1ª avaliación | 1 | B 3.1 | Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia | 2 |
| | | B 3.2 | Fontes históricas | |
| | | B 3.3 | Cambio e continuidade | 3 |
| | | B 3.4 | Tempo histórico | |
| | | B 3.5 | Vocabulario histórico e artístico | |
| | 2 | B 3.6 | Idade Media: concepto e as subetapas (alta, plena e baixa Idade Media) | 1 |
| | | B 3.7 | Caída do Imperio Romano en Occidente: división política e invasións xermánicas. Os reinos xermánicos | 4 |
| | | B 3.7 | O Imperio Bizantino | 2 |
| | 3 | B 3.9<br>B 3.12 | Islam. Península Ibérica: invasión musulmá. Evolución de Al-Andalus e dos reinos cristiáns.<br>Arte islámica | 8 |
| | 4 | B 3.8 | Feudalismo | 5 |
| | 5 | B 3.10 | Reconquista e repoboación | 5 |
| 2ª avalia | 6 | B 3.12 | Arte románica | 4 |
| | 7 | B 3.11 | Expansión comercial europea e recuperación das cidades | 8 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 8 | B 3.11 | Crise da baixa Idade Media: a 'Peste Negra' e as súas consecuencias | 5 |
| | 9 | B 3.12 | Arte gótica | 5 |
| | | | **BLOQUE 1: O MEDIO FÍSICO** | |
| 3ª avaliación | 10 | B 1.1 | Localización. Latitude e lonxitude. | 1 |
| | 11 | B 1.2<br>B 1.3<br>B 1.4<br>B 1.5<br><br>B 1.6<br>B 2.8<br>B 1.7<br>B 2.10<br>B 2.9 | Características xerais do medio físico de España e de Galicia.<br>Medio físico de España: relevo e hidrografía.<br>Medio físico de Galicia: relevo e hidrografía.<br>Clima: elementos e factores. Diversidade climática da Península Ibérica e de Galicia.<br>Diversidade de paisaxes. Zonas bioclimáticas da Península Ibérica e de Galicia<br>Diversidade de medios naturais en España e en Galicia.<br>Medio natural e problemas ambientais en España.<br>Principais retos e problemas ambientais en España.<br>Paisaxes no territorio español e galego | 9 |
| | | | **BLOQUE 2: O ESPAZO HUMANO** | |
| | 12 | B 2.1<br>B 2.2. | Poboación mundial: modelos demográficos e movementos migratorios.<br>Poboación europea: distribución e evolución. | 8 |
| | 13 | B 2.3<br>B 2.4 | Poboación española: evolución, distribución e dinámica. Movementos migratorios.<br>Poboación de Galicia: evolución, distribución e dinámica. Movementos migratorios | 6 |
| | 14 | B 2.5<br>B 2.6<br>B 2.7 | Proceso de urbanización no planeta.<br>A cidade e o proceso de urbanización europeo.<br>A cidade e o proceso de urbanización en España e en Galicia | 5 |

## 6. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

Entendemos que a función do ensino é facilitar a aprendizaxe dos alumnos e das alumnas, axudándoos a construír, adquirir e desenvolver as Competencias Clave que lles permitan integrarse na sociedade do coñecemento e enfrontar os continuos cambios que impoñen en todas as ordes da nosa vida os rápidos avances científicos e a nova economía global.

A inclusión das competencias clave no currículo ten como finalidade que os alumnos e as alumnas a) poidan facer posible o pleno exercicio da cidadanía no marco da sociedade de referencia; b) constrúan un proxecto de vida satisfactorio; c) acaden un desenvolvemento persoal emocional e afectivo equilibrado; e d) accedan a outros procesos educativos e formativos posteriores con garantías de éxito.

En función do exposto propoñémonos como obxectivo metodolóxico fundamental acadar a funcionalidade das aprendizaxes. Por aprendizaxe funcional entendemos que as competencias poidan ser aplicadas e transferidas a situacións e contextos diferentes para lograr diversos obxectivos, resolver diferentes tipos de problemas e levar a cabo diferentes tipos de tarefas.

A esta funcionalidade cabe darlle outra dimensión: que os alumnos e alumnas aprendan a aprender. Un aprendiz competente é aquel que coñece e regula os seus procesos de construción do coñecemento, tanto desde o punto de vista cognitivo como emocional, e pode facer un uso estratéxico dos seus coñecementos, axustándoos ás circunstancias específicas do problema ao que se enfronta

Xa que logo, o tratamento metodolóxico da materia axustarase ao nivel competencial inicial do alumnado, partindo cando cumpra de aprendizaxes máis simples, respectando ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade. A exposición dos temas por parte da profesora (lección maxistral participativa) compatibilizarase con metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo e a aprendizaxe por proxectos estean presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de xeito especial as tecnoloxías da información e da comunicación e cun enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas. Neste sentido, concíbese o labor docente como orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial do alumnado.

## 7. DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA ANTE POSIBLES ESCENARIOS DIFERENTES EN FUNCIÓN DA SITUACIÓN SANITARIA

A ameaza da COVID-19 segue presente neste curso 2021-2022, polo que as posibilidades dun cambio de escenario no desenvolvemento das actividades lectivas, tal e como sucedeu o curso pasado, son evidentes. Deste modo, o modelo metodolóxico exposto con anterioridade está previsto para un escenario habitual de actividades lectivas presenciais. Agora ben, ante a posibilidade dunha actividade lectiva semipresencial e/ou non presencial, os instrumentos educativos serán diferentes, cobrando unha prioridade absoluta os recursos dixitais. Ademais, e tal como aconteceu o pasado curso, se se considerara necesario, faríase unha adaptación desta programación no referido a contidos, aprendizaxes e instrumentos de avaliación. Esta adaptación sería comunicada de forma clara e precisa ao alumnado e ás familias.

Atendendo á posibilidade dunha suspensión parcial ou total das actividades presenciais, e á vista da experiencia do pasado curso, o Departamento de Xeografía e Historia porá en marcha tres ferramentas dixitais que garantan un desenvolvemento axeitado do proceso de ensino-aprendizaxe:

a) **Aula virtual**: ao inicio do curso presentarase ao alumnado esta ferramenta, explicándolle o seu funcionamento, o acceso á mesma e as actividades que se desenvolverán nesta aplicación. Ademais de proporcionarlle materiais variados (textos, gráficos e mapas, presentacións, contidos teóricos...), na aula virtual tamén se realizarán diferentes probas e traballos por parte do alumnado (comentarios de textos, mapas ou calquera outra fonte histórica; pequenos traballos de investigación histórica; probas escritas de avaliación). Estas probas e traballos serán os "instrumentos" de avaliación empregados para a cualificación dos alumnos.

b) **Cisco Webex Meetings**: a través desta aplicación de videoconferencia, pretendemos desenvolver "clases virtuais" na que o profesor poida expoñer ao alumnado explicacións teóricas e prácticas sobre os diversos temas, contidos e actividades do curso. Ademais das explicacións "maxistrais" (que sempre son necesarias), estas clases virtuais servirían para que o alumnado expusera dúbidas ou reclamara aclaracións a calquera exercicio ou traballo proposto.

No que se refire ao número de clases virtuais semanais, será o centro o que indique cantas serán atendendo ás diversas variables posibles (especialmente os recursos dixitais de que dispoña o alumnado). Tendo en conta que neste curso o número de

sesións lectivas semanais é de 3, consideramos que, á vista do acontecido no curso pasado e da natureza especial deste tipo de actividades, o número de clases virtuais semanais debería ser de 1 ou 2 (máis clases telemáticas poden resultar esgotadoras para o alumnado, ademais de que este precisará tempo para realizar as diferentes tarefas que se lle indiquen na aula virtual). O horario destas clases deberá ser consensuado polo equipo docente.

c) **Correo electrónico**: servirá como instrumento de comunicación entre o alumnado e as súas familias co profesor. A través deste correo electrónico o alumnado poderá enviar ao profesor as dúbidas ou aclaracións que considere oportunas (o que tamén poderá facer nas videoconferencias), así como traballos ou exercicios no caso de que houbera problemas coa aula virtual.

Pola súa parte, as familias tamén empregarán este correo electrónico para poñerse en contacto co profesor e plantexar calquera cuestión referida á actividade educativa dos seus fillos/as. É dicir, empregarase como unha "titoría virtual".

## 8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS A EMPREGAR

Libro de texto: *Xeografía e historia 2. Editorial Vicens Vives*

Caderno do alumno

Recursos dixitais de deseño propio e obtidos da rede

Mapas, atlas e recursos bibliográficos do departamento e da biblioteca do IES

## 9. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

**O referente para avaliar as aprendizaxes do alumnado son os criterios de avaliación e a súa concreción nos estándares de aprendizaxe avaliables**. No deseño das situacións de aprendizaxe tomaranse en consideración todos os elementos do currículo, entre eles os procedementos e os instrumentos de avaliación, así como os criterios de cualificación que permitan avaliar tanto os resultados da materia como o nivel competencial alcanzado polos alumnos e as alumnas.

No tocante aos **procedementos**, empregarase a observación sistemática do traballo do alumnado; levaranse a cabo probas escritas, orais ( atendendo áas posibilidades marcadas polo grupo/aula; desenvolverase un protocolo de rexistro en torno á actividade de cada alumno e alumna; revisarase periodicamente o caderno do alumno. En todo

caso, tomaranse en consideración o cumprimento por parte do alumnos dos deberes recollidos no R.D. 732/1.995, e nas NOF do IES.

O anterior concrétase nos seguintes **instrumentos** de avaliación: caderno do alumno e probas.

Polo que respecta ás ***probas***, o alumnado deberá amosar a adquisición e dominio dos estándares de aprendizaxe recollidos no punto 4 desta programación. A cualificación numérica de cada avaliación parcial. Obterase tanto dos resultados das probas como das tarefas recollidas no caderno do alumnado. O cálculo desta cualificación será:

**Probas** : un 80% da nota final. Dentro desta porcentaxe, poderase traballar con diversas metodoloxías ( exames escritos/orais, traballos de investigación, etc) Neste caso o valor de cada proba será diferente. Un 60% para as probas escritas/orais e un 20% para os traballos de investigación. A posibilidade de realizar os traballos virá marcada polas características do grupo aula, o temario e as competencias adquiridas polos alumnos na súa aprendizaxe contínua. Estos traballos terán unhas pautas marcadas e entregadas aos alumnos, e, o mesmo que o resto de probas, versarán sobre o temario traballado.

**Actividades diarias**: terán un valor dun 20%. Para elo darase un seguimento semanal do traballo dos alumnos e o interese pola materia.

Nas probas e no caderno, terase en conta o coidade e orde, a claridade nas respostas, o razonamento así como a calidade ortográfica.

Nas probas, marcarase o valor de cada pregunta, e os alumnos serán informados das súas calificacións puidendo modificar, afianzar e mellorar a súa metodoloxía de estudo e traballo.

Un alumno superará a materia cando a media das cualificacións dos temas examinados sexa como mínimo 5.

Aqueles alumnos que non aproben unha avaliación, poderán realizar un exame de recuperación posterior en cada unha delas (excepto na terceira).

**A cualificación final** da materia, para o alumnado que superou as tres avaliacións, será a media de ditas avaliacións. Tendo un peso diferencial dentro da aprendizaxecontínua:

A primeira avaliación: 30% da nota final

2º avaliación: 30% da nota final

3% avaliación: 40% da nota final

No mes de xuño, haberá un exame de recuperación global das avaliacións non superadas.O alumnado que non supere o exame de recuperación final de xuño suspenderá a materia e poderá realizar un exame extraordinario (nas datas establecidas pola administración e marcadas polo centro), no que deberá examinarse da totalidade da materia.

A falta de asistencia a un exame deberá ser xustificada formalmente. De non ser así, o alumno non terá dereito a repetilo. A alteración do desenvolvemento normal dun exame (actitude incorrecta, suplantación ou copia por calquera procedemento fraudulento...) dará lugar a unha cualificación de insuficiente na nota global da avaliación, independentemente das cualificacións acadadas ao longo do período. Si poderá presentarse á proba de recuperación da que se fala máis adiante.

## 10. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Ao non poder establecerse unha hora de clase semanal, o alumnado que curse 3º da ESO coa materia de 2º pendente, sempre que teñan dubidas ou necesiten orientación, acudirá ao departamento, previa cita co profesor que impartiu a materia o curso pasado, que será o responsable do seguimento e a avaliación.

Os obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe serán os expostos na programación de 2º ESO.

O alumno realizará os traballos sobre aquelas unidades didácticas que lle marque o profesor. Ademais, realizaranse probas escritas. O modelo de probas, a cualificación destas e dos traballos, así como os criterios de avaliación serán os mesmos que se indicaron no punto 9 da programación de 2º ESO.

O alumnado coa materia pendente que non superase a mesma, cos traballos e exames realizados ao longo do curso, tamén terá un exame final na data establecida polo centro.

## 11. AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

A avaliación inicial incidirá na obtención de información sobre os coñecementos previos do alumnado e o grao de desenvolvemento das competencias clave. A avaliación incluirá a análise dos informes do curso anterior e completarase coa información obtida

a través do titor. A maiores, a observación do traballo diario nos primeiros días do curso terá relevancia significativa.

A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

## 12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

É importante ter en conta que os alumnos poden acceder cun grao de desenvolvemento intelectual diferente e que aprenden de forma distinta. A atención a este tipo de diversidade abórdase desde as diversas posibilidades de programación das actividades de aprendizaxe, que, por un lado, se organizan segundo a súa dificultade, establecéndose ó principio cuestións sinxelas, concretas e descritivas, para pasar despois a outras complexas, abstractas e explicativas. Por outro lado, combínanse diferentes formas de aprendizaxe, presentando materiais, actividades e instrumentos de traballo variados co fin de conseguir un mesmo obxectivo didáctico. Caso de ser preciso, proporanse adaptacións do currículo non significativas, o que poderá implicar adaptación dos tempos, dos métodos, dos recursos e mesmo dos instrumentos de avaliación.

De haber alumnos cun desfase curricular evidente, deseñaríase a preceptiva adaptación curricular significativa, modificando os elementos prescriptivos do currículo en función das necesidades dos alumnos afectados.

## 13. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN AO LONGO DO CURSO.

Traballarase de xeito significativo a comprensión lectora, a expresión oral e escrita e as tecnoloxías da información e da comunicación. Así mesmo, promoverase o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social. Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual e transexual

En contacto co resto do profesorado do grupo, traballarei na prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como na interiorización por parte do alumnado dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia e o respecto aos dereitos humanos.

## 14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

A posibilidade da realizados destas actividades virá marcada pola situación epidemiolóxica que se viva e as recomendacións sanitarias.

Viaxes culturais, charlas, visitas a exposicións.

Segundo os acontecementos ofertados pola cidade e a  Consellería ao longo do curso.

## 15. ACCIÓNS PREVISTAS EN RELACIÓN CO PLAN LECTOR E CO PLAN TIC

En consonancia co Proxecto Lector que ten como finalidade fomentar a lectura comprensiva e crear hábitos lectores no alumnado, o Departamento de Xeografía e Historia: Traballa coa lectura, comprensión e comentario de textos xeralmente complementarios ao tema impartido. Dita actividade vai explícita no día a día da materia.

Esta actividade, indispensable nas Ciencias Sociais, completase con elaboracións escritas e as suxestións ou obrigatoriedade, segundo as circunstancias, de lecturas de obras ou textos e a elaboración de traballos escritos, en período vacacional, nos que os alumnos deberán non solo demostrar os seus coñecementos senón tamén a súa capacidade de síntese e crítica

No tocante ás TIC o obxectivo que se pretende desde o Departamento de Xeografía e Historia é familiarizarse e acostumarse ao emprego das novas tecnoloxías e ter destrezas no seu emprego. Que os alumnos saiban empregar de forma racional as TIC, e ademais aproveiten tódolos recursos que teñen á súa disposición.

Segundo a marcha do curso e o requirimento do tema:

- Visionado de fragmentos de películas en coherencia cos conceptos traballados.
- Emprego de medios audiovisuais (PPT)  nas explicacións do temario.
- Busca de información na aula e informática.

## 16. CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA DO CENTRO.

Promoverase nas aulas o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social. Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual e transexual

En contacto co resto do profesorado do grupo, traballarase na prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como na interiorización por parte do alumnado dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia e o respecto aos dereitos humanos

## 17. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Ao remate do curso analizarase a o proceso de ensino aprendizaxe e a práctica docente co fin de comprobar:

- Se a planificación foi axeitada: o número e duración das actividades propostas, o nivel de dificultade, o interese para o alumnado, a significatividade para o proceso de aprendizaxe, se se basearon nos intereses do alumnado, se se aprendeu dun xeito colaborativo...
- Se se traballaron todos os contidos previstos. Na medida en que isto se verá mediatizado polas características de cada grupo e polos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, considerarase axeitado superar o 80% dos contidos propostos.
- Se os materiais e recursos utilizados resultaron accesibles, atractivos e suficientes
- Se se conseguiu motivar ao alumnado, espertar a súa curiosidade e ofrecerlles a axuda axeitada para facelos progresar. Tamén se todos participaron activamente e conseguiron o nivel máximo de desenvolvemento.
- Se se aplicaron os procedementos de avaliación programados e se aplicaron os criterios de cualificación propostos

- Se os resultados académicos estiveron en consonancia coas características do alumnado e do grupo. Sendo ideal acadar un 100% de aprobados tras da avaliación extraordinaria de setembro, fíxase o indicador de logro neste apartado nun 75%

## 18. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

En base aos indicadores de logro sinalados, o departamento analizará periodicamente na súa reunión a marcha da programación das distintas materias. Dito análise quedara recollido no libro de actas.

Unha vez rematadas as avaliacións, os seus resultados serán analizados de forma detallada na seguinte reunión. De ser o caso, tomaranse as medidas oportunas para corrixir as desviacións da programación , que quedarán recollidas no libro de actas.

Finalmente, ao rematar o curso, farase unha análise detallada tanto da programación como do seu grado de cumprimento, a partir dos indicadores de logro sinalados no apartado anterior. Tal análise se recollerá na memoria do departamento. Así mesmo, estableceranse as propostas de mellora para a programación didáctica do próximo curso

## 19. CONSTANCIA DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO

Os puntos esenciais da programación poderanse consultar na web do IES. O primeiro día de clase, informarase ao alumnado de todos os aspectos da programación da materia, principalmente os contidos da mesma, os estándares de aprendizaxe avaliables e os mínimos para superar a materia. Tamén a temporalización prevista, a metodoloxía didáctica, os procedementos e os instrumentos de avaliación, os criterios e sistema de cualificación e o programa e, de ser o caso, as actividades de reforzo e recuperación de alumnos coa materia pendente. Como marca a lei a programación estará a disposición dos alumnos para a súa consulta na Xefatura do Departamento e na Xefatura de Estudos.

Poderase entregar o alumno un resumo dos apartados descritos anteriormente. Tamén se lle indicará ao alumnado o material necesario para as clases e, se compre, unha breve información sobre a bibliografía que poden consultar. Finalmente informarase sobre as actividades complementarias e extraescolares que o departamento ten previsto realizar no presente curso.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

**XEOGRAFÍA E HISTORIA**

**3º E.S.O.**

**CURSO 2021-2022**

***I.E.S. O Couto (Ourense)***

# Índice

*1. Introdución e contextualización .................................................... 4*

*2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave ........... 5*

*3. Concreción dos obxectivos para o curso ....................................... 6*

*4. A) Obxectivos, contidos, estándares de aprendizaxe, competencias clave e peso na cualificación ......................................................... 8*

*4. B) Grao mínimo de consecución en cada estándar de aprendizaxe..... 12*

*5. Unidades didácticas: temporalización ............................................ 17*

*6. Metodoloxía didáctica ..................................................................... 19*

*7. Desenvolvemento da programación didáctica ante posibles escenarios diferentes en función da situación sanitaria.................... 20*

*8. Materiais e recursos didácticos e empregar .................................. 22*

*9. Procedemento de avaliación. Instrumentos de avaliación. Criterios de cualificación ........................................................................... 22*

*10. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes .................................................... 25*

*11. Avaliación inicial e medidas individuais e colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados ................................ 26*

*12. Medidas de atención á diversidade ............................................. 26*

*13. Concreción dos elementos transversais que se traballarán durante o curso ........................................................................................... 26*

*14. Actividades complementarias e extraescolares .............................. 27*

*15. Accións previstas en relación co Plan Lector e co Plan TIC ......... 27*

*16. Contribución ao Plan de Convivencia do centro .......................... 28*

*17. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e práctica docente ........................................................................................ 28*

*18. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora ......................................................................... 29*

*19. Constancia de información ao alumnado ...................................... 29*

## 1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

A presente programación didáctica constitúe o terceiro nivel de concreción curricular. Toma como referencia de partida o *DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia* (1º nivel de concreción) e o proxecto educativo do IES O Couto. Á súa vez, representa a base do último nivel de concreción, a programación de aula para o desenvolvemento das unidades didácticas previstas.

A proposta está deseñada para un IES público situado nun contexto urbano, a cidade de Ourense, e máis concretamente no barrio que lle da nome ao IES, O Couto. O ISEC (índice de estatus social, económico, e cultural) do centro podería ser cualificado como de medio. Predomina o alumnado castelán falante, resultando significativa a presenza de alumnos procedentes do estranxeiro, en particular de América do Sur. Todas estas variables teñen que ser tidas en conta á hora de deseñar as actividades de aula propostas.

Centrándonos na materia, o estudo da materia de Xeografía e Historia é esencial para o coñecemento e a comprensión do mundo actual. Non menos importante é o seu carácter formativo, xa que desenvolve capacidades e técnicas intelectuais propias do pensamento abstracto e formal, tales como a observación, a análise, a interpretación, a capacidade de comprensión e o sentido crítico. Por outra banda, a historia contribúe decisivamente á formación de cidadáns e cidadás responsables, conscientes dos seus dereitos e das súas obrigas, así como da herdanza recibida e do seu compromiso coas xeracións futuras.

Xeografía e Historia de 3º ESO pretende ofrecer unha visión de conxunto dos procesos históricos fundamentais do mundo, así como unha visión global da xeografía económica, pero prestando, cando é preciso, unha especial atención a España e a Galicia.

A cronoloxía debe ser o eixe do coñecemento histórico, porque non hai historia sen acontecementos, e no histórico está presente a idea de cambio, e precisamente para explicar tal cambio debemos recorrer á multiplicidade de sectores que compoñen a vida cotiá.

No que respecta ao bloque de contidos de xeografía, a análise particularizada dos diversos sectores económicos farase atendendo a unha escala mundial, incidindo na diversidade de situacións nos diferentes territorios do planeta. Ademais, porase especial

atención no caso español e galego, pois o estudo das realidades máis cercanas ao alumnado facilitará a súa comprensión e asimilación.

A partir dos contidos, dos criterios de avaliación e dos estándares de aprendizaxe avaliables preténdese o desenvolvemento persoal, intelectual e social do alumnado. Todas as actividades propostas queren favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e individualmente e para actuar con espírito crítico. O seu estudo deberá contribuír a fomentar unha especial sensibilidade cara á sociedade do presente e a súa problemática, que anime a adoptar unha actitude responsable e solidaria coa defensa da liberdade, a igualdade entre homes e mulleres, os dereitos humanos, a non discriminación e os valores democráticos.

## 2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

As competencias defínense como capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

As competencias clave do currículo son as seguintes:

*Comunicación lingüística (CCL).*

*Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).*

*Competencia dixital (CD).*

*Aprender a aprender (CAA).*

*Competencias sociais e cívicas (CSC).*

*Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).*

*Conciencia e expresións culturais (CCEC).*

A achega da materia de Xeografía e Historia ao desenvolvemento das competencias clave é moi salientable. A través da materia se desenvolven competencias que na práctica funcionan como propias (as competencias sociais e cívicas, en relación con contidos propios tanto de Historia como de Xeografía, e a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, en Xeografía); a competencia de conciencia e expresións culturais ten unha presenza destacada pola relación que o estudo das manifestacións artísticas e a evolución do pensamento e da cultura teñen na historia, e de maneira específica na historia da arte. A importancia que a materia ten para o desenvolvemento da competencia de sentido

da iniciativa e espírito emprendedor evidénciase na dimensión conceptual desa competencia posta en relación con coñecementos de xeografía e historia económicas, pero tamén na dimensión máis procedimental dela. O desenvolvemento das competencias de comunicación lingüística e dixital, e de aprender a aprender, impregnan todo o currículo de Xeografía e Historia, pois presentan unha dimensión instrumental que nos obriga a telas presentes ao longo dos catro cursos de ESO.

No cadro do apartado 4 da presente programación establécense as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación. Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deseñaranse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

## 3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO

A Xeografía e Historia de 3º ESO contribuirá á consecución dos seguintes obxectivos de entre os fixados para esta etapa educativa polo currículo:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito

# 4. A) OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS CLAVE E PESO NA CUALIFICACIÓN

| ***Tema*** | ***Obxectivos*** | ***Comp. clave*** | ***Identif. contido*** | ***Criterios de avaliación*** | ***Estándares de aprendizaxe*** | ***Peso na cualificación*** |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 0 | f/l/ñ | CSC<br>CAA<br>CCEC | B 3.1 | B3.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles. | XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado | 20% |
| | h/l/ñ | CSC<br>CAA | B 3.2 | B3.2. Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferenzas entre interpretacións de fontes diversas. | XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas. | 60% |
| | | CSC<br>CAA | | | XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estas restos materiais ou textuais. | 10% |
| | f/l/ñ | CSC<br>CMCCT | B 3.4 | B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía) | XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. | 10% |
| | l/ñ | CSC<br>CMCCT | B 3.3 | B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación. | XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade ***-aplicable a todos os temas-*** | - |
| | | CSC<br>CMCCT | | | XHB3.3.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos ***-aplicable a todos os temas-*** | - |
| | h/l/ñ | CSC<br>CCL | B 3.5 | B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado. | XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época ***-aplicable a todos os temas-*** | - |
| | | | | | | |
| 1 | g/l | CSC<br>CAA | B 3.6 | B3.6. Comprender a significación histórica da etapa do Renacemento en Europa | XHB3.6.1. Distingue modos de periodización histórica (Idade Moderna, Renacemento, Barroco, Absolutismo, etc.). | 100% |
| | | | | | | |
| 2 | f/g/h/l/m | CSC<br>CMCCT<br>CAA<br>CCL | B 3.12 | B3.12. Entender os procesos de conquista e colonización, e as súas consecuencias. | XHB3.12.1. Explica as causas que conduciron á descuberta de América para Europa, a súa conquista e a súa colonización. | 60% |
| | | CSC | | | XHB3.12.2. Coñece os principais feitos da expansión de Aragón e de Castela polo mundo. | 20% |
| | | CSC<br>CAA<br>CCL | | | XHB3.12.3. Sopesa interpretacións conflitivas sobre a conquista e a colonización de América. | 20% |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | |
| 3 | a/c/d/g/l | CSC CAA | B 3.10 | B3.10. Comprender a diferenza entre os reinos medievais e as monarquías modernas. | XHB3.10.1. Distingue as características de réximes monárquicos autoritarios, parlamentarios e absolutos. | 50% |
| | a/c/d/g/l | CSC CAA | B 3.11 | B3.11. Analizar o reinado dos Reis Católicos como unha etapa de transición entre a Idade Media e a Idade Moderna. | XHB3.11.1. Comprende os conceptos de cambio e continuidade en relación co reinado dos Reis Católicos. | 50% |
| | | | | | | |
| 4 | g/l | CSC CAA | B 3.13 | B3.13. Coñecer trazos das políticas internas e as relacións exteriores dos séculos XVI e XVII en Europa. | XHB3.13.1. Analiza as relacións entre os reinos europeos que conducen a guerras como a dos "Trinta Anos". | 100% |
| | | | | | | |
| 5 | f/g/h/l/n | CSC CCEC CAA CCL | B 3.7 | B3.7. Relacionar o alcance da nova ollada dos humanistas, artistas e científicos do Renacemento con etapas anteriores e posteriores. | XHB3.7.1. Identifica trazos do Renacemento e do Humanismo na historia europea, a partir de fontes históricas de diversos tipos. | 100% |
| | | | | | | |
| 6 | l/n/ñ | CSC CCEC CMCCT CCL | B 3.8 | B3.8. Coñecer a importancia da arte renacentista e barroca en Europa e en América. | XHB3.8.1. Coñece obras e legado de artistas, humanistas e científicos da época. | 100% |
| | g/h/l/n/ñ | CSC CCEC CAA CCL | B 3.9 | B3.9. Coñecer a importancia dalgúns autores e obras destes séculos. | XHB3.9.1. Analiza obras, ou fragmentos delas, dalgúns autores desta época no seu contexto. | |
| | | | | | | |
| 7 | b/e/f/g/h | CAA CMCCT CCL CD | B 1.1 | B1.1. Localizar e interpretar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou imaxe satélite | XHB1.1.1. Clasifica e distingue tipos de mapas e imaxes satélite. | 40% |
| | | CAA CMCCT CD | | | XHB1.1.3. Coñece e interpreta os tipos de mapas temáticos. | |
| | | CAA CMCCT CCL CD | | | XHB1.1.2. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa utilizando datos de coordenadas xeográficas. | 60% |
| | | | | | | |
| 8 | a/b/e/f/g/h/l | CCL CMCCT CD CAA CSC | B 2.1 | B2.1. Coñecer a organización administrativa e territorial de España. | XHB2.1.1. Distingue nun mapa político a distribución territorial de España: comunidades autónomas, capitais, provincias e illas. | 100% |
| | | | | | | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 9 | b/c/e/f/<br>g/h | CCL<br>CMCCT<br>CD<br>CAA<br>CSC | B 2.2 | B2.2. Analizar os datos do peso do sector terciario dun país fronte aos do sector primario e secundario, e extraer conclusións. | XHB2.2.1. Compara a poboación activa de cada sector en diversos países e analiza o grao de desenvolvemento que amosan estes datos. | 100% |
| | | | | | | |
| 10 | b/e/f/g/<br>h | CAA<br>CD<br>CMCCT | B 2.6 | B2.6. Localizar os recursos agrarios e naturais no mapa mundial. | XHB2.6.1. Sitúa no mapa as principais zonas cerealistas, como exemplo de recurso agrario no mundo, e as máis importantes masas forestais do mundo. | 15% |
| | | CAA<br>CSIEE<br>CD<br>CMCCT | | | XHB2.6.2. Localiza e identifica nun mapa as principais zonas produtoras de minerais no mundo. | 15% |
| | | CD<br>CAA<br>CSIEE<br>CMCCT | | | XHB2.6.3. Localiza e identifica nun mapa as principais zonas produtoras e consumidoras de enerxía no mundo. | 30% |
| | | CCL<br>CAA<br>CSIEE<br>CMCCT | | | XHB2.6.4. Identifica e nomea algunhas enerxías alternativas. | |
| | b/c/e/f/<br>g/h/l/m/<br>ñ | CCL<br>CMCCT<br>CD<br>CAA<br>CSC | B 2.5 | B2.5. Entender a idea de desenvolvemento sustentable e as súas implicacións. | XHB2.5.1. Define o desenvolvemento sustentable e describe conceptos clave relacionados con el. | 20% |
| | b/c/e/f/<br>g/h/m | CCL<br>CMCCT<br>CD<br>CAA<br>CSC<br>CSIEE | B 2.7 | B2.7. Explica e localiza os tipos de pesca e os seus problemas. | XHB2.7.1. Procura información sobre a sobreexplotación dos caladoiros de pesca, usando recursos impresos e dixitais. | 20% |
| | | | | | | |
| 11 | b/e/f/g/<br>h | CCL<br>CAA<br>CSIEE | B 2.8 | B2.8. Explicar a distribución desigual das rexións industrializadas no mundo. | XHB2.8.1. Localiza nun mapa os países máis industrializados do mundo, a través de lendas e símbolos adecuados. | 100% |
| | | | | | | |
| 12 | b/e/f/g/<br>h | CD<br>CAA<br>CSC<br>CSIEE | B 2.9 | B2.9. Analizar o impacto dos medios de transporte no seu contorno. | XHB2.9.1. Traza sobre un mapamundi o itinerario que segue un produto agrario e outro gandeiro desde a súa colleita ata o seu consumo en zonas afastadas, e extrae conclusións. | 10% |
| | b/e/f/g/<br>h | CAA<br>CD<br>CCL<br>CMCCT<br>CSIEE | B 2.10 | B2.10. Entender os fluxos e os bloques comerciais. | XHB2.10.1. Define os indicadores que miden os intercambios económicos dun país. | 20% |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | CAA<br>CCL<br>CSC<br>CSIEE | | | XHB2.10.2. Describe as características do comercio internacional na actualidade. | 20% |
| | | CAA<br>CCL<br>CSC<br>CSIEE | | | XHB2.10.3. Enumera as características dos bloques comerciais e as razóns polas que se constitúen. | 20% |
| | b/e/f/g/<br>h | CAA<br>CCL<br>CCEC<br>CSIEE<br>CD | B 2.11 | B2.11. Analizar o desenvolvemento do turismo e a súa importancia económica. | XHB2.11.1. Identifica os tipos de turismo e os seus efectos | 20% |
| | | | | | XHB2.11.2. Valora a importancia do turismo na economía española e galega. | 10% |
| | | | | | | |
| 13 | b/c/e/f/<br>g/h | CCL<br>CSIEE<br>CAA<br>CSC | B 2.4 | B2.4. Coñecer as características de diversos tipos de sistemas económicos | XHB2.4.1. Diferencia aspectos concretos e a súa interrelación<br>dentro dun sistema económico. | 50% |
| | b/c/e/f/<br>g/h | CCL<br>CMCCT<br>CAA<br>CSC | B 2.3 | B2.3. Recoñecer as actividades económicas que se realizan en Europa nos tres sectores, identificando distintas políticas económicas. | XHB2.3.1. Diferencia os sectores económicos europeos. | 50% |
| | | | | | | |
| 14 | b/c/e/f/<br>g/h/m | CAA<br>CCL<br>CSC<br>CSIEE<br>CD | B 2.12 | B2.12. Analizar gráficos de barras por países e textos onde se reflictan os niveis de consumo, o comercio<br>desigual e a débeda externa entre países en desenvolvemento e os desenvolvidos. | XHB2.12.1. Comparar as características do consumo interior de países como Brasil e Francia. | 20% |
| | | CAA<br>CCL<br>CSIEE<br>CD | | | XHB2.12.2. Crea mapas conceptuais, usando recursos impresos e dixitais, para explicar o funcionamento<br>do comercio, e sinala os organismos que agrupan as zonas<br>comerciais. | 20% |
| | | CAA<br>CMCCT<br>CSIEE<br>CD<br>CCL | | | XHB2.12.3. Describe o funcionamento dos intercambios a nivel internacional, utilizando mapas temáticos e gráficos nos que se reflictan as liñas de intercambio. | 20% |
| | b/c/d/e/<br>f/g/h | CAA<br>CSC<br>CSIEE<br>CCL | B 2.13 | B2.13. Relacionar áreas de conflito bélico no mundo con factores económicos. | XHB2.13.1. Realiza un informe sobre as medidas para tratar de superar as situacións de pobreza. | 20% |
| | | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CSIEE | | | XHB2.13.2. Sinala áreas de conflito bélico no mapamundi e relaciónaas con factores económicos. | 20% |

## 4. B) GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE

| Estándar de aprendizaxe | Grao mínimo de consecución |
|---|---|
| ▪ XHB1.1.1. Clasifica e distingue tipos de mapas e imaxes satélite. | Localiza diferentes datos e obtén información sobre o espazo representado a partir da lenda e da simboloxía dun mapa ou dunha imaxe . |
| ▪ XHB1.1.2. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa utilizando datos de coordenadas xeográficas. | Identifica as liñas básicas do sistema de orientación xeográfica (meridianos, paralelos e liñas básicas imaxinarias) e sitúa lugares no mapa mediante a lonxitude e a latitude. |
| ▪ XHB1.1.3. Coñece e interpreta os tipos mapas temáticos | Recoñece segundo a súa temática mapas sinxelos e analiza e emprega recursos interpretativos que os identifican |
| ▪ XHB2.1.1. Distingue nun mapa político a distribución territorial de España: comunidades autónomas, capitais, provincias e illas. | Sitúa sobre un mapa político: comunidades autónomas, capitais, provincias e illas |
| ▪ XHB2.2.1. Compara a poboación activa de cada sector en diversos países e analiza o grao de desenvolvemento que amosan estes datos. | Analiza datos estatísticos, gráficos sectoriais … sobre a poboación activa en diferentes países e saca conclusións. |
| ▪ XHB2.3.1. Diferenza os sectores económicos europeos. | Distingue as actividades principais que abrangue cada sector económico<br>Interpreta diferentes gráficos, táboas estatísticas sobre o peso dos diferentes sectores diferentes países europeos. |
| ▪ XHB2.4.1. Diferenza aspectos concretos e a súa interrelación dentro dun sistema económico. | Identifica os compoñentes claves da actividade económica, os axentes e factores de produción.<br>Recoñece as características básicas e os problemas asociados ao capitalismo, ao socialismo, e o chamado estado do benestar<br>-Explica o papel das organizacións internacionais e as multinacionais na globalización |

| | |
|---|---|
| ▪ XHB2.5.1. Define o desenvolvemento sustentable e describe conceptos clave relacionados con el. | Explica e diferencia os problemas de explotación abusiva dos recursos naturais , a alteración da auga ,da atmosfera ,o solo ; así como da deforestación.<br>Utiliza as TICS para buscar información actualizada.<br>Analiza os principais problemas ambientais en España: causas e consecuencias. |
| ▪ XHB2.6.1. Sitúa no mapa as principais zonas cerealistas, como exemplo de recurso agrario no mundo, e as máis importantes masas forestais do mundo. | Busca información e localiza utilizando símbolos e colores as principais zonas cerealísticas no mundo, e as máis importantes masas forestais do mundo. |
| ▪ XHB2.6.2. Localiza e identifica nun mapa as principais zonas produtoras de minerais no mundo. | Interpreta os símbolos e localiza as reservas extraíbles de minerais do mundo, valorando a importancia e a problemática na economía |
| ▪ XHB2.6.3. Localiza e identifica nun mapa as principais zonas produtoras e consumidoras de enerxía no mundo. | Localiza por zonas a produción de enerxía no mundo e obtén información diferenciando a problemática da dependencia entre produtores e consumidores |
| ▪ XHB2.6.4. Identifica e nomea algunhas enerxías alternativas. | Elabora un cadro comparativo coas diferentes enerxías: orixe, usos, vantaxes, inconvenientes |
| ▪ XHB2.7.1. Procura información sobre a sobreexplotación dos caladoiros de pesca, usando recursos impresos e dixitais. | Elabora un informe en base a noticias de prensa sobre a pesca e a súa problemática en Galicia |
| ▪ XHB2.8.1. Localiza nun mapa os países máis industrializados do mundo, a través de lendas e símbolos adecuados. | Sitúa nun mapa os países máis desenvolvidos, os menos industrializados e os países emerxentes.<br>Analiza as relacións entre eles e o fenómeno da deslocalización |
| ▪ XHB2.9.1. Traza sobre un mapamundi o itinerario que segue un produto agrario e outro gandeiro desde a súa colleita ata o seu consumo en zonas afastadas, e extrae conclusións. | Traza sobre un planisferio ,utilizando liñas, símbolos e cores o itinerario que segue un produto agrario e outro agrario desde as zonas produción as de consumo.<br>Elabora un comentario utilizando a información sobre o tema . |
| ▪ XHB2.10.1. Define os indicadores que miden os intercambios económicos dun país. | Distingue os conceptos de PIB, PIB per cápita e IDH<br>Busca datos na web , analiza mapas, datos estatísticos e saca conclusións.<br>Elabora un cadro comparativo coas desigualdades socioeconómicas entre os países de alto desenvolvemento, baixo, emerxentes<br>Analiza as desigualdades sociais en Europa e España. |
| ▪ XHB2.10.2. Describe as características do comercio internacional na actualidade. | Comprende os conceptos de balanza comercial e de pagos<br>Diferencia cales son as principais áreas de comercio internacional e analiza os fluxos comerciais entre elas.<br>Valora o papel da OMC |

| | |
|---|---|
| ▪ XHB2.10.3. Enumera as características dos bloques comerciais e as razóns polas que se constitúen. | Distingue as características das áreas de libre comercio e as unións aduaneiras. Analiza a súa participación no comercio mundial a partir de diferentes fontes. |
| ▪ XHB2.11.1. Identifica os tipos de turismo e os seus efectos | Clasifica as diferentes modalidades turísticas en función do lugar, as actividades que abrangue e as vantaxes e inconvenientes que ofrecen<br>Deseña un itinerario de viaxe na que se poidan practicar diferentes modalidades turísticas<br>Diferencia cales son as principais áreas emisoras e receptoras do turismo mundial.<br>Redacta un informe sobre os fluxos turísticos planetarios utilizando a información proporcionada nun mapa. |
| ▪ XHB2.11.2. Valora a importancia do turismo na economía española e galega. | Recompila noticias de prensa e elabora un informe sobre a importancia do turismo en España e Galicia.<br>Describe as características de cada una das áreas turísticas españolas e a súa importancia na economía |
| ▪ XHB2.12.1. Comparar as características do consumo interior de países como Brasil e Francia. | Establece diferencias utilizando a información de varias fontes (estatística, mapas, web) |
| ▪ XHB2.12.2. Crea mapas conceptuais, usando recursos impresos e dixitais, para explicar o funcionamento do comercio, e sinala os organismos que agrupan as zonas comerciais. | Elabora mapas conceptuais que representen os tipos de comercio interior, a organización do comercio exterior e as áreas do comercio internacional |
| ▪ XHB2.12.3. Describe o funcionamento dos intercambios a nivel internacional, utilizando mapas temáticos e gráficos nos que se reflictan as liñas de intercambio. | Elabora mapas de fluxos sobre a participación no comercio mundial, utilizando frechas proporcionais, cores e porcentaxes |
| ▪ XHB2.13.1. Realiza un informe sobre as medidas para tratar de superar as situacións de pobreza. | Recompila datos e elabora un informe na que compare diferentes medidas: axuda oficial, programas da ONU, ONGS, outras |
| ▪ XHB2.13.2. Sinala áreas de conflito bélico no mapamundi e relaciónaas con factores económicos. | Busca información previa e<br>localiza nun planisferio os conflitos bélicos recentes: de orixe política, de orixe económica, completando a lenda cos símbolos correspondentes.<br>Comenta e debate na clase as posibles causas e solucións a algúns conflitos concretos, aportando datos e posibles solucións |
| ▪ XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado | Relaciona diferentes elementos materiais, culturais ou ideolóxicos coa civilización ou periódico histórico correspondente |
| ▪ XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas. | Ser capaz de nomear e identificar unha fonte escrita, unha iconográfica e unha oral |

| | |
|---|---|
| ▪ XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estas restos materiais ou textuais. | Entende como o historiador ha de analizar, valorar e interpretar toda fonte histórica seguindo unha metodoloxía coherente |
| ▪ XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. | Realiza e explica un gráfico conceptual utilizando conceptos históricos relevantes.<br>Obtén información dun mapa histórico sobre os feitos estudados<br>Elaborar cronoloxías de diferentes períodos. |
| ▪ XHB3.3.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos. | É capaz de elaborar eixe cronolóxicos e mapas históricos, respectando a proporcionalidade, a cronoloxía, símbolos, lenda |
| ▪ XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. | Responde adecuadamente a cuestións relevantes sobre o obxectivo das viaxes de exploración, conquista , e os enclaves xeográficos que determinaron as relacións entre diferentes culturas |
| ▪ XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época. | Define correctamente conceptos históricos e artísticos básicos, e os utiliza adecuadamente nas diferentes actividades |
| ▪ XHB3.6.1. Distingue modos de periodización histórica (Idade Moderna, Renacemento, Barroco, Absolutismo, etc.). | Elabora con corrección  cadros resumo sobre os cambios ocorridos en cada período.<br>Establece semellanzas e diferenzas entre eles.<br>Relaciona adecuadamente datas e acontecementos históricos relevantes<br>Relaciona correctamente termos históricos e séculos |
| ▪ XHB3.7.1. Identifica trazos do Renacemento e do Humanismo na historia europea, a partir de fontes históricas de diversos tipos. | Extrae información correcta do texto e as imaxes e as TICS sobre as transformacións económicas e os cambios sociais do período<br>Elabora esquemas o mapas conceptuais ao respecto<br>Define de forma adecuada os conceptos artísticos solicitados |
| ▪ XHB3.8.1. Coñece obras e legado de artistas, humanistas e científicos da época. | Realiza pequenas investigacións sobre os humanistas e científicos máis representativos.<br>Responde a cuestións relevantes sobre eles. |
| ▪ XHB3.9.1. Analiza obras, ou fragmentos delas, dalgúns autores desta época no seu contexto. | Describe e realiza fichas sinxelas sobre algunhas obras e legados de artistas e a súa importancia |
| ▪ XHB3.10.1. Distingue as características de réximes monárquicos autoritarios, parlamentarios e absolutos. | Identifica os diferentes sistemas políticos<br>Recoñece os cambios introducidos polos monarcas autoritarios, parlamentarios e absolutos.<br>Elabora cadros comparativos: data, poder político, instrumentos de poder..<br>Semellanzas e diferenzas |

| | |
|---|---|
| ▪ XHB3.11.1. Comprende os conceptos de cambio e continuidade en relación co reinado dos Reis Católicos. | Sitúa correctamente nun eixe cronolóxico acontecementos relacionados co seu reinado.<br>Coñece os principais feitos da expansión de Aragón e de Castela polo mundo.<br>Analiza o reinado dos Reis Católicos como unha etapa de transición entre a Idade Media e a Idade Moderna.<br>Xustifica e explica de forma adecuada feitos históricos e personaxes históricos significativos |
| ▪ XHB3.12.1. Explica as causas que conduciron á descuberta de América para Europa, a súa conquista e a súa colonización. | Obtén información dun mapa histórico coas principais viaxes de portugueses e casteláns<br>Analiza diferentes fontes ( textos, imaxes e explica as distintas causas que conduciron aos europeos ao descubrimento de América, a súa conquista e a súa colonización.<br>Sopesa interpretacións conflitivas sobre a conquista e colonización de América. |
| ▪ XHB3.12.2. Coñece os principais feitos da expansión de Aragón e de Castela polo mundo. | Interpreta mapas sobre os feitos claves da expansión.<br>Analiza textos e saca conclusións<br>Identifica personaxes significativos |
| ▪ XHB3.12.3. Sopesa interpretacións conflitivas sobre a conquista e a colonización de América. | Analiza diferentes documentos e responde a cuestións sinxelas. |
| ▪ XHB3.13.1. Analiza as relacións entre os reinos europeos que conducen a guerras como a dos "Trinta Anos". | Identifica os trazos das políticas internas e as relacións exteriores dos séculos XVII en Europa.<br>Coñece os principais conflitos entre as monarquías do século XVII para identificar as súas consecuencias nas relacións internacionais e no equilibrio de poderes en Europa<br>Describe os trazos da sociedade, a economía, a cultura e a ciencia na Europa do século XVII, para comprender a mentalidade da época<br>Explica o proceso de decadencia da monarquía hispánica e a implantación da dinastía borbónica en España |

## 5. UNIDADES DIDÁCTICAS. TEMPORALIZACIÓN

| | UNIDADES DIDÁCTICAS/TEMAS | | | |
|---|---|---|---|---|
| | UD/ Tema | Bloque | Contido | Temporalización (sesións) |
| | | | **BLOQUE 3: A HISTORIA** | |
| 1ª avaliación | 0 | B 3.1 | Pasado, presente e futuro a través da Historia | 4 |
| | | B 3.2 | As fontes históricas | |
| | | B 3.4 | Diacronía e sincronía | |
| | | B 3.3 | As etapas da Historia | |
| | | B 3.5 | Vocabulario histórico e artístico | |
| | 1 | B 3.6 | A Idade Moderna | 4 |
| | 2 | B 3.12 | Os grandes descubrimentos xeográficos da época moderna. Conquista e colonización de América | 8 |
| | 3 | B 3.10<br>B 3.11 | As monarquías modernas. Os Reis Católicos | 8 |
| | 4 | B 3.13 | A reforma e os conflitos político-relixiosos na Europa dos s. XVI e XVII | 8 |
| 2ª avaliación | 5 | B 3.7 | Renacemento e Humanismo | 8 |
| | 6 | B 3.8<br>B 3.9 | A cultura na época moderna | 4 |
| | | | **BLOQUE 1: O MEDIO FÍSICO** | |
| | 7 | B 1.1 | Tipos de mapas. Localización xeográfica | 2 |

| | | | BLOQUE 2: O ESPAZO HUMANO | |
|---|---|---|---|---|
| 2ª avaliación | 8 | B 2.1 | Organización política e territorial de España | 3 |
| | 9 | B 2.2 | Os sectores da actividade económica | 2 |
| | 10 | B 2.6<br>B 2.5<br>B 2.7 | O sector primario: recursos naturais, actividades agrarias e pesca | 6 |
| 3ª avaliación | 11 | B 2.8 | O sector industrial | 6 |
| | 12 | B 2.9<br>B 2.10<br>B 2.11 | O sector terciario: transporte, comercio e turismo | 8 |
| | 13 | B 2.4<br>B 2.3 | Os sistemas económicos no mundo. Europa, España e Galicia | 6 |
| | 14 | B 2.12<br>B 2.13 | Países desenvolvidos e subdesenvolvidos: dependencia e neocolonialismo. Os conflitos económicos | 7 |

## 6. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

A metodoloxía didáctica empregada para desenvolver esta materia debe favorecer o traballo individual e/ou en grupo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo e a transferencia e a aplicación do aprendido. Ademais, preténdese exercitar ao alumnado nos procedementos habituais do historiador: natureza, tipoloxía e importancia das distintas clases de fontes, análise e utilización crítica das mesmas, contraste de interpretacións historiográficas e utilización de información procedente dos medios de comunicación de masas para achegarse ao coñecemento da realidade actual.

O mesmo no que respecta aos contidos xeográficos: análise e valoración de datos estatísticos, elaboración de gráficas e comentario das mesmas, emprego de fontes diversas para a análise da realidade actual, etc.

As tecnoloxías da información e da comunicación deben ser utilizadas como unha ferramenta necesaria para a aprendizaxe, tanto polo seu carácter imprescindible na educación superior como pola súa utilidade e relevancia para a vida cotiá e a inserción laboral.

A natureza específica da historia e da xeografía -multiplicidade de factores que interveñen nunha realidade humana, cambio permanente mais non uniforme nin no tempo nin no espazo e irrepetibilidade dos feitos- condúcenos a que nesta disciplina, en canto materia de ensinanza-aprendizaxe, debamos ter en conta as seguintes consideracións didácticas:

- A forma de acceder ao coñecemento histórico non é uniforme dentro da propia disciplina. Inflúen a parcela espacial e cronolóxica que se considere. Non nos acercamos cos mesmos medios ao coñecemento histórico máis afastado no tempo e no espazo que a unha época próxima. Polo tanto, os medios que se utilicen non deben ser idénticos ao longo de todo o desenvolvemento da materia.
- Na clase de Historia fanse comentarios sobre valores e sobre actitudes e ao facelo transmítense mensaxes. Isto fai o seu estudio vulnerable a interferencias políticas e a que, con frecuencia, se confundan consideracións de orde política e ideolóxica con consideracións de tipo educativo. Polo que se procurará tratar os temas de estudio con obxectividade e non emitir xuízos de valor.
- A motivación é un aspecto importante para acadar unha ensinanza eficaz. Para promover que sexa positiva, é necesario que os temas de estudio conecten cos

intereses do alumnado. O emprego de medios audiovisuais, o achegamento a problemas do seu contorno, as saídas programadas, etc. constitúen estratexias motivadoras e atractivas.

- Partindo destas consideracións as distintas Unidades Didácticas deben enfocarse non como un conxunto de feitos illados, senón como un conxunto de procesos e de problemas nos que se analicen as súas causas e as súas consecuencias e as relacións existentes entre elas. Para isto, os medios non son só materiais ( fontes e instrumentos), senón tamén conceptuais e de léxico propio desta disciplina que hai que adquirir comprensivamente.
- Na ensinanza da Historia, e da Xeografía e en función dos contidos a tratar, empregaremos distintas estratexias metodolóxicas. A exposición do profesor/a será necesaria, sobre todo, ao tratar contidos conceptuais de maior complexidade porque lle permitirá ao alumnado un mellor acceso a eles. Para outros contidos, as estratexias de descubrimento ou de indagación, mediante materiais que se lle proporcionen, tamén serán necesarias porque o alumnado, ao indagar en diversas fontes, constrúen ao seu propio coñecemento en lugar de recibir a información xa elaborada.

A primeira das actividades de cada unha das Unidades Didácticas actuará de ámbito motivador para o tema das mesmas e para que o alumnado manifeste as súas opinións e sexan conscientes do que coñecen e do que descoñecen. Así o profesor/a estará en condicións de axustar a proposta de actividades, incorporando as conclusións desta primeira sesión. A presentación pode ser distinta en cada caso: enquisa, visualización dun fragmento dun vídeo, observación de gráficos, comparación de debuxos, pinturas, fotografías etc.

## 7. DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA ANTE POSIBLES ESCENARIOS DIFERENTES EN FUNCIÓN DA SITUACIÓN SANITARIA

A ameaza da COVID-19 segue presente neste curso 2021-2022, polo que as posibilidades dun cambio de escenario no desenvolvemento das actividades lectivas, tal e como sucedeu o curso pasado, son evidentes. Deste modo, o modelo metodolóxico exposto con anterioridade está previsto para un escenario habitual de actividades lectivas presenciais. Agora ben, ante a posibilidade dunha actividade lectiva semipresencial e/ou

non presencial, os instrumentos educativos serán diferentes, cobrando unha prioridade absoluta os recursos dixitais. Ademais, e tal como aconteceu o pasado curso, se se considerara necesario, faríase unha adaptación desta programación no referido a contidos, aprendizaxes e instrumentos de avaliación. Esta adaptación sería comunicada de forma clara e precisa ao alumnado e ás familias.

Atendendo á posibilidade dunha suspensión parcial ou total das actividades presenciais, e á vista da experiencia do pasado curso, o Departamento de Xeografía e Historia porá en marcha tres ferramentas dixitais que garantan un desenvolvemento axeitado do proceso de ensino-aprendizaxe:

a) **Aula virtual**: ao inicio do curso presentarase ao alumnado esta ferramenta, explicándolle o seu funcionamento, o acceso á mesma e as actividades que se desenvolverán nesta aplicación. Ademais de proporcionarlle materiais variados (textos, gráficos e mapas, presentacións, contidos teóricos...), na aula virtual tamén se realizarán diferentes probas e traballos por parte do alumnado (comentarios de textos, mapas ou calquera outra fonte histórica; pequenos traballos de investigación histórica; probas escritas de avaliación). Estas probas e traballos serán os "instrumentos" de avaliación empregados para a cualificación dos alumnos.

b) **Cisco Webex Meetings**: a través desta aplicación de videoconferencia, pretendemos desenvolver "clases virtuais" na que o profesor poida expoñer ao alumnado explicacións teóricas e prácticas sobre os diversos temas, contidos e actividades do curso. Ademais das explicacións "maxistrais" (que sempre son necesarias), estas clases virtuais servirían para que o alumnado expusera dúbidas ou reclamara aclaracións a calquera exercicio ou traballo proposto.

No que se refire ao número de clases virtuais semanais, será o centro o que indique cantas serán atendendo ás diversas variables posibles (especialmente os recursos dixitais de que dispoña o alumnado). Tendo en conta que neste curso o número de sesións lectivas semanais é de 3, consideramos que, á vista do acontecido no curso pasado e da natureza especial deste tipo de actividades, o número de clases virtuais semanais debería ser de 1 ou 2 (máis clases telemáticas poden resultar esgotadoras para o alumnado, ademais de que este precisará tempo para realizar as diferentes tarefas que se lle indiquen na aula virtual). O horario destas clases deberá ser consensuado polo equipo docente.

c) **Correo electrónico**: servirá como instrumento de comunicación entre o alumnado e as súas familias co profesor. A través deste correo electrónico o alumnado poderá enviar ao profesor as dúbidas ou aclaracións que considere oportunas (o que tamén

poderá facer nas videoconferencias), así como traballos ou exercicios no caso de que houbera problemas coa aula virtual.

Pola súa parte, as familias tamén empregarán este correo electrónico para poñerse en contacto co profesor e plantexar calquera cuestión referida á actividade educativa dos seus fillos/as. É dicir, empregarase como unha "titoría virtual".

## 8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS A EMPREGAR

Libro de texto: *M. Burgos, Xeografía e Historia 3, ed. Anaya*

Caderno do alumno

Recursos dixitais de deseño propio e obtidos da rede

Mapas, atlas e recursos bibliográficos do departamento e da biblioteca do IES

## 9. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Estableceranse procedementos que poderán ser realizados, tanto de **xeito presencial coma virtual**, dependendo dos distintos escenarios que establezan as autoridades sanitarias e educativas (presencial, semipresencial e/ou non presencial). Entre estes procedementos estarán, entre outros, os seguintes:

a) **Probas escritas:** todas as preguntas irán numeradas, e indicarase a valoración de cada un, o desconto por faltas de ortografía, o tempo para a realización da proba, etc...

b) **Probas orais:** Terase en conta a capacidade discursiva, o rigor científico, a linguaxe utilizada, etc...

c) **Traballos feitos individualmente:** terase en conta a calidade dos proxectos, dos textos e das ilustracións, a variedade das fontes, o rigor científico, a entrega no prazo indicado, a capacidade de análise e síntese, a capacidade crítica, etc...

d) **Traballos grupais:** valorarase a calidade dos proxectos, dos textos e das ilustracións, a variedade das fontes, o rigor científico, a entrega no prazo indicado, a participación no grupo, a capacidade discursiva da exposición, etc...

e) **Traballo na aula (ou na casa en caso de docencia non presencial):** Terase en conta a realización dos "deberes", a presentación do caderno de clase, as preguntas que se formulan, o respecto ás normas da clases, a curiosidade e interese pola materia, a creatividade e investigación persoal, a orixinalidade, etc...

**Dada a experiencia durante o terceiro trimestre do curso 2019/2020 toda produción ou traballo entregado polo alumnado que presente indicios de ser copiado ou de elaboración non propia levará unha cualificación de 0.**

**Aquel alumnado que entregue as tarefas fóra do prazo estipulado (sen xustificación) ou sen cumprir os requisitos establecidos será penalizado na súa nota.**

Para a obtención das distintas cualificacións poderanse utilizar diferentes instrumentos como:

- Rúbricas para a valoración cualitativa dos traballos realizados.
- Listas de cotexo.
- Probas escritas.
- Probas orais.
- Prácticas.
- Tests online…

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO**

**1. PROCEDEMENTO DA AVALIACIÓN E PESO DA CUALIFICACIÓN**

Os criterios de avaliación quedan recollidos no apartado **Contidos, criterios de avaliación, competencias clave e estándares** da presente programación, tanto criterios como estándares e competencias asociadas.

2. **TEMPORALIZACIÓ**N: realizaranse dúas probas escritas (como mínimo) en cada avaliación.

3. **PROCEDEMENTOS:** Procedementos de observación sistemática da actividade cotiá dos/as alumnos/as .

A) **Rexistro sobre a convivencia na aula**. As actitudes de carácter comportamental serán valorados.

B) **Traballo do alumno na clase e en casa**. Análise das **producións dos/as alumnos/as** (a nivel individual):

**<u>Valoración do traballo diario a través de:</u>**

- **tarefas, actividades e traballos** realizadas e presentadas en plazo tamén se valorará o esmero , coidado e esforzo prestado a estas tarefas ou traballos realizados na aula ou fora dela, valoración do caderno de clase, se procede As actividades entregadas fóra de prazo serán penalizadas coa redución de 25 décimas por cada día de atraso. En ningún caso se valorara unha actividade copiada por outro/a compañeiro/a.
- **chamamentos en clase ou controis orais ou escritos** para valorar o seguimento da materia e o grado de consecución dos estándares de aprendizaxe
- **Valoración da presentación de traballos voluntarios** e da participación en tarefas voluntarias na clase, correciónss de exercicios, saídas o taboleiro, axudas a compañeiros

etc . O alumno poderá presentar un traballo por trimestre. Os traballos presentaranse seguindo a estrutura de pauta guiada ordeada polo profesor. Os traballos poderán ser escritos ou orais, individuais ou por grupo.

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

| PROCEDEMENTOS/ INSTRUMENTOS | CUALIFICARASE | % |
|---|---|---|
| Rexistro de convivencia | Respecto ao comportamento e a actitude cara a materia: asistencia, traer o material, respectar as quendas de palabra, escoitar activamente, participar con respecto... | 10% |
| Traballo do alumno | • Cumprimento pertinente das actividades e traballos propostos, ,esmero,esforzo e presentación en plazo das actividades, chamamentos e controis para valorar o grao de consecución dos estándares fixados. Paticipación en actividades ou traballos voluntarios | 30% |
| Probas Escritas | Correcta presentación Corrección sintáctica e ortográfica, e claridade, rigor e coherencia . | 60% |

## CRITERIOS SOBRE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

**- Os exames e traballos deberán de ser realizados** de acordo cos contidos especificados. O feito de descubrir a un/unha alumno/a copiando o traballo, tarefa ou exame, implicará unha cualificación de 0 e pasar inmediatamente a ser avaliado na recuperación trimestral.

- A media das notas obtidas nos apartados citados representará un 90% da nota. En ningún caso se fará a media cunha nota inferior ao 30% nalgún dos apartados anteriores.

- **A actitude na aula**, a asistencia, a participación, o interese amosado e a iniciativa persoal, e o respecto ás normas de convivencia pode representar un 10% da nota de cada avaliación.

- A **nota final** será a media da primeira, segunda e terceira avaliación. En ningún caso se fará media cunha avaliación con nota inferior a 3.

- A nota global do alumno-a en cada avaliación, será de 0 a 10. O alumnado terá que acadar unha nota mínima de 5 para ter unha cualificación positiva na avaliación. De non seren así, farase unha única proba escrita para recuperala materia no mesmo ou no seguinte trimestre (a terceira avaliación poderase recuperar no exame final de xuño).

- Para acadalo aprobado nesta materia é necesario obter unha cualificación positiva nas tres avaliacións. A nota final de xuño será a media das tres avaliacións aprobadas facendo medias coas recuperacións. De non ser así o alumno deberá presentarse a proba final de xuño só coas avaliacións que teña pendentes, as cales deberá superar.

- Na cualificación do exame exttraordinario**, a nota dependerá enteiramente** dunha proba escrita**.** O exame puntuarase sobre dez

- A **falta de asistencia a un exame** deberá ser xustificada formalmente. De non ser así, o alumno non terá dereito a repetilo e a nota será dun 0. A alteración do desenvolvemento normal dun exame (actitude incorrecta, suplantación ou copia por calquera procedemento fraudulento...) dará lugar a posibilidade de retirarlle o exame e a unha cualificación de insuficiente na nota global da avaliación, independentemente das cualificacións acadadas ao longo do período. Si poderá presentarse á proba de recuperación mencionada anteriormente.

## 10. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

O alumnado que curse 3º ESO coa materia de 2º ou 1º pendente, sempre que teñan dúbidas ou necesiten orientación, acudirá ao departamento, previa cita co profesor para resolvelas.

O alumno realizará os traballos sobre aquelas unidades didácticas que lle marque o profesor. Ademais, realizaranse probas escritas. O modelo de probas, a cualificación

destas e dos traballos, así como os criterios de avaliación serán os mesmos que se indican na programación do cursos correspondente.

O alumnado coa materia pendente que non superase a mesma, cos traballos e exames realizados ao longo do curso, tamén terá un exame final na data establecida polo centro.

## 11. AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

A avaliación inicial incidirá na obtención de información sobre os coñecementos previos do alumnado e o grao de desenvolvemento das competencias clave. A avaliación incluirá a análise dos informes do curso anterior e completarase coa información obtida a través do titor. A maiores, a observación do traballo diario nos primeiros días do curso terá relevancia significativa.

A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

## 12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

É importante ter en conta que os alumnos poden acceder cun grao de desenvolvemento intelectual diferente e que aprenden de forma distinta. A atención a este tipo de diversidade abórdase desde as diversas posibilidades de programación das actividades de aprendizaxe, que, por un lado, se organizan segundo a súa dificultade, establecéndose ó principio cuestións sinxelas, concretas e descritivas, para pasar despois a outras complexas, abstractas e explicativas. Por outro lado, combínanse diferentes formas de aprendizaxe, presentando materiais, actividades e instrumentos de traballo variados co fin de conseguir un mesmo obxectivo didáctico. Caso de ser preciso, proporanse adaptacións do currículo non significativas, o que poderá implicar adaptación dos tempos, dos métodos, dos recursos e mesmo dos instrumentos de avaliación.

De haber alumnos cun desfase curricular evidente, deseñaríase a preceptiva adaptación curricular significativa, modificando os elementos prescriptivos do currículo en función das necesidades dos alumnos afectados.

## 13. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN AO LONGO DO CURSO.

Traballarase de xeito significativo a comprensión lectora, a expresión oral e escrita e as tecnoloxías da información e da comunicación. Así mesmo, promoverase o

desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social. Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual e transexual

En contacto co resto do profesorado do grupo, traballarei na prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como na interiorización por parte do alumnado dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia e o respecto aos dereitos humanos.

## 14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

É moi difícil a comezos de curso facer unha programación exacta de todas aquelas actividades de carácter complementario e/ou extraescolar a desenvolver ó longo do curso, e máis no momento no que nos atopamos con escenarios cambiantes, polo que tódalas actividades propostas estarán suxeitas ás instruccións que as autoridades sanitarias e educativas

Asemade intentaremos facer algunha saída en colaboración con outro departamento para visitar algunha exposión relevante en Vigo, Pontevedra ou Santiago. En calquera caso, e sempre dependendo da oferta cultural do contorno, non haberá dificultade algunha para asistir a conferencias ou visitar exposicións “ad hoc” en distintas ubicación. Todas ellas aparecerán recollidas na memoria do departamento.

Viaxes culturais, charlas, visitas a exposicións.

Segundo os acontecementos ofertados pola cidade e a Consellería ao longo do curso.

## 15. ACCIÓNS PREVISTAS EN RELACIÓN CO PLAN LECTOR E CO PLAN TIC

En consonancia co Proxecto Lector que ten como finalidade fomentar a lectura comprensiva e crear hábitos lectores no alumnado, o Departamento de Xeografía e Historia traballa coa **lectura, comprensión e comentario de textos**, xeralmente complementarios ao tema impartido. Dita actividade vai explícita no día a día da materia.

Esta actividade, indispensable nas Ciencias Sociais, completase con suxestións ou obrigatoriedade, segundo as circunstancias, de **lecturas de obras ou textos e a**

**elaboración de traballos escritos**, en período vacacional, nos que os alumnos deberán non so demostrar os seus coñecementos senón tamén a súa capacidade de síntese e crítica

No tocante ás TIC o obxectivo que se pretende desde o Departamento de Xeografía e Historia é familiarizarse e acostumarse ao emprego das novas tecnoloxías e ter destrezas no seu emprego. Que os alumnos saiban empregar de forma racional as TIC, e ademais aproveiten tódolos recursos que teñen á súa disposición.

Segundo a marcha do curso e o requirimento do tema poderán empregarse os seguintes recursos e instrumentos:

- Emprego de medios audiovisuais nas explicacións do temario ou na realización de actividades.
- Busca de información na rede.

## 16. CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA DO CENTRO.

Promoverase nas aulas o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social. Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual e transexual

En contacto co resto do profesorado do grupo, traballarase na prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como na interiorización por parte do alumnado dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia e o respecto aos dereitos humanos

## 17. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Ao remate do curso analizarase a o proceso de ensino aprendizaxe e a práctica docente co fin de comprobar:

- Se a planificación foi axeitada: o número e duración das actividades propostas, o nivel de dificultade, o interese para o alumnado, a significatividade para o proceso de aprendizaxe, se se basearon nos intereses do alumnado, se se aprendeu dun xeito colaborativo...

- Se se traballaron todos os contidos previstos. Na medida en que isto se verá mediatizado polas características de cada grupo e polos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, considerarase axeitado superar o 80% dos contidos propostos.
- Se os materiais e recursos utilizados resultaron accesibles, atractivos e suficientes
- Se se conseguiu motivar ao alumnado, espertar a súa curiosidade e ofrecerlles a axuda axeitada para facelos progresar. Tamén se todos participaron activamente e conseguiron o nivel máximo de desenvolvemento.
- Se se aplicaron os procedementos de avaliación programados e se aplicaron os criterios de cualificación propostos
- Se os resultados académicos estiveron en consonancia coas características do alumnado e do grupo. Sendo ideal acadar un 100% de aprobados tras da avaliación extraordinaria de setembro, fíxase o indicador de logro neste apartado nun 75%

## 18. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

En base aos indicadores de logro sinalados, o departamento analizará periodicamente na súa reunión a marcha da programación das distintas materias. Dito análise quedara recollido no libro de actas.

Unha vez rematadas as avaliacións, os seus resultados serán analizados de forma detallada na seguinte reunión. De ser o caso, tomaranse as medidas oportunas para corrixir as desviacións da programación , que quedarán recollidas no libro de actas.

Finalmente, ao rematar o curso, farase unha análise detallada tanto da programación como do seu grado de cumprimento, a partir dos indicadores de logro sinalados no apartado anterior. Tal análise se recollerá na memoria do departamento. Así mesmo, estableceranse as propostas de mellora para a programación didáctica do próximo curso

## 19. CONSTANCIA DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO

Os puntos esenciais da programación poderanse consultar na web do IES. O primeiro día de clase, informarase ao alumnado de todos os aspectos da programación da materia, principalmente os contidos da mesma, os estándares de aprendizaxe avaliables e

os mínimos para superar a materia. Tamén a temporalización prevista, a metodoloxía didáctica, os procedementos e os instrumentos de avaliación, os criterios e sistema de cualificación e o programa e, de ser o caso, as actividades de reforzo e recuperación de alumnos coa materia pendente. Como marca a lei a programación estará a disposición dos alumnos para a súa consulta na Xefatura do Departamento e na Xefatura de Estudos.

Poderase entregar o alumno un resumo dos apartados descritos anteriormente. Tamén se lle indicará ao alumnado o material necesario para as clases e, se compre, unha breve información sobre a bibliografía que poden consultar. Finalmente informarase sobre as actividades complementarias e extraescolares que o departamento ten previsto realizar no presente curso.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

**XEOGRAFÍA E HISTORIA**

**4º E.S.O.**

**CURSO 2021-2022**

***I.E.S. O Couto (Ourense)***

# Índice

*1. Introdución e contextualización* .................................................... 4

*2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave* ........... 5

*3. Concreción dos obxectivos para o curso* ....................................... 6

*4. A) Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, competencias clave e peso na cualificación*............... 8

*4. B) Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe*..... 14

*5. Unidades didácticas: temporalización* ............................................ 20

*6.Metodoloxía didáctica* ..................................................................... 23

*7. Desenvolvemento da programación didáctica ante posibles escenarios diferentes en función da situación sanitaria*.................... 25

*8. Materiais e recursos didácticos e empregar* .................................. 26

*9. Procedemento de avaliación. Instrumentos de avaliación. Criterios de cualificación* ........................................................................... 26

*10. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes* .................................................... 28

*11. Avaliación inicial e medidas individuais e colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados* ................................ 28

*12. Medidas de atención á diversidade* ............................................... 28

*13. Concreción dos elementos transversais que se traballarán durante o curso* ............................................................................................ 29

*14. Actividades complementarias e extraescolares* .............................. 29

*15. Accións previstas en relación co Plan Lector e co Plan TIC* ......... 29

*16. Contribución ao Plan de Convivencia do centro* .......................... 30

*17. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e práctica docente ............................................................................................ 30*

*18. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora ........................................................................ 31*

*19. Constancia de información ao alumnado ...................................... 31*

## 1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

A presente programación didáctica constitúe o terceiro nivel de concreción curricular. Toma como referencia de partida o *DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia* (1º nivel de concreción) e o proxecto educativo do IES O Couto. Á súa vez, representa a base do último nivel de concreción, a programación de aula para o desenvolvemento das unidades didácticas previstas.

A proposta está deseñada para un IES público situado nun contexto urbano, a cidade de Ourense, e máis concretamente no barrio que lle da nome ao IES, O Couto. O ISEC (índice de estatus social, económico, e cultural) do centro podería ser cualificado como de medio. Predomina o alumnado castelán falante, resultando significativa a presenza de alumnos procedentes do estranxeiro, en particular de América do Sur. Todas estas variables teñen que ser tidas en conta á hora de deseñar as actividades de aula propostas.

Centrándonos na materia, o estudo da materia de Xeografía e Historia é esencial para o coñecemento e a comprensión do mundo actual. Non menos importante é o seu carácter formativo, xa que desenvolve capacidades e técnicas intelectuais propias do pensamento abstracto e formal, tales como a observación, a análise, a interpretación, a capacidade de comprensión e o sentido crítico. Por outra banda, a historia contribúe decisivamente á formación de cidadáns e cidadás responsables, conscientes dos seus dereitos e das súas obrigas, así como da herdanza recibida e do seu compromiso coas xeracións futuras.

A cronoloxía debe ser o eixe do coñecemento histórico, porque non hai historia sen acontecementos, e no histórico está presente a idea de cambio, e precisamente para explicar tal cambio debemos recorrer á multiplicidade de sectores que compoñen a vida cotiá.

A partir dos contidos, dos criterios de avaliación e dos estándares de aprendizaxe avaliables preténdese o desenvolvemento persoal, intelectual e social do alumnado. Todas as actividades propostas queren favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e individualmente e para actuar con espírito crítico. O seu estudo deberá contribuír a fomentar unha especial sensibilidade cara á sociedade do presente e a súa problemática, que anime a adoptar unha actitude responsable e solidaria coa defensa da liberdade, a igualdade entre homes e mulleres, os dereitos humanos, a non discriminación e os valores democráticos.

## 2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

As competencias defínense como capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

As competencias clave do currículo son as seguintes:

*Comunicación lingüística (CCL).*

*Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).*

*Competencia dixital (CD).*

*Aprender a aprender (CAA).*

*Competencias sociais e cívicas (CSC).*

*Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).*

*Conciencia e expresións culturais (CCEC).*

A achega da materia de Xeografía e Historia ao desenvolvemento das competencias clave é moi salientable. A través da materia se desenvolven competencias que na práctica funcionan como propias (as competencias sociais e cívicas, en relación con contidos propios tanto de Historia como de Xeografía, e a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, en Xeografía); a competencia de conciencia e expresións culturais ten unha presenza destacada pola relación que o estudo das manifestacións artísticas e a evolución do pensamento e da cultura teñen na historia, e de maneira específica na historia da arte. A importancia que a materia ten para o desenvolvemento da competencia de sentido da iniciativa e espírito emprendedor evidénciase na dimensión conceptual desa competencia posta en relación con coñecementos de xeografía e historia económicas, pero tamén na dimensión máis procedemental dela. O desenvolvemento das competencias de comunicación lingüística e dixital, e de aprender a aprender, impregnan todo o currículo de Xeografía e Historia, pois presentan unha dimensión instrumental que nos obriga a telas presentes ao longo dos catro cursos de ESO.

No cadro do apartado 4 da presente programación establécense as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación. Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deseñaranse actividades de

aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

## 3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO

A materia de Xeografía e Historia de 4º ESO contribuirá á consecución dos seguintes obxectivos de entre os fixados para esta etapa educativa polo currículo:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

# 4. A) OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS CLAVE E PESO NA CUALIFICACIÓN

| ***Tema*** | ***Obxectivos*** | ***Comp. clave*** | ***Identif. contido*** | ***Criterios de avaliación*** | ***Estándares de aprendizaxe*** | ***Peso cualificación*** |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 0 | f/l/ñ | CSC<br>CMCCT | B 10.2 | B10.2. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación. | XHB10.2.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. ***-aplicable a todos os temas-*** | |
| | | CSC<br>CMCCT | | | XHB10.2.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos. ***-aplicable a todos os temas-*** | |
| | f/l/ñ | CSC<br>CMCCT | B 10.3 | B10.3. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía). | XHB10.3.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos. ***-aplicable a todos os temas-*** | |
| | h/l/ñ | CSC<br>CCL | B 10.4 | B10.4. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado. | XHB10.4.1. Utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario . ***-aplicable a todos os temas-*** | |
| | | | | | | |
| 1 | a/c/d/g/<br>h/l/ñ | CSC<br>CAA<br>CCL | B 1.1 | B1.1. Explicar as características do Antigo Réxime nos seus sentidos político, social e económico. | XHB1.1.1. Establece, a través da análise de textos, a diferenza entre o Absolutismo e o Parlamentarismo. | 40% |
| | | CSC<br>CAA<br>CCL | | | XHB1.1.2. Distingue conceptos históricos como Antigo Réxime e Ilustración. | |
| | f/h/l/n/ñ | CSC<br>CCEC<br>CCL | B 1.2 | B1.2. Coñecer o alcance da Ilustración como novo movemento cultural e social en Europa e en América. | XHB1.2.1. Describe as características da cultura da Ilustración e as implicacións que ten nalgunhas monarquías. | 40% |
| | f/g/l/n | CSC<br>CMCCT<br>CAA | B 1.3 | B1.3. Coñecer os avances da Revolución Científica desde os séculos XVII e XVIII. | XHB1.3.1. Aprecia os avances científicos e a súa aplicación á vida diaria, e contextualiza o papel dos científicos na súa propia época. | 20% |
| | | CSC<br>CMCCT | | | XHB1.3.2. Comprende as implicacións do empiricismo e o método científico nunha variedade de áreas. | |
| | | | | | | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 2 | a/c/d/g/ h/l | CSC CAA CCL | B 2.1 | B2.1. Comprender o alcance e as limitacións dos procesos revolucionarios dos séculos XVIII e XIX. | XHB2.1.1. Sopesa as razóns dos revolucionarios para actuar como o fixeron. | 40% |
| | | CSC CAA CCL | | | XHB2.1.2. Recoñece, mediante a análise de fontes de diversas épocas, o valor destas non só como información senón tamén como evidencia para os/as historiadores/as. | |
| | a/c/d/g/ h/l/ñ | CSC CAA CCL | B 2.2 | B2.2. Identificar os principais feitos das revolucións liberais burguesas en Europa e América nos séculos XVIII e XIX. | XHB2.2.1. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas da primeira metade do século XIX, acudindo a explicacións causais, e sinala os proles e os contras. | 60% |
| | | CSC CAA CCL | | | XHB2.2.2. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas do século XVIII, acudindo a explicacións causais, e indica os proles e os contras. | |
| | | CSC CAA CCL | | | XHB2.2.3. Discute as implicacións da violencia empregando diversos tipos de fontes. | |
| | | | | | | |
| 3 | f/g/h/l | CSC CAA CCL | B 3.1 | B3.1. Describir os feitos salientables da Revolución Industrial e o seu encadeamento causal. | XHB3.1.1. Analiza os proles e os contras da primeira Revolución Industrial en Inglaterra. | 60% |
| | g/l/m | CSC CAA CMCCT | B 3.5 | B3.5. Coñecer os principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX, e a súa relación coas revolucións industriais | XHB3.5.1. Elabora un eixe cronolóxico, diacrónico e sincrónico, cos principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX. | |
| | g/h/l | CSC CAA CCL | B 3.2 | B3.2. Analizar as vantaxes e os inconvenientes de ser un país pioneiro nos cambios. | XHB3.2.1. Analiza e compara a industrialización de diferentes países de Europa, América e Asia, nas súas distintas escalas temporais e xeográficas. | 20% |
| | | CSC CAA CCL | | | XHB3.2.1. Compara o proceso de industrialización en Inglaterra e nos países nórdicos. | |
| | l/ñ | CSC | B 3.4 | B3.4. Analizar a evolución dos cambios económicos en España e en Galicia, a raíz da industrialización parcial do país. | XHB3.4.1. Especifica algunhas repercusións políticas como consecuencia dos cambios económicos en España. | 20% |
| | | | | | | |
| 4 | a/c/d/h/ l/m | CSC CSIEE CCL | B 3.3 | B3.3. Entender o concepto de progreso, e os sacrificios e os avances que leva consigo. | XHB3.3.1. Explica a situación laboral feminina e infantil nas cidades industriais. | 100% |
| | | | | | | |
| 5 | g/h/l | CSC CAA CCL | B 4.1 | B4.1. Identificar as potencias imperialistas e a repartición de poder económico e político no mundo no derradeiro cuarto do século XIX e no principio do XX. | XHB4.1.1. Explica razoadamente que o concepto imperialismo reflicte unha realidade que influirá na xeopolítica mundial e nas relacións económicas transnacionais. | 100% |
| | | CSC CAA CCL | | | XHB4.1.2. Elabora discusións sobre eurocentrismo e a globalización. | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | g/l | CSC CAA | B 4.2 | B4.2. Establecer xerarquías causais (aspecto e escala temporal) da evolución do imperialismo. | XHB4.2.1. Sabe recoñecer cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914. | |
| | | | | | | |
| 6 | g/h/l | CSC CAA | B 4.3 | B4.3. Coñecer os principais acontecementos da Gran Guerra, as súas interconexións coa Revolución Rusa e as consecuencias dos tratados de Versalles. | XHB4.3.1. Diferencia os acontecementos dos procesos, nunha explicación histórica, da I Guerra Mundial. | 70% |
| | | CSC CAA | | | XHB4.3.2. Analiza o novo mapa político de Europa. | 30% |
| | | CSC CAA CCL | | | XHB4.3.3. Describe a derrota de Alemaña desde a súa propia perspectiva e desde a dos aliados. | |
| | | | | | | |
| 7 | a/c/d/g/h/l | CSC CAA CCL | B 4.4 | B4.4. Esquematizar a orixe, o desenvolvemento e as consecuencias da Revolución Rusa. | XHB4.4.1. Contrasta algunhas interpretacións do alcance da Revolución Rusa na súa época e na actualidade. | 100% |
| | | | | | | |
| 8 | g/h/l/n | CSC CAA CCL CCEC | B 4.5 | B4.5. Relacionar movementos culturais como o romanticismo, en distintas áreas, e recoñecer a orixinalidade de movementos artísticos como o impresionismo, o expresionismo e outros "ismos" en Europa. | XHB4.5.1. Comenta analiticamente cadros, esculturas e exemplos arquitectónicos da arte do século XIX. | 100% |
| | | CSC CAA CCL CCEC | | | XHB4.5.2. Compara movementos artísticos europeos e asiáticos. | |
| | | | | | | |
| 9 | g/h/l | CSC CAA CCL | B 5.1 | B5.1. Coñecer e comprender os acontecementos, os feitos e os procesos máis importantes do período de entreguerras, e a súa conexión co presente, e estudar a xerarquía causal nas explicacións históricas sobre esta época. | XHB5.1.1. Analiza interpretacións diversas de fontes históricas e historiográficas de distinta procedencia. | 100% |
| | | CSC CAA | | | XHB5.1.2. Relaciona algunhas cuestións concretas do pasado co presente e as posibilidades do futuro, como o alcance das crises financeiras de 1929 e de 2008. | |
| | | CSC CAA CCL | | | XHB5.1.3. Discute as circunstancias da loita polo sufraxio da muller. | |
| | | | | | | |
| 10 | a/c/d/h/l | CSC CCL | B 5.2 | B5.2. Analizar as causas do auxe dos fascismos en Europa. | XHB5.2.1. Explica diversos factores que fixeron posible o auxe do fascismo en Europa. | 100% |
| | | | | | | |
| 11 | a/c/d/g/h/l | CSC CCL | B 5.3 | B5.3. Coñecer as tensións que levaron en España á proclamación da II República e ao estoupido da Guerra Civil | XHB5.3.1. Explica as principais reformas durante a II República española, e reaccións a elas. | 50% |
| | | CSC CAA CCL | | | XHB5.3.2. Explica as causas da Guerra Civil española no contexto europeo e internacional. | 50% |
| | | | | | | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 12 | g/l | CSC CAA | B 6.1 | B6.1. Coñecer as causas da II Guerra Mundial. | XHB6.1.1. Recoñece a xerarquía causal (diferente importancia dunhas causas ou outras segundo as narrativas). | 50% |
| | g/h/l | CSC CAA | B 6.2 | B6.2. Coñecer os principais feitos da II Guerra Mundial, diferenciar as escalas xeográficas nesta guerra (europea e mundial) e entender o concepto de guerra total. | XHB6.2.1. Sitúa nun mapa as fases do conflito. | 50% |
| | | CSC CAA CCL | | | XHB6.2.2. Dá unha interpretación de por que rematou antes a guerra europea que a mundial. | |
| | | CSC CAA CCL | | | XHB6.2.3. Elabora unha narrativa explicativa das causas e as consecuencias da II Guerra Mundial, a distintos niveis temporais e xeográficos. | |
| | a/d/l | CSC | B 6.3 | B6.3. Entender o contexto en que se desenvolveu o Holocausto na guerra europea e as súas consecuencias. | XHB6.3.1. Recoñece a significación do Holocausto na historia mundial. | |
| | | | | | | |
| 13 | g/h/l | CSC CAA CCL | B 6.4 | B6.4. Comprender o concepto de Guerra Fría no contexto de despois de 1945, e as relacións entre os dous bloques, os EEUU e a URSS. | XHB6.4.1. Utilizando fontes históricas e historiográficas, explica algúns dos conflitos enmarcados na época da Guerra Fría. | 100% |
| | | CSC CAA CCL | | | XHB6.4.2. Describe as consecuencias da guerra de Vietnam. | |
| | | | | | | |
| 14 | a/d/g/h/l | CSC CCL | B 6.5 | B6.5. Organizar os feitos máis importantes da descolonización de posguerra no século XX e comprender os límites da descolonización e da independencia nun mundo desigual. | XHB6.5.1. Describe os feitos relevantes do proceso descolonizador. | 100% |
| | | CSC CAA | | | XHB6.5.2. Distingue entre contextos diferentes do mesmo proceso, por exemplo, África subsahariana (anos 50 e 60) e a India (1947). | |
| | | | | | | |
| 15 | a/d/g/h/l | CSC CAA CCL | B 7.1 | B7.1. Entender os avances económicos dos réximes soviéticos e os perigos do seu illamento interno, así como os avances económicos do "Welfare State" en Europa. | XHB7.1.1. Explica os avances dos réximes soviéticos e do "Welfare State" en Europa. | 30% |
| | | CSC | | | XHB7.1.2. Recoñece os cambios sociais derivados da incorporación da muller ao traballo asalariado. | |
| | a/d/g/l | CSC CAA | B 8.1 | B8.1. Interpretar procesos a medio prazo de cambios económicos, sociais e políticos a nivel mundial. | XHB8.1.1. Interpreta o renacemento e o declive das nacións no novo mapa político europeo desa época. | |
| | | CSC | | | XHB8.1.2. Comprende os proles e contras do estado do benestar. | |
| | a/d/g/h/l | CSC CAA CCL | B 8.2 | B8.2. Coñecer as causas e as consecuencias inmediatas do colapso da URSS e outros réximes socialistas. | XHB8.2.1. Analiza aspectos políticos, económicos e culturais dos cambios producidos tralo colapso da URSS. | 40% |
| | f/g/h/l/m | CSC CAA CCL | B 7.2 | B7.2. Comprender o concepto de crise económica e a súa repercusión mundial nun caso concreto. | XHB7.2.1. Compara a crise enerxética de 1973 coa financeira de 2008. | 10% |
| | a/c/d/g/h/l | CSC CAA CCL | B 8.4 | B8.4. Entender a evolución da construción da Unión Europea. | XHB8.4.1. Discute sobre a construción da Unión Europea e do seu futuro. | 20% |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 16 | a/c/d/g/ h/l/ñ | CSC | B 7.3 | B7.3. Explicar as causas de que se establecera unha ditadura en España tras a Guerra Civil, e como foi evolucionando esa ditadura desde 1939 a 1975. | XHB7.3.1. Coñece a situación da posguerra e a represión en España, así como as fases da ditadura de Franco | 40% |
| | | CSC CAA CCL | | | XHB7.3.2. Discute como se entende en España e en Europa o concepto de memoria histórica. | 10% |
| | a/c/d/g/ h/l/ñ | CSC CAA CCL | B 8.3 | B8.3. Coñecer os principais feitos que conduciron ao cambio político e social en España despois de 1975, e sopesar distintas interpretacións sobre ese proceso. | XHB8.3.1. Compara interpretacións sobre a Transición española nos anos setenta do século XX e na actualidade. | 50% |
| | | CSC CCL | | | XHB8.3.2. Enumera e describe algúns dos principais fitos que deron lugar ao cambio na sociedade española da transición: coroación de Xoán Carlos I, lei para a reforma política de 1976, lei de amnistía de 1977, apertura de Cortes Constituíntes, aprobación da Constitución de 1978, primeiras eleccións xerais, creación do Estado das autonomías, etc. | |
| | | CSC CAA CCL | | | XHB8.3.3. Analiza o problema do terrorismo en España durante esta etapa (ETA, GRAPO, Terra Lliure, etc.): a xénese e a historia das organizacións terroristas, a aparición dos primeiros movementos asociativos en defensa das vítimas, etc. | |
| | | | | | | |
| 17 | e/g/h/l | CSC CD CCL CAA CSIEE | B 9.1 | B9.1. Definir a globalización e identificar algúns dos seus factores. | XHB9.1.1. Procura na prensa novas dalgún sector con relacións globalizadas, e elabora argumentos a favor e en contra. | 50% |
| | | CSC CAA CCL | | | XHB9.1.2. Elabora discusións sobre o eurocentrismo e a globalización. | |
| | e/f/g/h/ l | CSC CAA CCL CD | B 9.2 | B9.2. Identificar algúns dos cambios fundamentais que supón a Revolución Tecnolóxica. | XHB9.2.1. Analiza algunhas ideas de progreso e retroceso na implantación das recentes tecnoloxías da información e da comunicación, a distintos niveis xeográficos. | |
| | e/g/h/l/ m/ñ | CSC CD CAA CCL CMCCT CSIEE | B 9.3 | B9.3. Recoñecer o impacto destes cambios a nivel local, autonómico, estatal e global, prevendo posibles escenarios máis e menos desexables de cuestións ambientais transnacionais, e discutir as novas realidades do espazo globalizado. | XHB9.3.1. Crea contidos que inclúen recursos como textos,<br>mapas e gráficos, para presentar algún aspecto conflitivo das condicións sociais do proceso de globalización. | |
| | g/h/l/ñ | CSC CMCCT CAA CCL | B 10.1 | B10.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles. | XHB10.1.1. Formula posibles beneficios e desvantaxes para as sociedades humanas e para o medio natural dalgunhas consecuencias do quecemento global, como o desxeamento do Báltico. | 50% |
| | | CSC CAA | | | XHB10.1.2. Sopesa como unha Europa en guerra durante o século XX pode chegar a unha unión económica e política no século XXI. | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | CSC<br>CMCCT<br>CAA | | | XHB10.1.3. Compara (nun aspecto ou en varios) as revolucións industriais do século XIX coa revolución tecnolóxica de finais do século XX e principio do XXI. | |
| | | | | | | |

## 4. B) GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

| Estándar de aprendizaxe | Grao mínimo de consecución |
|---|---|
| XHB2.1.1. Sopesa as razóns dos revolucionarios para actuar como o fixeron. | Comprende as causas e as consecuencias das revolucións da primeira metade do século XIX e valora o legado das revolucións e dos nacionalismos. Valora os motivos que impulsaron o pobo de Madrid no levantamento do 2 de maio de 1808 |
| XHB2.1.2. Recoñece, mediante a análise de fontes de diversas épocas, o valor destas non só como información senón tamén como evidencia para os/as historiadores/as. | Mellora a comprensión das revolucións e dos nacionalismos analizando textos, cadros e caricaturas da época. |
| XHB2.2.1. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas da primeira metade do século XIX, acudindo a explicacións causais, e sinala os proles e os contras. | Explica as distintas fases da unificación de Italia interpretando mapas históricos. Explica as distintas fases da unificación de Alemaña interpretando mapas históricos. Explica os principais feitos da Guerra da Independencia, a súa orixe e os seus motivos, valorando a actuación das Cortes de Cádiz e a Constitución de 1812. |
| XHB2.2.2. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas do século XVIII, acudindo a explicacións causais, e indica os proles e os contras. | Explica por escrito os principais feitos e datos xeográficos da Revolución americana. Explica por escrito as etapas da Revolución francesa, a súa duración e os sucesos que destacaron en cada unha. |
| XHB3.1.1. Analiza os proles e os contras da primeira Revolución Industrial en Inglaterra. | Interpreta a imaxe das primeiras fábricas téxtiles analizando as condicións de traballo e o trato aos obreiros que traballaban nelas. Interpreta un mapa analizando a relación entre o nivel de industrialización e a mellorada rede de transportes. |

| | |
|---|---|
| XHB3.2.1. Analiza e compara a industrialización de diferentes países de Europa, América e Asia, nas súas distintas escalas temporais e xeográficas. | Estuda os procesos de industrialización en Gran Bretaña, no continente europeo, en Estados Unidos e en Xapón, sitúaos no tempo e no espazo xeográfico. |
| XHB3.2.1. Compara o proceso de industrialización en Inglaterra e nos países nórdicos. | Estuda a Primeira Revolución Industrial en Gran Bretaña e compáraa coa doutros países do continente europeo. Analiza o tardío proceso de industrialización española e os factores que incidiron nese atraso con respecto a outros países como o Reino Unido ou Alemaña. |

| | |
|---|---|
| XHB3.3.1. Explica a situación laboral feminina e infantil nas cidades industriais. | Analiza textos e imaxes que describen as condicións de traballo das mulleres e dos nenos nas cidades industriais do século XIX e principios do XX. |
| XHB3.4.1. Especifica algunhas repercusións políticas como consecuencia dos cambios económicos en España. | Estuda os cambios sociais, políticos e económicos en España como consecuencia da industrialización do país. |
| XHB3.5.1. Elabora un eixe cronolóxico, diacrónico e sincrónico, cos principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX. | Analiza un eixe cronolóxico cos avances técnicos que caracterizan á época das revolucións industriais |
| XHB4.1.1. Explica razoadamente que o concepto imperialismo reflicte unha realidade que influirá na xeopolítica mundial e nas relacións económicas transnacionais. | Comprende que é o Imperialismo e explica como influíu na política mundial e nas relacións internacionais. |
| XHB4.2.1. Sabe recoñecer cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914. | Recoñece as conexións que existiron entre o Imperialismo, o colonialismo e a Gran Guerra de 1914. |
| XHB4.3.1. Diferencia os acontecementos dos procesos, nunha explicación histórica, da I Guerra Mundial. | Coñece os principais acontecementos da Gran Guerra, a súa relación coa Revolución rusa e as consecuencias dos tratados de Versalles. |
| XHB4.3.2. Analiza o novo mapa político de Europa. | Analiza e explica o mapa político de Europa despois da Primeira Guerra Mundial. |
| XHB4.3.3. Describe a derrota de Alemaña desde a súa propia perspectiva e desde a dos aliados. | Explica os cambios territoriais, as pérdidas nas colonias e outras consecuencias da Gran Guerra para o Imperio alemán. |
| XHB4.4.1. Contrasta algunhas interpretacións do alcance da Revolución Rusa na súa época e na actualidade. | Estuda a Revolución rusa interpretando a importancia que tivo na Europa do seu tempo e na actualidade.. Describe o sistema político da URSS. Enumera as repúblicas que formaban a URSS en 1939. |

| | |
|---|---|
| XHB4.5.1. Comenta analiticamente cadros, esculturas e exemplos arquitectónicos da arte do século XIX. | Analiza tres cadros do século XIX e describe as imaxes e os personaxes representados para extraer conclusións sobre as formas de vida nese século. |
| XHB4.5.2. Compara movementos artísticos europeos e asiáticos. | Analiza no Caderno de Arte os estilos que se viron influidos pola Primeira Guerra Mundial. |

| | |
|---|---|
| XHB5.1.1. Analiza interpretacións diversas de fontes históricas e historiográficas de distinta procedencia. | Analiza textos, gráficos, mapas e liñas do tempo relacionados cos procesos máis importantes do período de entreguerras.. *A*naliza e compara textos da prensa estadounidense e a prensa española relativos á explosión do Maine. Compara dúas visións xornalísticas sobre o bombardeo de Guernica |

| | |
|---|---|
| XHB5.1.2. Relaciona algunhas cuestións concretas do pasado co presente e as posibilidades do futuro, como o alcance das crises financeiras de 1929 e de 2008. | Estuda o alcance das crises financeiras de 1929 e relaciónaas con cuestións concretas da crise do 2008. |
| XHB5.1.3. Discute as circunstancias da loita polo sufraxio da muller. | Recoñece e valora a importancia dos movementos sufraxistas para a consecución do voto feminino e a igualdade das mulleres ante a lei. Valora o papel da muller na Segunda República española e a consecución do dereito ao voto na Constitución de 1931. |
| XHB5.2.1. Explica diversos factores que fixeron posible o auxe do fascismo en Europa. | Analiza distintos factores que provocaron o auxe do fascismo en Europa no período de entreguerras. Recoñece o Holocausto como o resultado dun sistema político autoritario e racista e apunta algunha medida para evitar estas situacións no futuro**.** |
| XHB5.3.1. Explica as principais reformas durante a II República española, e reaccións a elas. | Coñece e explica os puntos máis relevantes da Constitución de 1931 e a reacción dos españois a estes cambios constitucionais. |
| XHB5.3.2. Explica as causas da Guerra Civil española no contexto europeo e internacional. | Coñece os acontecementos máis importantes do inicio, do desenvolvemento e do final da Guerra Civil española e a axuda internacional que recibiron cada un dos bandos. |
| XHB6.1.1. Recoñece a xerarquía causal (diferente importancia dunhas causas ou outras segundo as narrativas). | Recoñece os distintos puntos de vista e as formas de actuar de políticos e gobernos dos países que foron invadidos pola Alemaña nazi. Relaciona a creación do estado de Israel co aumento da inmigración a Palestina, dos xudeus que fuxían do réxime nazi. |

| | |
|---|---|
| XHB6.2.1. Sitúa nun mapa as fases do conflito. | Sitúa en varios mapas as distintas fases polas que pasou a Segunda Guerra Mundial e relacionaos cos contidos do tema. Vincula o inicio da Guerra Fría co final da Segunda Guerra Mundial e a imposibilidade de cooperación dos aliados vencedores que dividiu o mundo en dous bloques antagónicos. |
| XHB6.2.2. Dá unha interpretación de por que rematou antes a guerra europea que a mundial. | Comprende por que se alargou a guerra na fronte oriental, pola resistencia de Xapón, ata os bombardeos de Hiroshima e Nagasaki. |
| XHB6.2.3. Elabora unha narrativa explicativa das causas e as consecuencias da II Guerra Mundial, a distintos niveis temporais e xeográficos. | Explica as causas e consecuencias da Segunda Guerra Mundial e sitúaas no tempo e nos distintos lugares xeográficos. Explica o comezo do proceso de descolonización como consecuencia da Segunda Guerra Mundial. |
| XHB6.3.1. Recoñece a significación do Holocausto na historia mundial. | Coñece as distintas fases de rexeitamento e exclusión social da poboación xudía que culminou no Holocausto e entende como este terrible proceso influíu na conciencia das xeracións posteriores |
| XHB6.4.1. Utilizando fontes históricas e historiográficas, explica algúns dos conflitos enmarcados na época da Guerra Fría. | Utiliza textos, caricaturas e fotografías para explicar algúns dos conflitos que sucederon na época da Guerra Fría. |
| XHB6.4.2. Describe as consecuencias da guerra de Vietnam. | Estuda a guerra de Vietnam e as súas consecuencias, desde o punto de vista das perdas humanas e de como contribuíu a cambiar a imaxe que o mundo tiña de Estados Unidos. |
| XHB6.5.1. Describe os feitos relevantes do proceso descolonizador. | Explica os feitos máis importantes do proceso de descolonización en Asia, Oceanía e África. |
| XHB6.5.2. Distingue entre contextos diferentes do mesmo proceso, por exemplo, África subsahariana (anos 50 e 60) e a India (1947). | Estuda o fenómeno do apartheid en Sudáfrica que diferencia o período descolonizador neste país co resto do continente africano. |
| XHB7.1.1. Explica os avances dos réximes soviéticos e do "Welfare State" en Europa. | Analiza a creación do Estado do Benestar en Europa e a súa posterior evolución. |
| XHB7.1.2. Recoñece os cambios sociais derivados da incorporación da muller ao traballo asalariado. | Estuda a incorporación da muller ao traballo e os movementos feministas desde os anos 60 ata os nosos días |
| XHB7.2.1. Compara a crise enerxética de 1973 coa financeira de 2008. | Analiza os conflitos en Oriente Próximo que desencadearon a crise do petróleo en 1973. |

| | |
|---|---|
| XHB7.3.1. Coñece a situación da posguerrae a represión en España, así como as fases da ditadura de Franco | Estuda a España da posguerra e as diferentes fases polas que pasou a ditadura de Franco desde 1939 ata 1975. |
| XHB7.3.2. Discute como se entende en España e en Europa o concepto de memoria histórica | Investiga en Internet e explica o contido da Lei da Memoria Histórica. |
| XHB8.1.1. Interpreta o renacemento e o declive das nacións no novo mapa político europeo desa época | Compara o mapa de Europa de 1988 co actual e analiza a orixe e evolución dos novos países. |
| XHB8.1.2. Comprende os proles e contras do estado do benestar. | Define o estado de benestar e como inflúe nel a evolución da economía e da sociedade. Analiza como se manifestou o estado de benestar en España. |
| XHB8.2.1. Analiza aspectos políticos, económicos e culturais dos cambios producidos tralo colapso da URSS. | Estuda a evolución da URSS ata a súa desintegración e as revolucións democráticas da Europa do Leste. |
| XHB8.3.1. Compara interpretacións sobre a Transición española nos anos setenta do século XX e na actualidade. | Analiza algúns textos relevantes da transición, compáraos e opina sobre a mensaxe que transmiten. |
| XHB8.3.2. Enumera e describe algúns dos principais fitos que deron lugar ao cambio na sociedade española da transición: coroación de Xoán Carlos I, lei para a reforma política de 1976, lei de amnistía de 1977, apertura de Cortes Constituíntes, aprobación da Constitución de 1978, primeiras eleccións xerais, creación do Estado das autonomías, etc. | Coñece e explica os sucesos máis importantes que propiciaron o cambio na sociedade española da transición. |
| XHB8.3.3. Analiza o problema do terrorismo en España durante esta etapa (ETA, GRAPO, Terra Lliure, etc.): a xénese e a historia das organizacións terroristas, a aparición dos primeiros movementos asociativos en defensa das vítimas, etc. | Coñece o problema do terrorismo en España, nomea algúns grupos terroristas da época: ETA, GRAPO etc. e explica o que é a Asociación de Vítimas do Terrorismo, cando se creou e cales son os seus fins. |
| XHB8.4.1. Discute sobre a construción da Unión Europea e do seu futuro. | Analiza a Unión Europea desde o nacemento da CEE e a súa posterior evolución, analizando as sucesivas incorporacións e os retos que se lle expoñen para o futuro. |
| XHB9.1.1. Procura na prensa novas dalgún sector con relacións globalizadas, e elabora argumentos a favor e en contra | Comprende o concepto de globalización e analiza as vantaxes e os inconvenientes de vivir nun mundo globalizado. |
| XHB9.2.1. Analiza algunhas ideas de progreso e retroceso na implantación das recentes tecnoloxías da información e da comunicación, a distintos niveis xeográficos. | Analiza as vantaxes e os perigos de Internet no ámbito profesional como persoal. |
| XHB9.3.1. Crea contidos que inclúen recursos como textos, mapas e gráficos, para presentar algún aspecto conflitivo das condicións sociais do proceso de globalización. | Realiza unha presentación oral na clase en que explica como inflúe a globalización na nosa vida diaria. |

| | |
|---|---|
| XHB10.1.1. Formula posibles beneficios e desvantaxes para as sociedades humanas e para o medio natural dalgunhas consecuencias do quecemento global, como o desxeamento do Báltico. | Analiza algúns problemas ambientais como a sobreexplotación do planeta e o cambio climático explicando como poden influír na vida cotiá. |

| | |
|---|---|
| XHB10.1.3. Compara (nun aspecto ou en varios) as revolucións industriais do século XIX coa revolución tecnolóxica de finais do século XX e principio do XXI. | Compara en que se parece e en que se diferencia a sociedade do tempo da Revolución Industrial á dos nosos días |
| XHB10.2.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade. | Sitúa no tempo feitos salientables do movemento obreiro no século XIX.; os movementos da guerra da Independencia; os fitos que destacan na ocupación de África e Asia;as principais frontes e batallas da Gran Guerra; os acontecementos que tiveron maior incidencia no estalido da II guerra mundial; os acontecementos que destacaron na primeira fase da mesma; os feitos fundamentais da guerra civil; |
| XHB10.2.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos. | Ordena acontecementos cronoloxicamente e sitúaos nunha liña do tempo. |
| XHB10.4.1. Utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario. | Coñece o significado de termos históricos e artísticos e emprégaos axeitadamente. |

## 5. UNIDADES DIDÁCTICAS. TEMPORALIZACIÓN

<table>
<tr><td rowspan="15">1ª avaliación</td><td colspan="4">UNIDADES DIDÁCTICAS/TEMAS</td></tr>
<tr><td rowspan="2">UD/ Tema</td><td rowspan="2">Bloque</td><td>Contido</td><td rowspan="2">Temporalización (sesións)</td></tr>
<tr><td>BLOQUE 10: A RELACIÓN ENTRE O PASADO, O PRESENTE E O FUTURO A TRAVÉS DA HISTORIA E A XEOGRAFÍA</td></tr>
<tr><td rowspan="3">0</td><td>B 10.2</td><td>Cambio e continuidade: as etapas da Historia</td><td rowspan="3">3</td></tr>
<tr><td>B 10.3</td><td>Tempo histórico: diacronía e sincronía</td></tr>
<tr><td>B 10.4</td><td>Vocabulario histórico-artístico</td></tr>
<tr><td colspan="2"></td><td>BLOQUE 1: O SÉCULO XVIII EN EUROPA ATA 1789</td><td></td></tr>
<tr><td rowspan="3">1</td><td>B 1.1</td><td>O Antigo Réxime</td><td rowspan="3">5</td></tr>
<tr><td>B 1.2</td><td>A Ilustración</td></tr>
<tr><td>B 1.3</td><td>A revolución científica dos s. XVII e XVIII</td></tr>
<tr><td colspan="2"></td><td>BLOQUE 2: A ERA DAS REVOLUCIÓNS LIBERAIS</td><td></td></tr>
<tr><td>2</td><td>B 2.1<br>B 2.2</td><td>As revolucións burguesas na etapa contemporánea. A Revolución Francesa. A Restauración. A unidade italiana e alemana</td><td>8</td></tr>
<tr><td colspan="2"></td><td>BLOQUE 3: A REVOLUCIÓN INDUSTRIAL</td><td></td></tr>
<tr><td>3</td><td>B 3.1<br>B 3.5<br>B 3.2<br>B 3.4</td><td>A Revolución Industrial</td><td>5</td></tr>
</table>

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 1ª avaliación | 4 | B 3.3 | As transformacións sociais: o movemento obreiro | 5 |
| | | | **BLOQUE 4: O IMPERIALISMO DO S. XIX E A I GUERRA MUNDIAL** | |
| | 5 | B 4.1<br>B 4.2 | O imperialismo contemporáneo | 4 |
| 2ª avaliación | 6 | B 4.3 | A I Guerra Mundial | 5 |
| | 7 | B 4.4 | A Revolución Rusa | 6 |
| | 8 | B 4.5 | A arte no s. XIX | 2 |
| | | | **BLOQUE 5: A ÉPOCA DE ENTREGUERRAS (1919-1945)** | |
| | 9 | B 5.1 | A economía no período de entreguerras: a crise do 29 | 5 |
| | 10 | B 5.2 | Os fascismos | 4 |
| | 11 | B 5.3 | A II República española e a Guerra Civil | 3 |
| | | | **BLOQUE 6: AS CAUSAS E CONSECUENCIAS DA II GUERRA MUNDIAL (1939-1945)** | |
| | 12 | B 6.1<br>B 6.2<br>B 6.3 | A II Guerra Mundial | 5 |
| 3ª avaliación | 13 | B 6.4 | A Guerra Fría | 3 |
| | 14 | B 6.5 | O proceso descolonizador | 5 |
| | | | **BLOQUE 7: A ESTABILIZACIÓN DO CAPITALISMO E O ILLAMENTO ECONÓMICO DO BLOQUE SOVIÉTICO**<br>**BLOQUE 8: O MUNDO RECENTE ENTRE OS S. XX E XXI** | |
| | 15 | B 7.1<br>B 8.1 | O modelo económico socialista e o modelo capitalista | 4 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 3ª avaliación | | B 8.2 | A crise e desaparición do modelo soviético. A desintegración do bloque comunista | 3 |
| | | B 7.2 | As crises económicas no sistema capitalista: a crise de 1973 | 1 |
| | | B 8.4 | A construción da Unión Europea | 2 |
| | 16 | B 7.3 | A ditadura de Franco en España (1939-1975) | 2 |
| | | B 8.3 | A transición política en España: da ditadura á democracia (1975-1982) | 2 |
| | | | **BLOQUE 9: A REVOLUCIÓN TECNOLÓXICA E A GLOBALIZACIÓN A FINAIS DO S. XX E PRINCIPIO DO XXI** | |
| | 17 | B 9.2 | A revolución tecnolóxica | 1 |
| | | B 9.1<br>B 9.3 | A globalización: características e consecuencias | 2 |
| | | B 10.1 | A relación entre o pasado e o presente | 1 |

## 6. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

A metodoloxía didáctica empregada para desenvolver esta materia debe favorecer o traballo individual e/ou en grupo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo e a transferencia e a aplicación do aprendido. Ademais, preténdese exercitar ao alumnado nos procedementos habituais do historiador: natureza, tipoloxía e importancia das distintas clases de fontes, análise e utilización crítica das mesmas, contraste de interpretacións historiográficas e utilización de información procedente dos medios de comunicación de masas para achegarse ao coñecemento da realidade actual.

As tecnoloxías da información e da comunicación deben ser utilizadas como unha ferramenta necesaria para a aprendizaxe, tanto polo seu carácter imprescindible na educación superior como pola súa utilidade e relevancia para a vida cotiá e a inserción laboral.

A natureza específica da historia -multiplicidade de factores que interveñen nunha realidade humana, cambio permanente mais non uniforme nin no tempo nin no espazo e irrepetibilidade dos feitos- condúcenos a que nesta disciplina, en canto materia de ensinanza-aprendizaxe, debamos ter en conta as seguintes consideracións didácticas:

- A forma de acceder ao coñecemento histórico non é uniforme dentro da propia disciplina. Inflúen a parcela espacial e cronolóxica que se considere. Non nos acercamos cos mesmos medios ao coñecemento histórico máis afastado no tempo e no espazo que a unha época próxima. Polo tanto, os medios que se utilicen non deben ser idénticos ao longo de todo o desenvolvemento da materia.
- Na clase de Historia fanse comentarios sobre valores e sobre actitudes e ao facelo transmítense mensaxes. Isto fai o seu estudio vulnerable a interferencias políticas e a que, con frecuencia, se confundan consideracións de orde política e ideolóxica con consideracións de tipo educativo. Polo que se procurará tratar os temas de estudio con obxectividade e non emitir xuízos de valor.
- A motivación é un aspecto importante para acadar unha ensinanza eficaz. Para promover que sexa positiva, é necesario que os temas de estudio conecten cos intereses do alumnado. O emprego de medios audiovisuais, o achegamento a problemas do seu contorno, as saídas programadas, etc. constitúen estratexias motivadoras e atractivas.

- Partindo destas consideracións as distintas Unidades Didácticas deben enfocarse non como un conxunto de feitos illados, senón como un conxunto de procesos e de problemas nos que se analicen as súas causas e as súas consecuencias e as relacións existentes entre elas. Para isto, os medios non son só materiais ( fontes e instrumentos), senón tamén conceptuais e de léxico propio desta disciplina que hai que adquirir comprensivamente.
- Na ensinanza da Historia, e en función dos contidos a tratar, empregaremos distintas estratexias metodolóxicas. A exposición do profesor/a será necesaria, sobre todo, ao tratar contidos conceptuais de maior complexidade porque lle permitirá ao alumnado un mellor acceso a eles. Para outros contidos, as estratexias de descubrimento ou de indagación, mediante materiais que se lle proporcionen, tamén serán necesarias porque o alumnado, ao indagar en diversas fontes, constrúen ao seu propio coñecemento en lugar de recibir a información xa elaborada.

O plan de traballo dunha clase variará segundo os temas a tratar:

Para a ensinanza de parcelas máis antigas que é difícil que o alumnado se sitúe, ou para aspectos da Historia que, polo seu afastamento espazo-temporal, non teñen unha repercusión recoñecible no contorno, sería:

-A presentación dos problemas por parte do profesor/a.

-Plantexamento sobre a natureza e sobre as causas do proceso histórico en cuestión.

-A ilustración e comprobación das conclusións con exemplos concretos, sempre que sexan procesos xerais.

Para abordar os aspectos relacionados co mundo actual e para o estudo de aspectos da historia máis próxima, a vía sería partir do concreto para chegar ao abstracto e, apoiándose en datos do contorno próximo, inducir a curiosidade de por que é así e ir relacionando a historia local cos seus condicionantes externos para intentar alcanzar unha comprensión de estruturas e de procesos máis amplos, pois non se pode entender o medio no que se desenvolve o alumnado desconectado das súas referencias máis xerais.

A primeira das actividades de cada unha das Unidades Didácticas actuará de ámbito motivador para o tema das mesmas e para que o alumnado manifeste as súas

opinións e sexan conscientes do que coñecen e do que descoñecen. Así o profesor/a estará en condicións de axustar a proposta de actividades, incorporando as conclusións desta primeira sesión. A presentación pode ser distinta en cada caso: enquisa, visualización dun fragmento dun vídeo, observación de gráficos, comparación de debuxos, pinturas, fotografías etc.

## 7. DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA ANTE POSIBLES ESCENARIOS DIFERENTES EN FUNCIÓN DA SITUACIÓN SANITARIA

A ameaza da COVID-19 segue presente neste curso, polo que as posibilidades dun cambio de escenario no desenvolvemento das actividades lectivas, tal e como sucedeu o curso pasado, son evidentes. Deste modo, o modelo metodolóxico exposto con anterioridade está previsto para un escenario habitual de actividades lectivas presenciais. Agora ben, ante a posibilidade dunha actividade lectiva semipresencial e/ou non presencial, os instrumentos educativos serán diferentes, cobrando unha prioridade absoluta os recursos dixitais. Ademais, e tal como aconteceu o pasado curso, se se considerara necesario, faríase unha adaptación desta programación no referido a contidos, aprendizaxes e instrumentos de avaliación. Esta adaptación sería comunicada de forma clara e precisa ao alumnado e ás familias.

Atendendo á posibilidade dunha suspensión parcial ou total das actividades presenciais, e á vista da experiencia do pasado curso, o Departamento de Xeografía e Historia porá en marcha tres ferramentas dixitais que garantan un desenvolvemento axeitado do proceso de ensino-aprendizaxe:

a) **Aula virtual**: ao inicio do curso presentarase ao alumnado esta ferramenta, explicándolle o seu funcionamento, o acceso á mesma e as actividades que se desenvolverán nesta aplicación. Ademais de proporcionarlle materiais variados (textos, gráficos e mapas, presentacións, contidos teóricos...), na aula virtual tamén se realizarán diferentes probas e traballos por parte do alumnado (comentarios de textos, mapas ou calquera outra fonte histórica; pequenos traballos de investigación histórica; probas escritas de avaliación). Estas probas e traballos serán os “instrumentos” de avaliación empregados para a cualificación dos alumnos.

b) **Cisco Webex Meetings**: a través desta aplicación de videoconferencia, pretendemos desenvolver “clases virtuais” na que o profesor poida expoñer ao alumnado explicacións teóricas e prácticas sobre os diversos temas, contidos e actividades do curso.

Ademais das explicacións “maxistrais” (que sempre son necesarias), estas clases virtuais servirían para que o alumnado expusera dúbidas ou reclamara aclaracións a calquera exercicio ou traballo proposto.

No que se refire ao número de clases virtuais semanais, será o centro o que indique cantas serán atendendo ás diversas variables posibles (especialmente os recursos dixitais de que dispoña o alumnado). Tendo en conta que neste curso o número de sesións lectivas semanais é de 3, consideramos que, á vista do acontecido no curso pasado e da natureza especial deste tipo de actividades, o número de clases virtuais semanais debería ser de 1 ou 2 (máis clases telemáticas poden resultar esgotadoras para o alumnado, ademais de que este precisará tempo para realizar as diferentes tarefas que se lle indiquen na aula virtual). O horario destas clases deberá ser consensuado polo equipo docente.

c) **Correo electrónico**: servirá como instrumento de comunicación entre o alumnado e as súas familias co profesor. A través deste correo electrónico o alumnado poderá enviar ao profesor as dúbidas ou aclaracións que considere oportunas (o que tamén poderá facer nas videoconferencias), así como traballos ou exercicios no caso de que houbera problemas coa aula virtual.

Pola súa parte, as familias tamén empregarán este correo electrónico para poñerse en contacto co profesor e plantexar calquera cuestión referida á actividade educativa dos seus fillos/as. É dicir, empregarase como unha “titoría virtual”.

## 8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS A EMPREGAR

Libro de texto: *VV.AA., Historia 4 ESO Obradoiro, ed. Santillana*

Caderno do alumno

Recursos dixitais de deseño propio e obtidos da rede

Mapas, atlas e recursos bibliográficos do departamento e da biblioteca do IES

## 9. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

**O referente para avaliar as aprendizaxes do alumnado son os criterios de avaliación e a súa concreción nos estándares de aprendizaxe avaliables**. No deseño das situacións de aprendizaxe tomaranse en consideración todos os elementos do currículo, entre eles os procedementos e os instrumentos de avaliación, así como os criterios de cualificación que permitan avaliar tanto os resultados da materia como o nivel competencial alcanzado polos alumnos e as alumnas.

No tocante aos **procedementos**, empregarase a observación sistemática do traballo do alumnado e levaranse a cabo probas escritas. En todo caso, tomaranse en consideración o cumprimento por parte do alumnos dos deberes recollidos no R.D. 732/1.995, e nas NOF do IES.

O anterior concrétase no seguinte **instrumento** de avaliación: as probas escritas (excepcionalmente poderán completarse con exercicios escritos ou orais que o alumnado preparará fóra do horario lectivo; neste caso, o alumnado será previamente informado destes exercicios ou traballos, o prazo de realización e o peso dos mesmos na nota do tema ou do estándar correspondente).

Polo que respecta ás ***probas escritas***, salvo excepcións xustificadas, faranse dúas por avaliación. En cada unha destas probas, o alumnado deberá amosar a adquisición e dominio dos estándares de aprendizaxe recollidos no punto 4 desta programación, de acordo ás porcentaxes reflectidas na mesma ("Peso cualificación"). Cada tema será valorado sobre 10.

A nota de avaliación será a media das notas obtidas en cada un dos temas obxecto de exame nesa avaliación. Considerarase que os temas están superados cando o alumno obteña unha media de 5 ou superior.

Aqueles alumnos que non aproben unha avaliación, poderán realizar un exame de recuperación posterior en cada unha delas (excepto na terceira). Neste exame de recuperación serán avaliados daqueles temas onde non obtiveron unha nota de 5 ou superior.

Un alumno superará a materia cando a media das cualificacións dos temas examinados sexa como mínimo 5.

Aqueles alumnos que non obteñan unha media de 5 ou superior despois da realización das tres avaliacións do curso, poderán realizar un exame final (previo á avaliación ordinaria) no que se examinarán dos temas onde non obtiveron a nota mínima de 5. Do mesmo modo, aqueles alumnos que tampouco chegaran ao 5 despois deste exame final, poderán realizar outro, da mesma natureza, correspondente á avaliación extraordinaria.

A falta de asistencia a un exame deberá ser xustificada formalmente. De non ser así, o alumno non terá dereito a repetilo. A alteración do desenvolvemento normal dun exame (actitude incorrecta, suplantación ou copia por calquera procedemento fraudulento...) dará lugar a unha cualificación de insuficiente na nota global da avaliación,

independentemente das cualificacións acadadas ao longo do período. Si poderá presentarse á proba de recuperación mencionada anteriormente.

## 10. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Aqueles alumnos que teñan materias pendentes dos cursos anteriores recibirán material de traballo cada trimestre (facilitado polo profesor) e realizarán unha proba escrita en cada avaliación que será avaliada segundo os criterios establecidos no punto anterior. Dito material de traballo poderá consistir en "apuntes" sobre os que se realizarán as probas escritas e/ou outro tipo de material co que deberán facer pequenos traballos individuais.

## 11. AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

A avaliación inicial incidirá na obtención de información sobre os coñecementos previos do alumnado e o grao de desenvolvemento das competencias clave. A avaliación incluirá a análise dos informes do curso anterior e completarase coa información obtida a través do titor. A maiores, a observación do traballo diario nos primeiros días do curso terá relevancia significativa.

A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

## 12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

É importante ter en conta que os alumnos poden acceder cun grao de desenvolvemento intelectual diferente e que aprenden de forma distinta. A atención a este tipo de diversidade abórdase desde as diversas posibilidades de programación das actividades de aprendizaxe, que, por un lado, se organizan segundo a súa dificultade, establecéndose ó principio cuestións sinxelas, concretas e descritivas, para pasar despois a outras complexas, abstractas e explicativas. Por outro lado, combínanse diferentes formas de aprendizaxe, presentando materiais, actividades e instrumentos de traballo variados co fin de conseguir un mesmo obxectivo didáctico. Caso de ser preciso,

proporanse adaptacións do currículo non significativas, o que poderá implicar adaptación dos tempos, dos métodos, dos recursos e mesmo dos instrumentos de avaliación.

De haber alumnos cun desfase curricular evidente, deseñaríase a preceptiva adaptación curricular significativa, modificando os elementos prescriptivos do currículo en función das necesidades dos alumnos afectados.

## 13. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN AO LONGO DO CURSO.

Traballarase de xeito significativo a comprensión lectora, a expresión oral e escrita e as tecnoloxías da información e da comunicación. Así mesmo, promoverase o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social. Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual e transexual

En contacto co resto do profesorado do grupo, traballarei na prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como na interiorización por parte do alumnado dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia e o respecto aos dereitos humanos.

## 14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Viaxes culturais, charlas, visitas a exposicións.

Segundo os acontecementos ofertados pola cidade e a Consellería ao longo do curso.

## 15. ACCIÓNS PREVISTAS EN RELACIÓN CO PLAN LECTOR E CO PLAN TIC

En consonancia co Proxecto Lector que ten como finalidade fomentar a lectura comprensiva e crear hábitos lectores no alumnado, o Departamento de Xeografía e Historia traballa coa **lectura, comprensión e comentario de textos**, xeralmente complementarios ao tema impartido. Dita actividade vai explícita no día a día da materia.

Esta actividade, indispensable nas Ciencias Sociais, completase con suxestións ou obrigatoriedade, segundo as circunstancias, de **lecturas de obras ou textos e a**

**elaboración de traballos escritos**, en período vacacional, nos que os alumnos deberán non so demostrar os seus coñecementos senón tamén a súa capacidade de síntese e crítica

No tocante ás TIC o obxectivo que se pretende desde o Departamento de Xeografía e Historia é familiarizarse e acostumarse ao emprego das novas tecnoloxías e ter destrezas no seu emprego. Que os alumnos saiban empregar de forma racional as TIC, e ademais aproveiten tódolos recursos que teñen á súa disposición.

Segundo a marcha do curso e o requirimento do tema poderán empregarse os seguintes recursos e instrumentos:

• Emprego de medios audiovisuais nas explicacións do temario ou na realización de actividades.

• Busca de información na rede.

## 16. CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA DO CENTRO.

Promoverase nas aulas o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social. Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual e transexual

En contacto co resto do profesorado do grupo, traballarase na prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como na interiorización por parte do alumnado dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia e o respecto aos dereitos humanos

## 17. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Ao remate do curso analizarase a o proceso de ensino aprendizaxe e a práctica docente co fin de comprobar:

- Se a planificación foi axeitada: o número e duración das actividades propostas, o nivel de dificultade, o interese para o alumnado, a significatividade para o proceso de aprendizaxe, se se basearon nos intereses do alumnado, se se aprendeu dun xeito colaborativo...

- Se se traballaron todos os contidos previstos. Na medida en que isto se verá mediatizado polas características de cada grupo e polos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, considerarase axeitado superar o 80% dos contidos propostos.
- Se os materiais e recursos utilizados resultaron accesibles, atractivos e suficientes
- Se se conseguiu motivar ao alumnado, espertar a súa curiosidade e ofrecerlles a axuda axeitada para facelos progresar. Tamén se todos participaron activamente e conseguiron o nivel máximo de desenvolvemento.
- Se se aplicaron os procedementos de avaliación programados e se aplicaron os criterios de cualificación propostos
- Se os resultados académicos estiveron en consonancia coas características do alumnado e do grupo. Sendo ideal acadar un 100% de aprobados tras da avaliación extraordinaria de setembro, fíxase o indicador de logro neste apartado nun 75%

## 18. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

En base aos indicadores de logro sinalados, o departamento analizará periodicamente na súa reunión a marcha da programación das distintas materias. Dito análise quedara recollido no libro de actas.

Unha vez rematadas as avaliacións, os seus resultados serán analizados de forma detallada na seguinte reunión. De ser o caso, tomaranse as medidas oportunas para corrixir as desviacións da programación , que quedarán recollidas no libro de actas.

Finalmente, ao rematar o curso, farase unha análise detallada tanto da programación como do seu grado de cumprimento, a partir dos indicadores de logro sinalados no apartado anterior. Tal análise se recollerá na memoria do departamento. Así mesmo, estableceranse as propostas de mellora para a programación didáctica do próximo curso

## 19. CONSTANCIA DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO

Os puntos esenciais da programación poderanse consultar na web do IES. O primeiro día de clase, informarase ao alumnado de todos os aspectos da programación da materia, principalmente os contidos da mesma, os estándares de aprendizaxe avaliables e

os mínimos para superar a materia. Tamén a temporalización prevista, a metodoloxía didáctica, os procedementos e os instrumentos de avaliación, os criterios e sistema de cualificación e o programa e, de ser o caso, as actividades de reforzo e recuperación de alumnos coa materia pendente. Como marca a lei a programación estará a disposición dos alumnos para a súa consulta na Xefatura do Departamento e na Xefatura de Estudos.

Poderase entregar o alumno un resumo dos apartados descritos anteriormente. Tamén se lle indicará ao alumnado o material necesario para as clases e, se compre, unha breve información sobre a bibliografía que poden consultar. Finalmente informarase sobre as actividades complementarias e extraescolares que o departamento ten previsto realizar no presente curso.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

**HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO**

**1º BACHARELATO**

**CURSO 2021-2022**

***I.E.S. O Couto (Ourense)***

# Índice

*1. Introdución e contextualización ..................................................... 4*

*2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave ........... 5*

*3. Concreción dos obxectivos para o curso ....................................... 6*

*4. A) Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, competencias clave e peso na cualificación .............. 8*

*4. B) Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe .... 17*

*5. Unidades didácticas: temporalización ............................................ 31*

*6.Metodoloxía didáctica ..................................................................... 35*

*7. Desenvolvemento da programación didáctica ante posibles escenarios diferentes en función da situación sanitaria.................... 37*

*8. Materiais e recursos didácticos e empregar .................................. 38*

*9. Procedemento de avaliación. Instrumentos de avaliación. Criterios de cualificación ............................................................................. 38*

*10. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes ................................................... 40*

*11. Avaliación inicial e medidas individuais e colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados ................................ 40*

*12. Medidas de atención á diversidade ............................................... 40*

*13. Concreción dos elementos transversais que se traballarán durante o curso ......................................................................... 41*

*14. Actividades complementarias e extraescolares ............................... 41*

*15. Accións previstas en relación co Plan Lector e co Plan TIC ......... 41*

*16. Contribución ao Plan de Convivencia do centro .......................... 42*

*17. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e práctica docente ........................................................................................ 42*

*18. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora ......................................................................... 43*

*19. Constancia de información ao alumnado ...................................... 43*

## 1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

A presente programación didáctica constitúe o terceiro nivel de concreción curricular. Toma como referencia de partida o *DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia* (1º nivel de concreción) e o proxecto educativo do IES O Couto. Á súa vez, representa a base do último nivel de concreción, a programación de aula para o desenvolvemento das unidades didácticas previstas.

A proposta está deseñada para un IES público situado nun contexto urbano, a cidade de Ourense, e máis concretamente no barrio que lle da nome ao IES, O Couto. O ISEC (índice de estatus social, económico, e cultural) do centro podería ser cualificado como de medio. Predomina o alumnado castelán falante, resultando significativa a presenza de alumnos procedentes do estranxeiro, en particular de América do Sur. Todas estas variables teñen que ser tidas en conta á hora de deseñar as actividades de aula propostas.

Centrándonos na materia, o estudo da materia de Historia do Mundo Contemporáneo é esencial para o coñecemento e a comprensión do mundo actual. Non menos importante é o seu carácter formativo, xa que desenvolve capacidades e técnicas intelectuais propias do pensamento abstracto e formal, tales como a observación, a análise, a interpretación, a capacidade de comprensión e o sentido crítico. Por outra banda, a historia contribúe decisivamente á formación de cidadáns e cidadás responsables, conscientes dos seus dereitos e das súas obrigas, así como da herdanza recibida e do seu compromiso coas xeracións futuras.

Historia do Mundo Contemporáneo pretende ofrecer unha visión de conxunto dos procesos históricos fundamentais do mundo pero prestando, cando é preciso, unha especial atención a España e a Galicia.

A cronoloxía debe ser o eixe do coñecemento histórico, porque non hai historia sen acontecementos, e no histórico está presente a idea de cambio, e precisamente para explicar tal cambio debemos recorrer á multiplicidade de sectores que compoñen a vida cotiá.

A partir dos contidos, dos criterios de avaliación e dos estándares de aprendizaxe avaliables preténdese o desenvolvemento persoal, intelectual e social do alumnado. Todas as actividades propostas queren favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si

mesmo, para traballar en equipo e individualmente e para actuar con espírito crítico. O seu estudo deberá contribuír a fomentar unha especial sensibilidade cara á sociedade do presente e a súa problemática, que anime a adoptar unha actitude responsable e solidaria coa defensa da liberdade, a igualdade entre homes e mulleres, os dereitos humanos, a non discriminación e os valores democráticos.

## 2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

As competencias defínense como capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

As competencias clave do currículo son as seguintes:

*Comunicación lingüística (CCL).*

*Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).*

*Competencia dixital (CD).*

*Aprender a aprender (CAA).*

*Competencias sociais e cívicas (CSC).*

*Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).*

*Conciencia e expresións culturais (CCEC).*

A achega da materia de Historia do mundo contemporáneo ao desenvolvemento das competencias clave é moi salientable. A través da materia se desenvolven competencias que na práctica funcionan como propias (as competencias sociais e cívicas); a competencia de conciencia e expresións culturais ten unha presenza destacada pola relación que o estudo das manifestacións artísticas e a evolución do pensamento e da cultura teñen na historia, e de maneira específica na historia da arte. A importancia que a materia ten para o desenvolvemento da competencia de sentido da iniciativa e espírito emprendedor evidénciase na dimensión conceptual desa competencia posta en relación con coñecementos de historia económica, pero tamén na dimensión máis procedemental dela. O desenvolvemento das competencias de comunicación lingüística e dixital, e de aprender a aprender, impregnan todo o currículo de Historia do mundo contemporáneo, pois presentan unha dimensión instrumental que nos obriga a telas presentes ao longo dos dous cursos de Bacharelato.

No cadro do apartado 4 da presente programación establécense as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación. Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deseñaranse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

## 3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO

A Historia para o mundo contemporáneo de 1º de bacharelato contribuirá á consecución dos seguintes obxectivos de entre os fixados para esta etapa educativa polo currículo:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

# 4. A) OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS CLAVE E PESO DA CUALIFICACIÓN

| *Tema* | *Obxectivos* | *Comp. clave* | *Identif. contido* | *Criterios de avaliación* | *Estándares de aprendizaxe* | Peso cualificación |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 0 | h/l/m | CSC CMCCT CAA | 11.1 | B11.1. Recoñecer que os acontecementos e procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía). | HMCB11.1.1. Recoñece que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía) ***-aplicable a todos os temas-*** | - |
| | e/g/h/i/ l/m | CSC CD CAA CCL | 11.2 | B11.2. Localizar e seleccionar información escrita e gráfica salientable utilizando fontes primarias e secundarias (biblioteca, internet, etc.), e analizar a súa credibilidade. | HMCB11.2.1. Localiza e selecciona información escrita e gráfica salientable utilizando fontes primarias e secundarias, e analiza a súa credibilidade ***-aplicable a todos os temas-*** | - |
| | e/h/i/n | CSC CCL | 11.3 | B11.3. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado. | HMCB11.3.1. Utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario ***-aplicable a todos os temas-*** | - |
| | | | | | | |
| 1 | a/b/c/d/ e/h | CSC CAA CCL | B 1.1 | B1.1. Definir e esquematizar os trazos do Antigo Réxime, describindo os seus aspectos demográficos, económicos, políticos, sociais e culturais, utilizando diferentes tipos de diagramas. | HMCB1.1.1. Extrae os trazos do Antigo Réxime dun texto proposto que os conteña. | 25% |
| | | CSC CAA CCL CD | | | HMCB1.1.2. Obtén e selecciona información escrita e gráfica relevante, utilizando fontes primarias ou secundarias, relativa ao Antigo Réxime. | |
| | | CSC CAA CCL CCEC | | | HMCB1.1.3. Clasifica os trazos do Antigo Réxime en aspectos demográficos, económicos, políticos, sociais e culturais. | |
| | | CSC CAA CCL | | | HMCB1.1.4. Elabora mapas conceptuais que explican os trazos característicos do Antigo Réxime. | |
| | | | | | HMCB1.2.2. Analiza a evolución dos trazos do Antigo Réxime do século XVII e o século XVIII. | |
| | a/b/c/d/ e/h | CSC CAA CCL | B 1.2 | B1.2. Distinguir as transformacións no Antigo Réxime e enumerar as que afectan a economía, a poboación e a sociedade (o despotismo ilustrado) | HMCB1.2.1. Explica as transformacións do Antigo Réxime que afectan a economía, a poboación e a sociedade. | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | a/b/c/d/e/h | CSC<br>CCEC<br>CCL | B 1.3 | B1.3. Explicar o parlamentarismo inglés do século XVII resumindo as características esenciais do sistema e valorando o papel das revolucións para alcanzar as transformacións necesarias para logralo | HMCB1.3.1. Describe as características do parlamentarismo inglés a partir de fontes históricas. | 30% |
| | | CSC<br>CCEC<br>CCL | | | HMCB1.3.2. Distingue as revolucións inglesas do século XVII como formas que promoven o cambio político do Antigo Réxime. | |
| | a/b/c/d/e/h | CSC<br>CCEC<br>CCL | B 1.4 | B1.4. Relacionar as ideas da Ilustración co Liberalismo de comezo do século XIX, establecendo elementos de coincidencia entre ambas as ideoloxías. | HMCB1.4.1. Enumera e describe as ideas da Ilustración e as do Liberalismo de comezos do século XIX. | 35% |
| | | CSC<br>CCEC<br>CCL | | | HMCB1.4.2. Establece as semellanzas e as diferenzas entre as ideas da Ilustración e o Liberalismo de comezos do século XIX. | |
| | a/b/c/d/e/g/h | CSC<br>CAA<br>CD | B 1.5 | B1.5. Describir as relacións internacionais do Antigo Réxime demostrando a idea de equilibrio europeo. | HMCB1.5.1. Sitúa en mapas de Europa os países ou reinos en función dos conflitos en que interveñen. | 5% |
| | a/b/c/d/e/h/m/n | CSC<br>CCEC<br>CCL<br>CAA | B 1.6 | B1.6. Diferenciar manifestacións artísticas do Antigo Réxime e seleccionar as obras máis destacadas | HMCB1.6.1. Distingue e caracteriza obras de arte do Rococó. | 5% |
| | | | | | | |
| HMCB8.1.2. Elabora un eixe cronolóxico que ordena os acontecementos que explican a desintegración da URSS, a formación da CEI e o xurdimento das repúblicas exsoviéticas. | Realiza unha procura guiada en internet para explicar de maneira razoada a disolución do bloque comunista.<br>Elabora un eixe cronolóxico que ordena os acontecementos que explican a desintegración da URSS, a formación da CEI e o xurdimento das repúblicas exsoviéticas cunha precisión mellorable |
| HMCB8.1.3. Compara os países dos Balcáns desde os anos 80 ata a actualidade, utilizando mapas de situación. | Compara mapas políticos da Europa do leste desde os anos oitenta ata a actualidade, ordenándoos cronoloxicamente. |
| HMCB8.2.1. Describe os trazos políticos e socioeconómicos da URSS desde a época de Jruschev ata a de Gorbachov. | É capaz de resumir sen erros salientables, os rasgos políticos e socioeconómicos da URSS despois de Stalin: desestalinización (Jruschev); inmobilismo (Breznev); socialismo desenvolto; crise do sistema,;Perestroika e Glasnost (Gorbachov) |
| HMCB8.3.1. Elabora un cadro sinóptico sobre a situación política e económica das repúblicas exsoviéticas e a CEI- Federación Rusa. | Elabora un cadro sinóptico identificando os conceptos máis importantes, establecendo relacións moderadamente aceptables, cos |

| | |
|---|---|
| | conceptos xerarquizados sen erros salientables e utilizando os conectores de xeito correcto |
| HMCB8.4.1. Analiza imaxes que reflicten a caída do muro de Berlín. | Analiza, contrasta, interpreta e obtén conclusións a partir do visionado de imaxes e material videográfico en torno á caída do muro de Berlín, demostrando coñecer suficientemente os antecedentes que axudan a comprender o asunto tratado. |
| HMCB8.4.2. Explica as novas relacións das repúblicas exsoviéticas con Europa occidental. | Cita que repúblicas exsoviéticas se incorporaron á UE, cales permanecen baixo a influencia de Rusia e en cales xurdiron conflitos vinculados a ese tema (Ucraína) |
| HMCB8.4.3. Realiza unha procura guiada en internet para explicar de maneira razoada a disolución do bloque comunista. | Obtén e analiza información fiable sobre a disolución do bloque comunista a través de internet, establecendo, con axuda, relacións directas cos coñecementos previos, de xeito que constrúe, de xeito aceptable, as súas propias conclusións |
| HMCB8.5.1. Describe comparativamente a evolución política dos países de Europa central e oriental tras a caída do muro de Berlín. | Describe sucintamente, de xeito aceptable, a evolución política de, polo menos, Polonia, RDA, as Repúblicas Bálticas, Rusia, Iugoslavia, Checoslovaquia, Rumanía e Bulgaria. |
| HMCB8.5.2. Describe e analiza as causas, o desenvolvemento e as consecuencias da guerra dos Balcáns, nomeadamente en Iugoslavia | Explica o proceso de desintegración de Iugoslavia, localizando nun mapa os países resultantes |
| HMCB9.1.1. Enumera as liñas de pensamento económico do mundo capitalista na segunda metade do século XX. | Enumera algunhas das máis importantes liñas de pensamento económico do mundo capitalista na segunda metade do século XX |
| HMCB9.1.2. Explica o modelo capitalista dun país elaborando información a partir dunha procura guiada en internet | Obtén e analiza información fiable sobre o modelo capitalista dun país a través de internet, establecendo, con axuda, relacións directas cos coñecementos previos, de xeito que constrúe superficialmente as súas propias conclusións |
| HMCB9.2.1. Identifica razoadamente as características e símbolos do Estado do benestar. | Identifica razoadamente as características e símbolos do Estado do Benestar segundo os distintos modelos (anglosaxón, nórdico, mediterráneo...) |

| | |
|---|---|
| HMCB9.3.1. Elabora eixes cronolóxicos sobre o proceso de construción da Unión Europea. | Explica o proceso de constitución da U.E. enumerando os fitos máis destacados.<br>Elabora un eixe cronolóxico sobre o proceso de formación da Unión Europea cunha precisión mellorable<br>Localiza sobre un mapa político os países membros da Europa Comunitaria diferenciando por cores a data da súa incorporación. |
| HMCB9.4.1. Relaciona razoadamente as institucións da Unión Europea cos obxectivos que esta persegue. | Identifica os retos e problemas actuais da UE a partir de fontes xornalísticas. Coñece o papel das institucións máis importantes: Comisión europea, Consello europeo, Consello de ministros, Parlamento, Eurogrupo |
| HMCB9.5.1. Realiza un eixe cronolóxico dos feitos máis significativos de tipo político, social e económico dos Estados Unidos desde os anos 60 aos 90. | Sitúa no tempo, mediante un eixe cronolóxico, e cunha precisión mellorable, os acontecementos máis significativo, |
| HMCB9.5.2. Selecciona e presenta mediante mapas ou redes conceptuais información referida aos Estados Unidos entre 1960 e 2000. | Elabora un mapa conceptual identificando os conceptos máis importantes, establecendo relacións moderadamente aceptables, cos conceptos xerarquizados sen erros salientables e utilizando os conectores de xeito correcto |
| HMCB9.6.1. Establece razoadamente as características e os símbolos que explican aspectos singulares do capitalismo de Xapón e a área do Pacífico. | Identifica a principais características do capitalismo de Xapón e área do Pacífico, sendo quen de explicar algunhas delas. |
| HMCB10.1.1. Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información existente en internet e noutros medios dixitais. | Obtén e analiza información fiable sobre o pasado a través de internet, establecendo, con axuda, relacións directas cos coñecementos previos, de xeito que constrúe superficialmente as súas propias conclusións |
| HMCB10.1.2. Elabora un breve informe sobre as relacións entre inmigración e globalización a partir de fontes históricas. | Analiza as características da globalización e establece relacións entre os procesos migratorios e globalización a partir de fontes históricas. |
| HMCB10.1.3. Extrae conclusións de imaxes e material videográfico relacionados co mundo actual. | Analiza, contrasta, interpreta e obtén conclusións a partir do visionado de imaxes e material videográfico, aínda que cun estilo persoal pouco orixinal e creativo, demostrando coñecer suficientemente os antecedentes que axudan a comprender o asunto tratado. |

| | |
|---|---|
| HMCB10.2.1. Realiza unha procura guiada en internet sobre a ameaza terrorista, organizacións que a sustentan, actos máis relevantes (11-S de Nova York, 11-M de Madrid, 7-X de Londres, etc.), os seus símbolos e as repercusións na sociedade, e analiza e comunica a información máis relevante. | Describe as características da ameaza terrorista islamita e os seus efectos sobre a vida cotiá das zonas máis afectadas.<br>Elabora un breve informe sobre os atentados do 11-S de 2001 e Nova York e/ou de Atocha en Madrid de 2004 consultando Internet. |
| HMCB10.3.1. Identifica os retos actuais da Unión Europea a partir de novas xornalísticas seleccionadas. | Obtén e analiza información sobre os retos actuais da UE, establecendo, con axuda, relacións directas cos coñecementos previos, de xeito que constrúe superficialmente as propias conclusións, empregando a terminoloxía axeitada, aínda que con precisión mellorable. |
| HMCB10.3.2. Explica comparativamente os desaxustes da Unión Europea na relación con outros países ou áreas xeopolíticas. | É quen de explicar, de xeito moderadamente aceptable, os problemas de relación da UE con Rusia, Turquía, USA e os países emerxente. |
| HMCB10.4.1. Elabora mapas conceptuais sobre os trazos da sociedade norteamericana, agrupados en política, sociedade, economía e cultura. | Elabora un mapa conceptual identificando os conceptos máis importantes, establecendo relacións moderadamente aceptables, cos conceptos xerarquizados sen erros salientables e utilizando os conectores de xeito correcto |
| HMCB10.5.1. Describe os principais movementos políticos, económicos, sociais e culturais da Hispanoamérica actual. | Identifica as principais realizacións e dificultades de América Latina durante a segunda metade do século XX.<br>Describe o principais movementos políticos, sociais e culturais actuais de Latino América consultando Internet.<br>Analiza os problemas económicos de América Latina a partir de datos estatísticos. |
| HMCB10.6.1. Enumera e explica os trazos económicos, políticos, relixiosos e sociais do mundo islámico, e localiza nun mapa os países que o forman na actualidade. | Describe a evolución do mundo islámico na actualidade caracterizando os seus trazos económicos, políticos, relixiosos e sociais.<br>Localiza nun mapa os países de maioría musulmá. Relaciona características do mundo islámico e a súa incidencia na tensión e conflitividade mundial |
| HMCB10.8.1. Compara aspectos económicos, políticos, relixiosos e sociais de China e a India. | Analiza o desenvolvemento económico de China e A India e as súas características a partir de datos estatísticos e textuais. |

| | |
|---|---|
| HMCB10.8.2. Compara aspectos económicos, políticos, relixiosos e sociais entre países emerxentes de Asia e África. | Busca na web datos económicos, políticos, relixiosos e sociais de Sudáfrica, Nixeria, China, India e Tailandia. Extrae conclusións, a partir da comparación dos datos, sen erros relevantes |
| HMCB11.1.1. Recoñece que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía). | Sitúa acontecementos e procesos no tempo (diacronía) e ao tempo (sincronía).<br>Elabora eixes cronolóxicos nos que sitúa acontecementos e procesos históricos.<br>Manexa cadros cronolóxicos que permiten a análise da sincronía dos cambios políticos e socioeconómicos.<br>Distingue entre causas de longa e curta duración, así como das consecuencias a curto e longo prazo. |
| HMCB11.2.1. Localiza e selecciona información escrita e gráfica salientable utilizando fontes primarias e secundarias, e analiza a súa credibilidade. | Analiza e comenta textos, mapas, gráficos, estatísticas e imaxes.<br>Elabora resumos, esquemas, mapas conceptuais, informes e sínteses.<br>Mostra interese polo rigor e pola obxectividade na busca e na interpretación da información histórica.<br>Relaciona fontes de información diversa como explicativas de procesos históricos complexos.<br>Mostra capacidade crítica á hora de analizar distintas interpretacións históricas.<br>Demostra a capacidade de relacionar novos conceptos con outros xa traballados e adquiridos anteriormente. |
| HMCB11.3.1. Utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario. | Define termos e conceptos específicos de cada unidade.<br>Emprega correctamente o vocabulario específico. |

## 5. UNIDADES DIDÁCTICAS. TEMPORALIZACIÓN

<table>
<tr><td rowspan="17">1ª avaliación</td><th colspan="4">UNIDADES DIDÁCTICAS/TEMAS</th></tr>
<tr><th rowspan="2">UD/ Tema</th><th rowspan="2">Bloque</th><th>Contido</th><th rowspan="2">Temporalización (sesións)</th></tr>
<tr><th>BLOQUE 11: A HISTORIA CONTEMPORÁNEA: O TEMPO HISTÓRICO. MÉTODOS E FERRAMENTAS PROPIAS DA DISCIPLINA</th></tr>
<tr><td rowspan="3">0</td><td>B 11.1</td><td>Diacronía e sincronía</td><td rowspan="3">3</td></tr>
<tr><td>B 11.2</td><td>Fontes históricas</td></tr>
<tr><td>B 11.3</td><td>Vocabulario histórico-artístico</td></tr>
<tr><td colspan="2"></td><th>BLOQUE 1: O ANTIGO RÉXIME</th><td></td></tr>
<tr><td rowspan="5">1</td><td>B 1.1<br>B 1.2</td><td>Características xerais do Antigo Réxime</td><td rowspan="5">7</td></tr>
<tr><td>B 1.3</td><td>O parlamentarismo inglés</td></tr>
<tr><td>B 1.4</td><td>O pensamento político da Ilustración</td></tr>
<tr><td>B 1.5</td><td>O equilibrio político europeo a finais do s. XVIII</td></tr>
<tr><td>B 1.6</td><td>O rococó</td></tr>
<tr><td colspan="2"></td><th>BLOQUE 2: AS REVOLUCIÓNS INDUSTRIAIS E AS SÚAS CONSECUENCIAS</th><td></td></tr>
<tr><td rowspan="2">2</td><td>B 2.1<br>B 2.2<br>B 2.3</td><td>A primeira e a segunda revolución industrial</td><td rowspan="2">8</td></tr>
<tr><td>B 2.5</td><td>Economía industrial e liberalismo económico</td></tr>
<tr><td>3</td><td>B 2.4</td><td>Os cambios sociais na etapa contemporánea: burguesía e proletariado</td><td>8</td></tr>
</table>

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 1ª avaliación | | B 2.6 | O movemento obreiro: sindicalismo e pensamento socialista | |
| | | | **BLOQUE 3: A CRISE POLÍTICA DO ANTIGO RÉXIME** | |
| | 4 | B 3.1<br>B 3.2 | A independencia dos EE.UU. | 12 |
| | | B 3.3<br>B 3.4 | A revolución francesa e o imperio napoleónico | |
| | | B 3.5<br>B 3.6 | A restauración absolutista: o Congreso de Viena. As revolucións liberais de 1820, 1830 e 1848 | |
| | | B 3.7 | O nacionalismo: a unidade de Italia e Alemaña | |
| | | B 3.9 | A independencia de Hispanoamérica | |
| | | B 3.8 | A arte da primeira metade do s. XIX: neoclasicismo e romanticismo | |
| | | | **BLOQUE 4: A DOMINACIÓN EUROPEA DO MUNDO E A I GUERRA MUNDIAL** | |
| | 5 | B 4.2 | As potencias europeas a finais do s. XIX. EE.UU. e Xapón | 6 |
| | | B 4.3<br>B 4.1 | A expansión imperialista contemporánea | |
| 2ª avaliación | 6 | B 4.4<br>B 4.5 | A I Guerra Mundial | 7 |
| | | | **BLOQUE 5: O PERÍODO DE ENTREGUERRAS, A II GUERRA MUNDIAL E AS SÚAS CONSECUENCIAS** | |
| | 7 | B 5.2 | A revolución rusa. O estalinismo | 8 |
| | 8 | B 5.1<br>B 5.4 | A economía no período de entreguerras: a crise do 29 | 7 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 2ª avaliación | 9 | B 5.5 | Os fascismos | 5 |
| | 10 | B 5.6<br>B 5.7<br>B 5.8<br>B 5.9<br>B 5.10<br>B 5.11 | As relacións internacionais no período de entreguerras. A II Guerra Mundial | 8 |
| 3ª avaliación | | | **BLOQUE 6: EVOLUCIÓN DE DOUS MUNDOS DIFERENTES E OS SEUS ENFRONTAMENTOS** | |
| | 11 | B 6.1<br>B 6.2 | O enfrontamento entre o mundo capitalista e o comunista: a Guerra Fría | 4 |
| | | | **BLOQUE 7: A DESCOLONIZACIÓN E O TERCEIRO MUNDO** | |
| | 12 | B 7.1<br>B 7.2<br>B 7.3 | O proceso descolonizador | 5 |
| | | B 7.4<br>B 7.5 | O Terceiro Mundo: o Movemento dos Países non Aliñados. Subdesenvolvemento e dependencia | |
| | | | **BLOQUE 8: CAPITALISMO E COMUNISMO** | |
| | 13 | B 6.3<br>B 6.4 | Características do bloque capitalista e do bloque comunista | 2 |
| | | | **BLOQUE 9: A CRISE DO BLOQUE COMUNISTA** | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 3ª avaliación | 14 | B 8.1<br>B 8.2<br>B 8.3 | A desintegración da URSS | 7 |
| | | B 8.4<br>B 8.5 | A desaparición do bloque comunista na Europa oriental. Os conflitos internos: a guerra dos Balcáns | |
| | | | **BLOQUE 10 O MUNDO CAPITALISTA NA SEGUNDA METADE DO S. XX** | |
| | 15 | B 9.1<br>B 9.2 | O modelo económico capitalista. O Estado de benestar | 7 |
| | | B 9.3<br>B 9.4 | Da C.E.E. a U.E.: o proceso de integración europeo | |
| | | B 9.5 | Os EE.UU. na segunda metade do s. XX | |
| | | B 9.6 | Xapón e os “dragóns” asiáticos | |
| | | | **BLOQUE 11: O MUNDO ACTUAL DENDE UNHA PERSPECTIVA HISTÓRICA** | |
| | 16 | B 10.1 | Globalización e medios de comunicación. A inmigración como fenómeno global | 8 |
| | | B 10.2 | A ameaza terrorista internacional | |
| | | B 10.3 | Presente e futuro da UE | |
| | | B 10.4 | Os EE.UU. do comezo do s. XXI | |
| | | B 10.5 | Perspectiva actual do mundo hispanoamericano | |
| | | B 10.6 | O mundo islámico na actualidade | |
| | | B 10.7 | O continente africano e os seus problemas actuais | |
| | | B 10.8 | O continente asiático: India, China e os países emerxentes | |

## 6. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

A metodoloxía didáctica empregada para desenvolver esta materia debe favorecer o traballo individual e/ou en grupo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo e a transferencia e a aplicación do aprendido. Ademais, pretendese exercitar ao alumnado nos procedementos habituais do historiador: natureza, tipoloxía e importancia das distintas clases de fontes, análise e utilización crítica das mesmas, contraste de interpretacións historiográficas e utilización de información procedente dos medios de comunicación de masas para achegarse ao coñecemento da realidade actual.

As tecnoloxías da información e da comunicación deben ser utilizadas como unha ferramenta necesaria para a aprendizaxe, tanto polo seu carácter imprescindible na educación superior como pola súa utilidade e relevancia para a vida cotiá e a inserción laboral.

A natureza específica da historia -multiplicidade de factores que interveñen nunha realidade humana, cambio permanente mais non uniforme nin no tempo nin no espazo e irrepetibilidade dos feitos- condúcenos a que nesta disciplina, en canto materia de ensinanza-aprendizaxe, debamos ter en conta as seguintes consideracións didácticas:

- A forma de acceder ao coñecemento histórico non é uniforme dentro da propia disciplina. Inflúen a parcela espacial e cronolóxica que se considere. Non nos acercamos cos mesmos medios ao coñecemento histórico máis afastado no tempo e no espazo que a unha época próxima. Polo tanto, os medios que se utilicen non deben ser idénticos ao longo de todo o desenvolvemento da materia.
- Na clase de Historia fanse comentarios sobre valores e sobre actitudes e ao facelo transmítense mensaxes. Isto fai o seu estudio vulnerable a interferencias políticas e a que, con frecuencia, se confundan consideracións de orde política e ideolóxica con consideracións de tipo educativo. Polo que se procurará tratar os temas de estudio con obxectividade e non emitir xuízos de valor.
- A motivación é un aspecto importante para acadar unha ensinanza eficaz. Para promover que sexa positiva, é necesario que os temas de estudio conecten cos intereses do alumnado. O emprego de medios audiovisuais, o achegamento a problemas do seu contorno, as saídas programadas, etc. constitúen estratexias motivadoras e atractivas.

- Partindo destas consideracións as distintas Unidades Didácticas deben enfocarse non como un conxunto de feitos illados, senón como un conxunto de procesos e de problemas nos que se analicen as súas causas e as súas consecuencias e as relacións existentes entre elas. Para isto, os medios non son só materiais ( fontes e instrumentos), senón tamén conceptuais e de léxico propio desta disciplina que hai que adquirir comprensivamente.
- Na ensinanza da Historia, e en función dos contidos a tratar, empregaremos distintas estratexias metodolóxicas. A exposición do profesor/a será necesaria, sobre todo, ao tratar contidos conceptuais de maior complexidade porque lle permitirá ao alumnado un mellor acceso a eles. Para outros contidos, as estratexias de descubrimento ou de indagación, mediante materiais que se lle proporcionen, tamén serán necesarias porque o alumnado, ao indagar en diversas fontes, constrúen ao seu propio coñecemento en lugar de recibir a información xa elaborada.

O plan de traballo dunha clase variará segundo os temas a tratar:

Para a ensinanza de parcelas máis antigas que é difícil que o alumnado se sitúe, ou para aspectos da Historia que, polo seu afastamento espazo-temporal, non teñen unha repercusión recoñecible no contorno, sería:

-A presentación dos problemas por parte do profesor/a.

-Plantexamento sobre a natureza e sobre as causas do proceso histórico en cuestión.

-A ilustración e comprobación das conclusións con exemplos concretos, sempre que sexan procesos xerais.

Para abordar os aspectos relacionados co mundo actual e para o estudo de aspectos da historia máis próxima, a vía sería partir do concreto para chegar ao abstracto e, apoiándose en datos do contorno próximo, inducir a curiosidade de por que é así e ir relacionando a historia local cos seus condicionantes externos para intentar alcanzar unha comprensión de estruturas e de procesos máis amplos, pois non se pode entender o medio no que se desenvolve o alumnado desconectado das súas referencias máis xerais.

A primeira das actividades de cada unha das Unidades Didácticas actuará de ámbito motivador para o tema das mesmas e para que o alumnado manifeste as súas

opinións e sexan conscientes do que coñecen e do que descoñecen. Así o profesor/a estará en condicións de axustar a proposta de actividades, incorporando as conclusións desta primeira sesión. A presentación pode ser distinta en cada caso: enquisa, visualización dun fragmento dun vídeo, observación de gráficos, comparación de debuxos, pinturas, fotografías etc.

## 7. DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA ANTE POSIBLES ESCENARIOS DIFERENTES EN FUNCIÓN DA SITUACIÓN SANITARIA

A ameaza da COVID-19 segue presente neste curso, polo que as posibilidades dun cambio de escenario no desenvolvemento das actividades lectivas, tal e como sucedeu o curso pasado, son evidentes. Deste modo, o modelo metodolóxico exposto con anterioridade está previsto para un escenario habitual de actividades lectivas presenciais. Agora ben, ante a posibilidade dunha actividade lectiva semipresencial e/ou non presencial, os instrumentos educativos serán diferentes, cobrando unha prioridade absoluta os recursos dixitais. Ademais, e tal como aconteceu o pasado curso, se se considerara necesario, faríase unha adaptación desta programación no referido a contidos, aprendizaxes e instrumentos de avaliación. Esta adaptación sería comunicada de forma clara e precisa ao alumnado e ás familias.

Atendendo á posibilidade dunha suspensión parcial ou total das actividades presenciais, e á vista da experiencia do pasado curso, o Departamento de Xeografía e Historia porá en marcha tres ferramentas dixitais que garantan un desenvolvemento axeitado do proceso de ensino-aprendizaxe:

a) **Aula virtual**: ao inicio do curso presentarase ao alumnado esta ferramenta, explicándolle o seu funcionamento, o acceso á mesma e as actividades que se desenvolverán nesta aplicación. Ademais de proporcionarlle materiais variados (textos, gráficos e mapas, presentacións, contidos teóricos...), na aula virtual tamén se realizarán diferentes probas e traballos por parte do alumnado (comentarios de textos, mapas ou calquera outra fonte histórica; pequenos traballos de investigación histórica; probas escritas de avaliación). Estas probas e traballos serán os “instrumentos” de avaliación empregados para a cualificación dos alumnos.

b) **Cisco Webex Meetings**: a través desta aplicación de videoconferencia, pretendemos desenvolver “clases virtuais” na que o profesor poida expoñer ao alumnado explicacións teóricas e prácticas sobre os diversos temas, contidos e actividades do curso.

Ademais das explicacións “maxistrais” (que sempre son necesarias), estas clases virtuais servirían para que o alumnado expusera dúbidas ou reclamara aclaracións a calquera exercicio ou traballo proposto.

No que se refire ao número de clases virtuais semanais, será o centro o que indique cantas serán atendendo ás diversas variables posibles (especialmente os recursos dixitais de que dispoña o alumnado). Tendo en conta que neste curso o número de sesións lectivas semanais é de 4, consideramos que, á vista do acontecido no curso pasado e da natureza especial deste tipo de actividades, o número de clases virtuais semanais debería ser de 1 ou 2 (máis clases telemáticas poden resultar esgotadoras para o alumnado, ademais de que este precisará tempo para realizar as diferentes tarefas que se lle indiquen na aula virtual). O horario destas clases deberá ser consensuado polo equipo docente.

c) **Correo electrónico**: servirá como instrumento de comunicación entre o alumnado e as súas familias co profesor. A través deste correo electrónico o alumnado poderá enviar ao profesor as dúbidas ou aclaracións que considere oportunas (o que tamén poderá facer nas videoconferencias), así como traballos ou exercicios no caso de que houbera problemas coa aula virtual.

Pola súa parte, as familias tamén empregarán este correo electrónico para poñerse en contacto co profesor e plantexar calquera cuestión referida á actividade educativa dos seus fillos/as. É dicir, empregarase como unha “titoría virtual”.

## 8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS A EMPREGAR

Libro de texto: *X. Alfeirán Rodríguez/ A. Romero Masiá, Historia do mundo contemporáneo, 1º Bacharelato, Baía edicións*

Caderno do alumno

Recursos dixitais de deseño propio e obtidos da rede

Mapas, atlas e recursos bibliográficos do departamento e da biblioteca do IES

## 9. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

**O referente para avaliar as aprendizaxes do alumnado son os criterios de avaliación e a súa concreción nos estándares de aprendizaxe avaliables**. No deseño das situacións de aprendizaxe tomaranse en consideración todos os elementos do currículo, entre eles os procedementos e os instrumentos de avaliación, así como os

criterios de cualificación que permitan avaliar tanto os resultados da materia como o nivel competencial alcanzado polos alumnos e as alumnas.

No tocante aos **procedementos**, empregarase a observación sistemática do traballo do alumnado; levaranse a cabo probas escritas; desenvolverase un protocolo de rexistro en torno á actividade de cada alumno e alumna; revisarase periodicamente o caderno do alumno. En todo caso, tomaranse en consideración o cumprimento por parte do alumnos dos deberes recollidos no R.D. 732/1.995, e nas NOF do IES.

O anterior concrétase no seguinte **instrumento** de avaliación: as probas escritas (excepcionalmente poderán completarse con exercicios escritos ou orais que o alumnado preparará fóra do horario lectivo; neste caso, o alumnado será previamente informado destes exercicios ou traballos, o prazo de realización e o peso dos mesmos na nota do tema ou do estándar correspondente).

Polo que respecta ás ***probas escritas***, salvo excepcións xustificadas, faranse dúas por avaliación. En cada unha destas probas, o alumnado deberá amosar a adquisición e dominio dos estándares de aprendizaxe recollidos no punto 4 desta programación, de acordo ás porcentaxes reflectidas na mesma ("Peso cualificación"). Cada tema será valorado sobre 10.

A nota de avaliación será a media das notas obtidas en cada un dos temas obxecto de exame nesa avaliación. Considerarase que os temas están superados cando o alumno obteña unha media de 5 ou superior.

Aqueles alumnos que non aproben unha avaliación, poderán realizar un exame de recuperación posterior en cada unha delas (excepto na terceira). Neste exame de recuperación serán avaliados daqueles temas onde non obtiveron unha nota de 5 ou superior.

Un alumno superará a materia cando a media das cualificacións dos temas examinados sexa como mínimo 5.

Aqueles alumnos que non obteñan unha media de 5 ou superior despois da realización das tres avaliacións do curso, poderán realizar un exame final (previo á avaliación ordinaria) no que se examinarán dos temas onde non obtiveron a nota mínima de 5. Do mesmo modo, aqueles alumnos que tampouco chegaran ao 5 despois deste exame final, poderán realizar outro, da mesma natureza, correspondente á avaliación extraordinaria.

A falta de asistencia a un exame deberá ser xustificada formalmente. De non ser así, o alumno non terá dereito a repetilo. A alteración do desenvolvemento normal dun exame (actitude incorrecta, suplantación ou copia por calquera procedemento fraudulento...) dará lugar a unha cualificación de insuficiente na nota global da avaliación, independentemente das cualificacións acadadas ao longo do período. Si poderá presentarse á proba de recuperación mencionada anteriormente.

## 10. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Ao tratarse dun curso que dá inicio a unha nova etapa educativa, o alumnado de 1º Bacharelato non ten materias pendentes de cursos anteriores.

## 11. AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

A avaliación inicial incidirá na obtención de información sobre os coñecementos previos do alumnado e o grao de desenvolvemento das competencias clave. A avaliación incluirá a análise dos informes do curso anterior e completarase coa información obtida a través do titor. A maiores, a observación do traballo diario nos primeiros días do curso terá relevancia significativa.

A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

## 12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

É importante ter en conta que os alumnos poden acceder cun grao de desenvolvemento intelectual diferente e que aprenden de forma distinta. A atención a este tipo de diversidade abórdase desde as diversas posibilidades de programación das actividades de aprendizaxe, que, por un lado, se organizan segundo a súa dificultade, establecéndose ó principio cuestións sinxelas, concretas e descritivas, para pasar despois a outras complexas, abstractas e explicativas. Por outro lado, combínanse diferentes formas de aprendizaxe, presentando materiais, actividades e instrumentos de traballo variados co fin de conseguir un mesmo obxectivo didáctico. Caso de ser preciso,

proporanse adaptacións do currículo non significativas, o que poderá implicar adaptación dos tempos, dos métodos, dos recursos e mesmo dos instrumentos de avaliación.

De haber alumnos cun desfase curricular evidente, deseñaríase a preceptiva adaptación curricular significativa, modificando os elementos prescriptivos do currículo en función das necesidades dos alumnos afectados.

## 13. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN AO LONGO DO CURSO.

Traballarase de xeito significativo a comprensión lectora, a expresión oral e escrita e as tecnoloxías da información e da comunicación. Así mesmo, promoverase o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social. Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual e transexual

En contacto co resto do profesorado do grupo, traballarei na prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como na interiorización por parte do alumnado dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia e o respecto aos dereitos humanos.

## 14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Viaxes culturais, charlas, visitas a exposicións.

Segundo os acontecementos ofertados pola cidade e a Consellería ao longo do curso.

## 15. ACCIÓNS PREVISTAS EN RELACIÓN CO PLAN LECTOR E CO PLAN TIC

En consonancia co Proxecto Lector que ten como finalidade fomentar a lectura comprensiva e crear hábitos lectores no alumnado, o Departamento de Xeografía e Historia traballa coa **lectura, comprensión e comentario de textos**, xeralmente complementarios ao tema impartido. Dita actividade vai explícita no día a día da materia.

Esta actividade, indispensable nas Ciencias Sociais, completase con suxestións ou obrigatoriedade, segundo as circunstancias, de **lecturas de obras ou textos e a**

**elaboración de traballos escritos**, en período vacacional, nos que os alumnos deberán non so demostrar os seus coñecementos senón tamén a súa capacidade de síntese e crítica

No tocante ás TIC o obxectivo que se pretende desde o Departamento de Xeografía e Historia é familiarizarse e acostumarse ao emprego das novas tecnoloxías e ter destrezas no seu emprego. Que os alumnos saiban empregar de forma racional as TIC, e ademais aproveiten tódolos recursos que teñen á súa disposición.

Segundo a marcha do curso e o requirimento do tema poderán empregarse os seguintes recursos e instrumentos:

• Emprego de medios audiovisuais nas explicacións do temario ou na realización de actividades.

• Busca de información na rede.

## 16. CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA DO CENTRO.

Promoverase nas aulas o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social. Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual e transexual

En contacto co resto do profesorado do grupo, traballarase na prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como na interiorización por parte do alumnado dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia e o respecto aos dereitos humanos

## 17. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Ao remate do curso analizarase a o proceso de ensino aprendizaxe e a práctica docente co fin de comprobar:

- Se a planificación foi axeitada: o número e duración das actividades propostas, o nivel de dificultade, o interese para o alumnado, a significatividade para o proceso de aprendizaxe, se se basearon nos intereses do alumnado, se se aprendeu dun xeito colaborativo...

- Se se traballaron todos os contidos previstos. Na medida en que isto se verá mediatizado polas características de cada grupo e polos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, considerarase axeitado superar o 80% dos contidos propostos.
- Se os materiais e recursos utilizados resultaron accesibles, atractivos e suficientes
- Se se conseguiu motivar ao alumnado, espertar a súa curiosidade e ofrecerlles a axuda axeitada para facelos progresar. Tamén se todos participaron activamente e conseguiron o nivel máximo de desenvolvemento.
- Se se aplicaron os procedementos de avaliación programados e se aplicaron os criterios de cualificación propostos
- Se os resultados académicos estiveron en consonancia coas características do alumnado e do grupo. Sendo ideal acadar un 100% de aprobados tras da avaliación extraordinaria de setembro, fíxase o indicador de logro neste apartado nun 75%

## 18. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

En base aos indicadores de logro sinalados, o departamento analizará periodicamente na súa reunión a marcha da programación das distintas materias. Dito análise quedara recollido no libro de actas.

Unha vez rematadas as avaliacións, os seus resultados serán analizados de forma detallada na seguinte reunión. De ser o caso, tomaranse as medidas oportunas para corrixir as desviacións da programación , que quedarán recollidas no libro de actas.

Finalmente, ao rematar o curso, farase unha análise detallada tanto da programación como do seu grado de cumprimento, a partir dos indicadores de logro sinalados no apartado anterior. Tal análise se recollerá na memoria do departamento. Así mesmo, estableceranse as propostas de mellora para a programación didáctica do próximo curso

## 19. CONSTANCIA DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO

Os puntos esenciais da programación poderanse consultar na web do IES. O primeiro día de clase, informarase ao alumnado de todos os aspectos da programación da materia, principalmente os contidos da mesma, os estándares de aprendizaxe avaliables e

os mínimos para superar a materia. Tamén a temporalización prevista, a metodoloxía didáctica, os procedementos e os instrumentos de avaliación, os criterios e sistema de cualificación e o programa e, de ser o caso, as actividades de reforzo e recuperación de alumnos coa materia pendente. Como marca a lei a programación estará a disposición dos alumnos para a súa consulta na Xefatura do Departamento e na Xefatura de Estudos.

Poderase entregar o alumno un resumo dos apartados descritos anteriormente. Tamén se lle indicará ao alumnado o material necesario para as clases e, se compre, unha breve información sobre a bibliografía que poden consultar. Finalmente informarase sobre as actividades complementarias e extraescolares que o departamento ten previsto realizar no presente curso.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

**HISTORIA DE ESPAÑA**

**2º de BACHARELATO**

**CURSO 2021-2022**

***I.E.S. O Couto (Ourense)***

## INDICE


| | Páx |
|---|---|
| 1. Introdución e contextualización | 2 |
| 2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave | 3 |
| 3. Concreción dos obxectivos para o curso | 4 |
| 4. Contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave | 5 |
| 5. Concreción, para cada estándar de aprendizaxe avaliable, do grao mínimo de consecución para superar a materia e da avaliación | 22 |
| 6. Unidades didácticas. Temporalización | 34 |
| 7. Metodoloxía didáctica | 35 |
| 8. Desenvolvemento da programación didáctica ante posibles escenarios diferentes en función da situación sanitaria | 37 |
| 9.Materiais e recursos | 39 |
| 10. Procedemento de avaliación continua. Instrumentos de avaliación. Criterios de cualificación e promoción do alumnado | 39 |
| 11. Procedemento da avaliación extraordinaria | 42 |
| 12. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 42 |
| 131 Deseño da avaliación inicial e medidas individuais e colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados | 43 |
| 14. Medidas de atención á diversidade | 43 |
| 15. Elementos transversais | 43 |
| 16. Actividades complementarias e extraescolares | 44 |
| 17. Apoio ao proxecto lector e ao plan TIC | 44 |
| 18. Contribución ao plan de Convivencia | 45 |
| 19. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente | 45 |
| 20. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora | 46 |
| 21.Constancia de información ao alumnado | 46 |

## 1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

A presente programación didáctica constitúe o terceiro nivel de concreción curricular. Toma como referencia de partida o *DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia* (1º nivel de concreción) e o proxecto educativo do IES O Couto. Á súa vez, represente a base do último nivel de concreción, a programación de aula para o desenvolvemento das unidades didácticas previstas.

A proposta está deseñada para un IES público situado nun contexto urbano, a cidade de Ourense, e máis concretamente no barrio que lle da nome ao IES, O Couto. O ISEC (índice de estatus social, económico, e cultural) do centro podería ser cualificado como de medio. Predomina o alumnado castelán falante, resultando significativa a presenza de alumnos procedentes do estranxeiro, en particular de América do Sur. Todas estas variables han de ser tidas en conta á hora de deseñar as actividades de aula propostas.

Centrándonos na materia, o estudo da materia de Historia de España de segundo curso de bacharelato pretende ofrecer unha visión de conxunto dos procesos históricos fundamentais dos territorios que configuran o actual Estado español, prestando, cando cumpra, unha especial atención a Galicia, pero sen esquecer por iso a súa pluralidade interna e a súa pertenza a outros ámbitos máis amplos, coma o europeo e o iberoamericano. Neste sentido, a materia recolle, na análise dos procesos históricos, tanto os aspectos compartidos como os diferenciais.
Concibida como materia común para todas as modalidades de bacharelato, ofrécelles aos alumnos e ás alumnas que chegan á vida adulta a posibilidade de coñeceren a historia de España de xeito continuo e sistemático. Na distribución cronolóxica dos contidos outórgaselle unha maior importancia ao coñecemento da historia contemporánea, sen renunciar por iso aos referidos ás etapas anteriores, pois en grande medida a pluralidade da España actual só é comprensible se nos remontamos a procesos e feitos que teñen a súa orixe nun pasado remoto. Deste xeito, dedícase un primeiro bloque aos comezos da nosa historia, desde os primeiros humanos á monarquía visigoda; o segundo refírese á Idade Media, desde a conquista musulmá da Península; os dous seguintes estudan a Idade Moderna, ata as vésperas da Revolución Francesa; e os oito restantes a Idade Contemporánea.

A través do estudo da Historia de España, o alumnado deberá adquirir determinados valores e hábitos de comportamento, como a actitude crítica cara ás fontes, o recoñecemento da diversidade de España ou a valoración do patrimonio cultural e histórico recibido. Así mesmo, tal estudo deberá contribuír a fomentar unha especial sensibilidade cara á sociedade do presente e a súa problemática, que anime a adoptar unha actitude responsable e solidaria coa defensa da liberdade, a igualdade de entre homes e mulleres, os dereitos humanos, a non-discriminación e os valores democráticos.
A cronoloxía debe ser o eixe do coñecemento histórico, porque non hai historia sen acontecementos, e no histórico está presente a idea de cambio, e precisamente para explicar tal cambio debemos recorrer á multiplicidade de sectores que compoñen a vida cotiá.
A partir dos contidos, dos criterios de avaliación e dos estándares de aprendizaxe avaliables preténdese o desenvolvemento persoal, intelectual e social do alumnado. Todas as actividades propostas queren favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e individualmente e para actuar con espírito crítico. O seu estudo deberá contribuír a fomentar unha especial sensibilidade cara á sociedade do presente e a súa problemática, que anime a adoptar unha actitude responsable e solidaria coa defensa da liberdade, a igualdade entre homes e mulleres, os dereitos humanos, a non discriminación e os valores democráticos.

## 2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

As competencias defínense como capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

As competencias clave do currículo son as seguintes:
Comunicación lingüística (CCL).
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
Competencia dixital (CD).
Aprender a aprender (CAA).
Competencias sociais e cívicas (CSC).
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
Conciencia e expresións culturais (CCEC).

A materia é rica en achegas ao coñecemento competencial. As competencias clave sociais e cívicas, e de conciencia e expresións culturais reciben un tratamento moi específico relacionado cos contidos que son propios da historia de España. Ademais, as competencias lingüística, dixital e de aprender a aprender están presentes de maneira constante na súa vertente máis instrumental, e deben impregnar todo o que sexa posible o desenvolvemento curricular da materia. O traballo competencial matemático e en ciencias e tecnoloxía trátase de xeito puntual. A competencia clave de sentido de iniciativa e espírito emprendedor debe estar moi presente nas vertentes máis actitudinais e competenciais da materia.

No cadro do apartado 5 da presente programación establécense as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación. Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deseñaranse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

## 3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO.

A materia contribuirá á consecución dos seguintes obxectivos de entre os fixados para esta etapa educativa polo currículo:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

## 4. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE:

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obx | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Cp. clave |
| | Bloque 0: Como se escribe a Historia. Criterios comúns | | | |
| —d<br>—e<br>—g<br>—h<br>—i<br>—l<br>—m | —B0.1. Método histórico. Fontes e perspectivas. | —B0.1. Localizar fontes primarias (históricas) e secundarias (historiográficas) en bibliotecas, internet, etc., e extraer información salientable sobre o tratado, valorando criticamente a súa fiabilidade. | —HEB0.1.1. Procura información de interese (en libros e internet) sobre a importancia cultural e artística dun personaxe historicamente salientable, un feito ou un proceso histórico, e elabora unha breve exposición. | —CCL<br>—CD<br>—CAA<br>—CSC<br>—CSIEE<br>—CCEC |
| —d<br>—e<br>—h<br>—i<br>—l | —B0.2. Análise e comentario de fontes. | —B0.2. Elaborar mapas e liñas de tempo, localizando as fontes adecuadas, utilizando os datos proporcionados ou servíndose dos coñecementos xa adquiridos. | —HEB0.2.1. Representa unha liña do tempo situando nunha ringleira os principais acontecementos relativos a determinados feitos ou procesos históricos. | —CCL<br>—CAA<br>—CSC |
| —h<br>—i<br>—l | —B0.3. Utilidade das fontes. | —B0.3. Comentar e interpretar fontes primarias (históricas) e secundarias (historiográficas), relacionando a súa | —HEB0.3.1. Responde a cuestións propostas a partir de fontes históricas e historiográficas. | —CMCCT<br>—CAA<br>—CSC |

| | Historia de España. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obx | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Cp. clave |
| | | información cos coñecementos previos. | | |
| —d<br>—e<br>—h<br>—i<br>—l | —B0.4. Mapas e liñas do tempo. | —B0.4. Recoñecer a utilidade das fontes para o/a historiador/a, á parte da súa fiabilidade. | —HEB0.4.1. Distingue o carácter das fontes históricas non só como información, senón tamén como proba para responder ás preguntas que se formulan os/as historiadores/as. | —CMCCT<br>—CAA<br>—CSC |
| | Bloque 1. A Península Ibérica desde os primeiros humanos ata a desaparición da monarquía Visigoda (711) | | | |
| —HEB2.4.1. Explica a orixe e as características do réxime señorial e a sociedade estamental no ámbito cristián. | Elabora traballos de síntese, cunha estrutura mellorable e só con erros en aspectos irrelevantes, sobre a orixe e as características do réxime señorial e a sociedade estamental no ámbito cristián | PE<br>FO |
| —HEB2.5.1. Describe o labor dos centros de tradución. | Describe sucintamente o labor dos centros de tradución e explica algunha das súas repercusións máis importantes | PE<br>FO |

| | | |
|---|---|---|
| —HEB2.5.2. Procura información de interese (en libros e internet) sobre a importancia cultural e artística do Camiño de Santiago, e elabora unha breve exposición. | Obtén e analiza información fiable sobre a importancia do Camiño de Santiago, a través de internet, establecendo, con axuda, relacións directas cos coñecementos previos, de xeito que constrúe, de xeito aceptable, as súas propias conclusións | PE<br>FO |
| —HEB3.1.1. Define o concepto de unión dinástica aplicado a Castela e Aragón en tempos dos Reis Católicos e describe as características do novo Estado. | Analiza a actuación dos Reis Católicos en relación con Galicia | PE<br>FO |
| —HEB3.1.2. Explica as causas e as consecuencias dos feitos máis relevantes de 1492. | Elabora traballos de síntese, cunha estrutura mellorable e só con erros en aspectos irrelevantes; cita a maioría e explica as máis importantes causas e consecuencias dos feitos máis relevantes do 1492 | PE<br>FO |
| —HEB3.1.3. Analiza as relacións dos Reis Católicos con Portugal e os obxectivos que perseguían. | Situa a situación dos reinos de Castilla e de Aragon en relacion os distintos tratados sobre as colonias. Tratado de Tordesillas | PE<br>FO |
| —HEB3.2.1. Compara os imperios territoriais de Carlos I e de Filipe II, e explica os problemas que provocaron. | Relaciona o aumento de territorios en Europa co problema que representou a Reforma Protestante. | PE<br>FO |
| —HEB3.2.2. Explica a expansión colonial en América e no Pacífico durante o século XVI. | Elabora traballos de síntese, cunha estrutura mellorable e só con erros en aspectos irrelevantes, sobre a expansión colonial en América e no Pacífico durante o século XVI | PE<br>FO |
| —HEB3.2.3. Analiza a política respecto a América no século XVI e as súas consecuencias para España, Europa e a poboación americana. | Explica o modelo de dominio e explotación e as criticas formuladas contra ela | PE<br>FO |
| —HEB3.3.1. Describe a práctica do valemento e os seus efectos na crise da monarquía. | Elabora unha referencia sobre o válido Conde Duque de Olivares ou sobre o Duque de Lerma | PE<br>FO |
| —HEB3.3.2. Explica os principais proxectos de reforma do Conde Duque de Olivares. | Elabora traballos de síntese, cunha estrutura mellorable e só con erros en aspectos irrelevantes, sobre os principais proxectos de reforma do Conde Duque de Olivares | PE<br>FO |
| —HEB3.3.3. Analiza as causas da guerra dos Trinta Anos e as súas consecuencias para a monarquía hispánica e para Europa. | Analiza o papel de Galicia no contexto xeral das guerras da Monarquia hispanica | PE<br>FO |
| —HEB3.3.4. Compara e comenta as rebelións de Cataluña e Portugal de 1640. | Identifica as razons da independecia de Portugal e do sometemento de Cataluña | PE<br>FO |
| —HEB3.3.5. Explica os principais factores da crise demográfica e económica do século XVII, e as súas consecuencias. | Enumera a maioría e describe correctamente algúns da crise demográfica e económica do século XVII. Explica as repercusións máis importantes | PE<br>FO |
| —HEB3.3.6. Representa unha liña do tempo desde 1474 ata 1700, e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | Sitúa no tempo, mediante un eixe cronolóxico, e cunha precisión mellorable, os acontecementos máis significativos entre 1474 e 1700, demostrando que manexa de xeito aceptable os conceptos de periodificación, linealidade, simultaneidade, alternancia, cambio, duración, etc. | PE<br>FO |
| —HEB3.4.1. Procura información de interese (en libros e internet) e elabora unha breve | Obtén e analiza información fiable sobre os pintores sinalados no estándar, a través de internet, | PE<br>FO |

| | | |
|---|---|---|
| exposición sobre os seguintes pintores do Século de Ouro español: El Greco, Ribera, Zurbarán, Velázquez e Murillo. | establecendo, con axuda, relacións directas cos coñecementos previos, de xeito que constrúe, de xeito aceptable, as súas propias conclusións | |
| —HEB4.1.1. Explica as causas da Guerra de Sucesión Española e a composición dos bandos en conflito. | Elabora traballos de síntese, cunha estrutura mellorable e só con erros en aspectos irrelevantes, sobre as causas da Guerra de Sucesión e a composición dos bandos en conflito | PE<br>FO |
| —HEB4.1.2. Representa unha liña do tempo desde 1700 ata 1788, e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | Sitúa no tempo, mediante un eixe cronolóxico, e cunha precisión mellorable, os acontecementos máis significativos do 1700 ao 1788, demostrando que manexa de xeito aceptable os conceptos de periodificación, linealidade, simultaneidade, alternancia, cambio, duración, etc. | PE<br>FO |
| —HEB4.1.3. Detalla as características da nova orde europea xurdida da Paz de Utrecht e o papel de España nela. | Completa a situacion dos reinos de España en relacion a Guerra de Sucesion. | PE<br>FO |
| —HEB4.2.1. Define os decretos de nova planta e explica a súa importancia na configuración do novo Estado borbónico. | Analiza o cambio dinastico e as dificultades no inicio da nova dinastia | PE<br>FO |
| —HEB4.2.2. Elabora un esquema comparativo do modelo político dos Austrias e dos Borbóns. | Elabora un esquema comparativo do modelo político dos Austrias e dos Borbóns, identificando os conceptos máis importantes, establecendo relacións moderadamente aceptables, cos conceptos xerarquizados sen erros salientables e utilizando os conectores de xeito correcto | PE<br>FO |
| —HEB4.2.3. Explica as medidas que adoptaron ou proxectaron os primeiros Borbóns para sanear a Facenda Real. | Elabora traballos de síntese, cunha estrutura mellorable e só con erros en aspectos irrelevantes, sobre as medidas que adoptaron ou proxectaron os primeiros Borbóns para sanear a Facenda Real | PE<br>FO |
| —HEB4.2.4. Describe as relacións Igrexa-Estado e as causas da expulsión dos xesuítas. | Describe as reformas do novo Estado borbonico | PE<br>FO |
| —HEB4.3.1. Compara a evolución demográfica do século XVIII coa da centuria anterior. | Explica con graficos axeitados as diferencias e as razons da evolucion demografica de España | PE<br>FO |
| —HEB4.3.2. Desenvolve os principais problemas da agricultura e as medidas impulsadas por Carlos III neste sector. | Situa a aparición das Sociedades Economicas de Amigos do Pais | PE<br>FO |
| —HEB4.3.3. Explica a política industrial da monarquía e as medidas adoptadas respecto ao comercio con América. | Elabora traballos de síntese, cunha estrutura mellorable e só con erros en aspectos irrelevantes, sobre a política industrial da monarquía e o comercio con América | PE<br>FO |
| —HEB4.4.1. Especifica as causas da engalaxe económica de Cataluña no século XVIII. | Identifica e describe sas principais realizacions dos primeiros Borbons en Galicia | PE<br>FO |
| —HEB4.5.1. Comenta as ideas fundamentais da Ilustración e define o concepto de despotismo ilustrado. | Identifica os primeiros ilustrados galegos e as suas propostaas e institucións | PE<br>FO |
| —HEB4.5.2. Razoa a importancia das Sociedades Económicas de Amigos do País e da prensa periódica na difusión dos valores | Establece unha relacion de causa/efecto con o inicio dunha burguesia relacionada ca ilustración en Francia | PE<br>FO |

| | | |
|---|---|---|
| da Ilustración. | | |
| —HEB5.1.1. Resume os cambios que experimentan as relacións entre España e Francia desde a Revolución Francesa ata o comezo da Guerra de Independencia. | Elabora a influencia dos liberais nos gobernos de España despois da Revolucion Francesa. | PE<br>FO |
| —HEB5.1.2. Describe a Guerra da Independencia: as súas causas, a composición dos bandos en conflito e o desenvolvemento dos acontecementos. | Enumera a maioría e describe correctamente algunhas das causas, acontecementos e repercusións da Guerra de Independencia. Coñece a composición dos bandos | PE<br>FO |
| —HEB5.2.1. Compara as Cortes de Cádiz coas estamentais do Antigo Réxime. | Completa unha táboa comparativa sinalando as diferenzas fundamentais entre as Cortes de Càdiz e as estamentais | PE<br>FO |
| —HEB5.2.2. Comenta as características esenciais da Constitución de 1812. | Coñece e valora a labor das Cortes de Cadiz | PE<br>FO |
| —HEB5.3.1. Detalla as fases do conflito entre liberais e absolutistas durante o reinado de Fernando VII. | Especifica as fases do reinado de Fernando VII ,e a situacion establecida polo Trienio Liberal | PE<br>FO |
| —HEB5.3.2. Define o carlismo e resume a súa orixe e os apoios con que contaba inicialmente. | Obten informacion sobre a Lei Salica e a situacion que se produce a morte de Fernando VII. | PE<br>FO |
| —HEB5.3.3. Representa unha liña do tempo desde 1788 ata 1833 e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | Completa unha táboa comparativa sinalando as diferenzas e semellanzas fundamentais entre as desamortizacións de Mendizábal e Madoz e os seus obxectivos | PE<br>FO |
| —HEB5.3.4. Representa nun esquema as diferenzas, en canto a sistema político e estrutura social, entre o Antigo Réxime e o réxime liberal burgués. | Elabora as caracteristicas esenciales entre a estructura estamental e a de clase social. | PE<br>FO |
| —HEB5.4.1. Explica as causas e o desenvolvemento do proceso de independencia das colonias americanas. | Elabora traballos de síntese, cunha estrutura mellorable e só con erros en aspectos irrelevantes, sobre o desenvolvemento do proceso de independencia das colonias americanas | PE<br>FO |
| —HEB5.4.2. Especifica as repercusións económicas para España da independencia das colonias americanas. | Coñece os trazos e identifica as fases do proceso de independencia das colonias americanas | PE<br>FO |
| —HEB5.5.1. Procura información de interese (en libros e internet) sobre Goya e elabora unha breve exposición sobre a súa visión da guerra. | Obtén e analiza información fiable sobre Goya, a través de internet, establecendo, con axuda, relacións directas cos coñecementos previos, de xeito que constrúe, de xeito aceptable, as súas propias conclusións | PE<br>FO |
| —HEB6.1.1. Identifica o ámbito xeográfico do carlismo e explica o seu ideario e os seus apoios sociais. | Establece as razons das tres guerras carlistas e a situación da ideoloxia carlista o longo do tempo. | PE<br>FO |
| —HEB6.1.2. Especifica as causas e consecuencias das dúas primeiras guerras carlistas. | Relaciona a ideoloxia carlista co antiguo rexime e a importancia da relixion catolica nos seus fundamentos | PE<br>FO |
| —HEB6.1.3. Representa unha liña do tempo desde 1833 ata 1874 e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | Sitúa no tempo, mediante un eixe cronolóxico, e cunha precisión mellorable, os acontecementos máis significativos do 1833 a0 1874, demostrando | PE<br>FO |

| | | |
|---|---|---|
| | que manexa de xeito aceptable os conceptos de periodificación, linealidade, simultaneidade, alternancia, cambio, duración, etc. | |
| —HEB6.2.1. Describe as características dos partidos políticos que xurdiron durante o reinado de Isabel II. | Enumera todos e describe correctamente as características dos máis importantes partidos políticos xurdidos durante o reinado de Isabel Ii | PE<br>FO |
| —HEB6.2.2. Resume as etapas da evolución política do reinado de Isabel II desde a súa minoría de idade, e explica o papel dos militares. | Valora as reformas econonomicas e politicas liberais con relación a Galicia | PE<br>FO |
| —HEB6.2.3. Explica as medidas de liberalización do mercado da terra levadas a cabo durante o reinado de Isabel II. | Elabora traballos de síntese, cunha estrutura mellorable e só con erros en aspectos irrelevantes, sobre as medidas de liberalización da terra levadas a cabo durante o reinado de Isabel II | PE<br>FO |
| —HEB6.2.4. Compara as desamortizacións de Mendizábal e Madoz, e especifica os obxectivos dunha e outra. | Completa unha táboa comparativa sinalando as diferenzas e semellanzas fundamentais entre as desamortizacións de Mendizábal e Madoz e os seus obxectivos | PE<br>FO |
| —HEB6.2.5. Especifica as características da nova sociedade de clases e compáraa coa sociedade estamental do Antigo Réxime. | Describe os trazos do modelo do Estado Liberal en España | PE<br>FO |
| —HEB6.3.1. Compara o Estatuto Real de 1834 e as Constitucións de 1837 e 1845. | Completa unha táboa comparativa sinalando as diferenzas e semellanzas fundamentais entre o Estatuto Real e as Constitucións de 1837 e 1845 | PE<br>FO |
| —HEB6.4.1. Explica as etapas políticas do Sexenio Democrático. | Elabora traballos de síntese, cunha estrutura mellorable e só con erros en aspectos irrelevantes, sobre as etapas políticas do sexenio democrático | PE<br>FO |
| —HEB6.4.2. Describe as características esenciais da Constitución democrática de 1869. | Enumera a maioría e describe correctamente as máis importantes características da Constitución de 1869. Explica as repercusións máis importantes | PE<br>FO |
| —HEB6.4.3. Identifica os grandes conflitos do sexenio e explica as súas consecuencias políticas. | Diferencia as ideoloxias politicas do Sexenio | PE<br>FO |
| —HEB6.5.1. Relaciona a evolución do movemento obreiro español durante o Sexenio Democrático coa do movemento obreiro internacional. | Identifica os trazos do anarquismo e do socialismo marxista en España | PE<br>FO |
| —HEB7.1.1. Explica os elementos fundamentais do sistema político ideado por Cánovas. | Elabora traballos de síntese, cunha estrutura mellorable e só con erros en aspectos irrelevantes, sobre os elementos fundamentais do sistema política ideado por Cánovas | PE<br>FO |
| —HEB7.1.2. Especifica as características esenciais da Constitución de 1876. | Identifica os trazos do sistema canovista | PE<br>FO |
| —HEB7.1.3. Describe o funcionamento real do sistema político da Restauración. | Describe o sistema caciquil con especial referencia a Galicia | PE<br>FO |
| —HEB7.1.4. Representa unha liña do tempo desde 1874 ata 1902 e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | Sitúa no tempo, mediante un eixe cronolóxico, e cunha precisión mellorable, os acontecementos máis significativos do 1874 ao 1902, demostrando | PE<br>FO |

| | | |
|---|---|---|
| | que manexa de xeito aceptable os conceptos de periodificación, linealidade, simultaneidade, alternancia, cambio, duración, etc. | |
| —HEB7.2.1. Resume a orixe e a evolución do catalanismo, o nacionalismo vasco e o rexionalismo galego. | Define os diferentes conceptos de nacion e identifica os trazos definidores da nación española | PE FO |
| —HEB7.2.2. Analiza as correntes ideolóxicas do movemento obreiro e labrego español, así como a súa evolución durante o derradeiro cuarto do século XIX. | Establece as relacions do movemento obreiro ca creacion do PSOE, da UXT e do posterior sindicato anarquista CNT | PE FO |
| —HEB7.3.1. Compara o papel político dos militares no reinado de Afonso XII co das etapas precedentes do século XIX. | Relaciona o papell dos espadons Narvaez,,Espartero uo Prim co cambio operado polo exercito a partir do Desastre do 98 | PE FO |
| —HEB7.3.2. Describe a orixe, o desenvolvemento e as repercusións da terceira guerra carlista. | Obten informacion en relacion co Sexenio Revolucinario | PE FO |
| —HEB7.4.1. Explica a política española respecto ao problema de Cuba. | Elabora traballos de síntese, cunha estrutura mellorable e só con erros en aspectos irrelevantes, sobre a política española respecto ao problema de Cuba | PE FO |
| —HEB7.4.2. Sinala os principais feitos do desastre colonial de 1898 e as consecuencias territoriais do Tratado de París. | Valora os acontecementos do 98 e as suas consecuencias | PE FO |
| —HEB7.4.3. Especifica as consecuencias para España da crise do 98 nos ámbitos económico, político e ideolóxico. | Situa a situacion de España en relacion o Rexeneracionismo e a importancia de Joaquin Costa. | PE FO |
| —HEB8.1.1. Identifica os factores do lento crecemento demográfico español no século XIX. | Elabora un informe demografico en relación a aparición da emigración transoceanica | PE FO |
| —HEB8.1.2. Compara a evolución demográfica de Cataluña coa do resto de España no século XIX. | Completa a comparacion ca situacion economica da industria e o nacemento do nacionalismo catalan unido a unha burguesia nacionalista | PE FO |
| —HEB8.2.1. Explica os efectos económicos das desamortizacións de Mendizábal e Madoz. | Elabora traballos de síntese, cunha estrutura mellorable e só con erros en aspectos irrelevantes, sobre os efectos económicos das desamortizacións | PE FO |
| —HEB8.2.2. Especifica as causas dos baixos rendementos da agricultura española do século XIX. | Relaciona a situacion cas diferentes Desamortizacions do secula XIX | PE FO |
| —HEB8.2.3. Describe a evolución da industria téxtil catalá, a siderurxia e a minaría ao longo do século XIX. | Establece unha relacion cos movementos nacionalistas en Cataluña e en Euskadi | PE FO |
| —HEB8.2.4. Compara a revolución industrial española coa dos países máis avanzados de Europa. | Completa unha táboa comparativa sinalando as diferenzas e semellanzas da revolución industrial en España e Europa | PE FO |
| —HEB8.2.5. Relaciona as dificultades do transporte e o comercio interior cos condicionamentos xeográficos. | Situa o establecemento do ferrocarril no noso pais | PE FO |
| —HEB8.2.6. Explica os obxectivos da rede ferroviaria e as consecuencias da lei xeral de ferrocarrís de 1855. | Elabora traballos de síntese, cunha estrutura mellorable e só con erros en aspectos irrelevantes, | PE FO |

| | | |
|---|---|---|
| | sobre os obxectivos da rede ferroviaria e as consecuencias da lei xeral de ferrocarrís de 1855 | |
| —HEB8.2.7. Compara os apoios, os argumentos e as actuacións de proteccionistas e librecambistas ao longo do século XIX. | Completa unha táboa comparativa sinalando, sen erros salientables, os apoios, argumentos e actuacións de proteccionistas e librecambistas | PE<br>FO |
| —HEB8.2.8. Explica o proceso que conduciu á unidade monetaria e á banca moderna. | Elabora traballos de síntese, cunha estrutura mellorable e só con erros en aspectos irrelevantes, sobre o proceso que conduciu á unidade monetaria e á banca moderna | PE<br>FO |
| —HEB8.2.9. Explica a reforma Mon-Santillán da Facenda pública e os seus efectos. | Elabora traballos de síntese, cunha estrutura mellorable e só con erros en aspectos irrelevantes, sobre a reforma Mon-Santillán | PE<br>FO |
| —HEB8.2.10. Especifica como os investimentos en España de Francia e de Inglaterra afectaron o modelo de desenvolvemento económico español durante o século XIX. | Situa os investimentos na mineria,e no transporte ferroviario con unha vision imperialista das inversions | PE<br>FO |
| —HEB9.1.1. Define en que consistiu o revisionismo político inicial do reinado de Afonso XIII, e as principais medidas adoptadas. | Explicita as razons do fracaso do rexeneracionismo dos partidos liberal e conservador | PE<br>FO |
| —HEB9.1.2. Representa unha liña do tempo desde 1902 ata 1931, e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | Sitúa no tempo, mediante un eixe cronolóxico, e cunha precisión mellorable, os acontecementos máis significativos do 1902 ao 1931, demostrando que manexa de xeito aceptable os conceptos de periodificación, linealidade, simultaneidade, alternancia, cambio, duración, etc. | PE<br>FO |
| —HEB9.1.3. Elabora un esquema cos factores internos e externos da quebra do sistema político da Restauración. | Elabora un esquema cos factores internos e externos da quebra do sistema político da Restauración identificando os conceptos máis importantes, establecendo relacións moderadamente aceptables, cos conceptos xerarquizados sen erros salientables e utilizando os conectores de xeito correcto | PE<br>FO |
| —HEB9.2.1. Especifica a evolución das forzas políticas de oposición ao sistema: republicanos e nacionalistas. | Completa o cadro de forzas politicas co movemento obreiro e o fracaso da Restauracion | PE<br>FO |
| —HEB9.2.2. Explica as repercusións da I Guerra Mundial e da Revolución Rusa en España. | Elabora traballos de síntese, cunha estrutura mellorable e só con erros en aspectos irrelevantes, sobre as repercusións en España da I GM e da Revolución Rusa | PE<br>FO |
| —HEB9.2.3. Analiza as causas, os principais feitos e as consecuencias da intervención de España en Marrocos entre 1904 e 1927. | Define a actuacion do exercito como a slolucion os problemas do 98 | PE<br>FO |
| —HEB9.2.4. Analiza a crise xeral de 1917: as súas causas, manifestacións e consecuencias. | Obtén información sobre os problemas cos militares,cos partidos politicos e ca folga xeral de 1917 | PE<br>FO |
| —HEB9.3.1. Especifica as causas do golpe de estado de Primo de Rivera e os apoios con que contou inicialmente. | Situa o Golpe de Estado na defensa da Restauración e a complicidade da monarquia. | PE<br>FO |

| | | |
|---|---|---|
| —HEB9.3.2. Describe a evolución da ditadura de Primo de Rivera, desde o directorio militar ao directorio civil e o seu remate. | Describe as caracteristicas de Primo De Rivera e o intento de continuidade do rexime | PE<br>FO |
| —HEB9.3.3. Explica as causas da caída da monarquía. | Elabora traballos de síntese, cunha estrutura mellorable e só con erros en aspectos irrelevantes, sobre as causas da caída da monarquía | PE<br>FO |
| —HEB9.4.1. Analiza os efectos da I Guerra Mundial sobre a economía española. | Situa a neutralidade de España como unha oportunidade perdida | PE<br>FO |
| —HEB9.4.2. Describe a política económica da ditadura de Primo de Rivera. | Establece a relacion economica da dictatura cos felices anos 20 e o desenvolvemento das obras publicas | PE<br>FO |
| —HEB9.4.3. Explica os factores da evolución demográfica de España no primeiro terzo do século XX. | Elabora traballos de síntese, cunha estrutura mellorable e só con erros en aspectos irrelevantes, sobre a evolución demográfica de España no primeiro terzo do século XX | PE<br>FO |
| —HEB10.1.1. Explica as causas que levaron á proclamación da II República e relaciona as súas dificultades coa crise económica mundial dos anos 30. | Elabora traballos de síntese, cunha estrutura mellorable e só con erros en aspectos irrelevantes, sobre as causas que levaron á proclamación da II República. Relaciona as súas dificultades coa crise económica mundial dos anos 30 | PE<br>FO |
| —HEB10.1.2. Diferencia as forzas de apoio e oposición á República nos seus comezos, e describe as súas razóns e as principais actuacións. | Obten informacion sobre o 14 de Abril de 1931 e a union de socialistas e republicanos para conseguir a abdicacion de Alfonso XII | PE<br>FO |
| —HEB10.2.1. Resume as reformas impulsadas durante o bienio reformista da República. | Obten i9nformacion sobre a reforma militar, a reforma agraria e a reforma educativa | PE<br>FO |
| —HEB10.2.2. Especifica as características esenciais da Constitución de 1931. | Elabora un informe sobre os trazos principais da Constitucion de 1931 | PE<br>FO |
| —HEB10.2.3. Analiza o proxecto de reforma agraria: as súas razóns, o seu desenvolvemento e os seus efectos. | Establece as causas da situacion que se prodduce en Casas Viejas e que supon a caida do goberno | PE<br>FO |
| —HEB10.2.4. Compara as actuacións do bienio radical-cedista coas do bienio anterior. | Completa unha táboa comparativa sinalando as diferenzas, semellanzas, causas e consecuencias das actuacións do bienio radical cedista coas do bienio anterior | PE<br>FO |
| —HEB10.2.5. Describe as causas, o desenvolvemento e as consecuencias da Revolución de Asturias de 1934. | Identifica e relaciona a situacion de Asturias co que sucede en Cataluña ca Generalitat | PE<br>FO |
| —HEB10.2.6. Explica as causas da formación da Fronte Popular e as actuacións tras o seu triunfo electoral, ata o comezo da guerra. | Elabora traballos de síntese, cunha estrutura mellorable e só con erros en aspectos irrelevantes, sobre as causas da formación da Fronte Popular e as actuacións tras o seu triunfo electoral, ata o comezo da guerra | PE<br>FO |
| —HEB10.3.1. Especifica os antecedentes da Guerra Civil. | Analiza os antecedentes da Guerra Civil | PE<br>FO |
| —HEB10.3.2. Relaciona a Guerra Civil española co contexto internacional. | Relaciona a actuación das potencias fascistas e das brigadas internacionasi como antecedente da 2ª Guerra Mundial | PE<br>FO |

| | | |
|---|---|---|
| —HEB10.3.3. Compara a evolución política e a situación económica dos dous bandos durante a guerra. | Completa unha táboa comparativa sinalando as diferenzas fundamentais no tocante á situación política e económica dos dous bandos | PE<br>FO |
| —HEB10.3.4. Especifica os custos humanos e as consecuencias económicas e sociais da guerra. | Situa a situacion do fin da Guerra Civil co asentamento da Dictadura franquista e a eliminacion fisica de calquer sospechoso do rexime | PE<br>FO |
| —HEB10.3.5. Sintetiza nun esquema as grandes fases da guerra, desde o punto de vista militar. | Analiza as consecuencias da derrota republicana e da victoria dos sublevados | PE<br>FO |
| —HEB10.3.6. Representa unha liña do tempo desde 1931 ata 1939, e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | Sitúa no tempo, mediante un eixe cronolóxico, e cunha precisión mellorable, os acontecementos máis significativos do 1931 ao 1939, demostrando que manexa de xeito aceptable os conceptos de periodificación, linealidade, simultaneidade, alternancia, cambio, duración, etc. | PE<br>FO |
| —HEB10.4.1. Procura información de interese (en libros e internet) e elabora unha breve exposición sobre a Idade de Prata da cultura española. | Obtén e analiza información fiable sobre a idade de prata da cultura española, a través de internet, establecendo, con axuda, relacións directas cos coñecementos previos, de xeito que constrúe, de xeito aceptable, as súas propias conclusións | PE<br>FO |
| —HEB11.1.1. Elabora un esquema cos grupos ideolóxicos e os apoios sociais do franquismo na súa etapa inicial. | Elabora un esquema dos grupos ideolóxicos e apoios sociais do franquismo inicial, identificando os conceptos máis importantes, establecendo relacións moderadamente aceptables, cos conceptos xerarquizados sen erros salientables e utilizando os conectores de xeito correcto | PE<br>FO |
| —HEB11.1.2. Diferencia etapas na evolución de España durante o franquismo, e resume os trazos esenciais de cada unha. | Establece duas etapas pricipais, ata 1959 e posteriormente ata 1975 | PE<br>FO |
| —HEB11.1.3. Explica a organización política do Estado franquista. | Elabora traballos de síntese, cunha estrutura mellorable e só con erros en aspectos irrelevantes, sobre a organización política do Estado franquista | PE<br>FO |
| —HEB11.1.4. Explica as relacións exteriores, a evolución política e a situación económica de España desde o remate da Guerra Civil ata 1959. | Elabora traballos de síntese, cunha estrutura mellorable e só con erros en aspectos irrelevantes, sobre as relacións exteriores, a evolución política e a situación económica de España desde o remate da G Civil ata 1959 | PE<br>FO |
| —HEB11.1.5. Explica as relacións exteriores, a evolución política e as transformacións económicas e sociais de España desde 1959 ata 1973. | Elabora traballos de síntese, cunha estrutura mellorable e só con erros en aspectos irrelevantes, sobre as relacións exteriores, a evolución política e as transformacións económicas e sociais de España desde 1959 ata 1973. | PE<br>FO |
| —HEB11.1.6. Especifica as causas da crise final do franquismo desde 1973. | Obten información sobre as causas internas e externas do final do franquismo | PE<br>FO |
| —HEB11.1.7. Relaciona a evolución política do réxime cos cambios que se producen no contexto internacional. | Establece unha comparativa ca crise do petróleo e a revolución deo craveis en Portugal | PE<br>FO |
| —HEB11.1.8. Explica a política económica do franquismo nas súas etapas e a evolución | Elabora traballos de síntese, cunha estrutura mellorable e só con erros en aspectos irrelevantes, | PE<br>FO |

| | | |
|---|---|---|
| económica do país. | sobre a política económica do franquismo nas súas etapas e a evolución económica do país. | |
| —HEB11.1.9. Describe as transformacións que experimenta a sociedade española durante os anos do franquismo, así como as súas causas. | Describe a situación de autarquía inicial e de plans de desenvolvemento e apertura o exterior a partir dos anos 60 | PE<br>FO |
| —HEB11.1.10. Especifica os grupos de oposición política ao réxime franquista e comenta a súa evolución no tempo. | Obten información sobre a guerrilla antifranquista e a aparición dos movemnentos de liberación nacional en Euskadi e Catraluña | PE<br>FO |
| —HEB11.1.11. Representa unha liña do tempo desde 1939 ata 1975, e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | Sitúa no tempo, mediante un eixe cronolóxico, e cunha precisión mellorable, os acontecementos máis significativos do 1939 ao 1975, demostrando que manexa de xeito aceptable os conceptos de periodificación, linealidade, simultaneidade, alternancia, cambio, duración, etc. | PE<br>FO |
| —HEB11.2.1. Procura información de interese (en libros e internet) e elabora unha breve exposición sobre a cultura do exilio durante o franquismo. | Obtén e analiza información fiable sobre a cultura do exilio, a través de internet, establecendo, con axuda, relacións directas cos coñecementos previos, de xeito que constrúe, de xeito aceptable, as súas propias conclusións | PE<br>FO |
| —HEB12.1.1. Explica as alternativas políticas que se propuñan tras a morte de Franco, e quen defendía cada unha. | Elabora traballos de síntese, cunha estrutura mellorable e só con erros en aspectos irrelevantes, sobre as alternativas políticas que se propuñan tras a morte de Franco e quen defendía cada unha | PE<br>FO |
| —HEB12.1.2. Describe o papel desempeñado polo Rei durante a transición. | Situa o rei como elemento de unha segunda restauración | PE<br>FO |
| —HEB12.1.3. Describe as actuacións impulsadas polo presidente de Goberno Adolfo Suárez para a reforma política do réxime franquista: lei para a reforma política de 1976, lei de amnistía de 1977, etc. | Adolfo Suarez com creador da UCD que supuña o intento de laminar toda oposicion para establecer un sistema democratico aceptable en Europa | PE<br>FO |
| —HEB12.1.4. Explica as causas e os obxectivos dos Pactos da Moncloa. | Elabora traballos de síntese, cunha estrutura mellorable e só con erros en aspectos irrelevantes, sobre as causas e obxectivos dos Pactos da Moncloa | PE<br>FO |
| —HEB12.2.1. Explica o proceso de elaboración e aprobación da Constitución de 1978 e as súas características esenciais. | Elabora traballos de síntese, cunha estrutura mellorable e só con erros en aspectos irrelevantes, sobre o proceso de elaboración e aprobación da Constitución de 1978 e as súas características esenciais | PE<br>FO |
| —HEB12.2.2. Describe como se estableceron as preautonomías de Cataluña e o País Vasco. | Sintetiza as fases do proceso preautonómico e as suas características. Identifica os diferentes gobernos autonomicos e os presidentes da Xunta de Galicia e valora as suas actuacións | PE<br>FO |
| —HEB12.3.1. Elabora un esquema coas etapas políticas desde 1979 ata a actualidade, segundo o partido no poder, e sinala os principais acontecementos de cada unha delas. | Elabora un esquema coas etapas políticas desde 1979, identificando os conceptos máis importantes, establecendo relacións moderadamente aceptables, cos conceptos xerarquizados sen erros salientables e utilizando os conectores de xeito correcto | PE<br>FO |

| | | |
|---|---|---|
| —HEB12.3.2. Comenta os feitos máis salientables do proceso de integración en Europa e as consecuencias para España desta integración. | Elabora as razons da entrada na Union Europea e na OTAN despois do intento de Golpe de Estado do 23 –F co primeiro gobernó socialista de Felipe Gonzalez | PE<br>FO |
| —HEB12.3.3. Analiza a evolución económica e social de España desde a segunda crise do petróleo en 1979 ata o comezo da crise financeira mundial de 2008. | Describe a entrada na Union Europea e os gobernos socialista e populares | PE<br>FO |
| —HEB12.3.4. Analiza o impacto da ameaza terrorista sobre a normalización democrática de España, describe a xénese e evolución das organizacións terroristas que actuaron desde a transición democrática ata os nosos días (ETA, GRAPO, etc.) e reflexiona sobre outros temas relacionados: a cidadanía ameazada, os movementos asociativos de vítimas, a mediación en conflitos, etc. | Coñece o problema do terrorismo en España e a sua evolucion ata os nosos dias | PE<br>FO |
| —HEB12.3.5. Representa unha liña do tempo desde 1975 ata os nosos días, e sitúa nela os principais acontecementos históricos. | Sitúa no tempo, mediante un eixe cronolóxico, e cunha precisión mellorable, os acontecementos máis significativos do 1975 aos nosos días, demostrando que manexa de xeito aceptable os conceptos de periodificación, linealidade, simultaneidade, alternancia, cambio, duración, etc. | PE<br>FO |
| —HEB12.4.1. Explica a posición e o papel da España actual na Unión Europea e no mundo. | Elabora traballos de síntese, cunha estrutura mellorable e só con erros en aspectos irrelevantes, sobre a posición e o papel de España na UE e no mundo | PE<br>FO |
| Avaliación: PE (proba escrita) FO (Fichas observación) C (Caderno) T (Traballo) OU (Outras) | | |

## 6. UNIDADES DIDÁCTICAS. TEMPORALIZACIÓN.

### 1ª AVALIACIÓN

1. HISPANIA E GALLAECIA NA ANTIGÜIDADE
2. AL-ANDALUS E OS REINOS CRISTIÁNS MEDIEVAIS
3. OS REIS CATÓLICOS E A MONARQUÍA HISPÁNICA
4. A MONARQUÍA ESPAÑOLA NO ANTIGO RÉXIME
5. INICIOS E CONSOLIDACIÓN DO RÉXIME LIBERAL
6. AS TRANSFORMACIÓN SOCIOECONÓMICAS NA ESPAÑA LIBERAL

### 2ª AVALIACIÓN

7. ESTADO E NACIÓN NA RESTAURACIÓN BORBÓNICA
8. SEGUNDA REPÚBLICA E GUERRA CIVIL

### 3ª AVALIACIÓN

9. ESPAÑA NO FRANQUISMO
10. ESPAÑA EN DEMOCRACIA

## 7. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

A metodoloxía didáctica empregada para desenvolver esta materia debe favorecer o traballo individual e en grupo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo e a transferencia e a aplicación do aprendido. Ademais, preténdese exercitar ao alumnado nos procedementos habituais do historiador: natureza, tipoloxía e importancia das distintas clases de fontes, análise e utilización crítica das mesmas, contraste de interpretacións historiográficas e utilización de información procedente dos medios de comunicación de masas para achegarse ao coñecemento da realidade actual.

As tecnoloxías da información e da comunicación deben ser utilizadas como unha ferramenta necesaria para a aprendizaxe, tanto polo seu carácter imprescindible na educación superior como pola súa utilidade e relevancia para a vida cotiá e a inserción laboral.

A natureza específica da historia -multiplicidade de factores que interveñen nunha realidade humana, cambio permanente mais non uniforme nin no tempo nin no espazo e irrepetibilidade dos feitos- condúcenos a que nesta disciplina, en canto materia de ensinanza-aprendizaxe, debamos ter en conta as seguintes consideracións didácticas:

- A forma de acceder ao coñecemento histórico non é uniforme dentro da propia disciplina. Inflúen a parcela espacial e cronolóxica que se considere. Non nos acercamos cos mesmos medios ao coñecemento histórico máis afastado no tempo e no espazo que a unha época próxima. Polo tanto, os medios que se utilicen non deben ser idénticos ao longo de todo o desenvolvemento da materia.
- Na clase de Historia fanse comentarios sobre valores e sobre actitudes e ao facelo transmítense mensaxes. Isto fai o seu estudio vulnerable a interferencias políticas e a que, con frecuencia, se confundan consideracións de orde política e ideolóxica con consideracións de tipo educativo. Polo que se procurará tratar os temas de estudio con obxectividade e non emitir xuízos de valor.
- A motivación é un aspecto importante para acadar unha ensinanza eficaz. Para promover que sexa positiva, é necesario que os temas de estudio conecten directamente cos intereses do alumnado. O emprego de medios audiovisuais, o achegamento a problemas do seu contorno, as saídas programadas, etc. constitúen estratexias motivadoras e atractivas.

- Partindo destas consideracións as distintas Unidades Didácticas deben enfocarse non como un conxunto de feitos illados, senón como un conxunto de procesos e de problemas nos que se analicen as súas causas e as súas consecuencias e as relacións existentes entre elas. Para isto, os medios non son só materiais ( fontes e instrumentos), senón tamén conceptuais e de léxico propio desta disciplina que hai que adquirir comprensivamente.
- Na ensinanza da Historia, e en función dos contidos a tratar, empregaremos distintas estratexias metodolóxicas. A exposición do profesor/a será necesaria, sobre todo, ao tratar contidos conceptuais de maior complexidade porque lle permitirá ao alumnado un mellor acceso a eles. Para outros contidos, as estratexias de descubrimento ou de indagación, mediante materiais que se lle proporcionen, tamén serán necesarias porque o alumnado, ao indagar en diversas fontes, constrúen ao seu propio coñecemento en lugar de recibir a información xa elaborada.

O plan de traballo dunha clase variará segundo os temas a tratar:

Para a ensinanza de parcelas máis antigas que é difícil que o alumnado se sitúe, ou para aspectos da Historia que, polo seu afastamento espazo-temporal, non teñen unha repercusión recoñecible no contorno, sería:

- A presentación dos problemas por parte do profesor/a.
- A consideración conxunta profesorado-alumnado das distintas alternativas posibles de interpretación.
- acordo sobre a natureza e sobre as causas do proceso histórico en cuestión.
- A ilustración e comprobación das conclusións con exemplos concretos, sempre que sexan procesos xerais.

Para abordar os aspectos relacionados co mundo actual e para o estudo de aspectos da historia máis próxima, a vía sería partir do concreto para chegar ao abstracto e, apoiándose en datos do contorno próximo, inducir a curiosidade de por que é así e ir relacionando a historia local cos seus condicionantes externos para intentar alcanzar unha comprensión de estruturas e de procesos máis amplos, pois non se pode entender o medio no que se desenvolve o alumnado desconectado das súas referencias máis xerais.

A primeira das actividades de cada unha das Unidades Didácticas actuará de ámbito motivador para o tema das mesmas e para que o alumnado manifeste as súas opinións e sexan conscientes do que coñecen e do que descoñecen. Así o profesor/a estará en condicións de axustar a proposta de actividades, incorporando as conclusións desta primeira sesión. A presentación pode ser distinta en cada caso: enquisa, visualización dun fragmento dun vídeo, observación de gráficos, comparación de debuxos, pinturas, fotografías etc.

Das actividades de desenvolvemento das Unidades obterase información para a avaliación en tres niveis:

Traballo individual, no que se terán en conta aspectos como:

- A capacidade de descrición, de relación e de análise dos conceptos históricos.
- A expresión e a comprensión dos mesmos tanto de forma oral como escrita.
- Os conceptos específicos da U.D.
- O desenvolvemento de actitudes cara á materia.

O traballo en grupo, no que se fai especial fincapé porque permite unha distribución de tarefas, axuda á asunción de responsabilidades persoais e enriquece a calidade das actividades.

O funcionamento da clase. Neste caso os datos para a avaliación derivan dos dous niveis anteriores e proporcionan unha información xeral importante tanto para o profesorado como para os titores.

## 8. DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA ANTE POSIBLES ESCENARIOS DIFERENTES EN FUNCIÓN DA SITUACIÓN SANITARIA

A ameaza da COVID-19 segue presente neste curso 2021-2022, polo que as posibilidades dun cambio de escenario no desenvolvemento das actividades lectivas, tal e como sucedeu o curso pasado, son evidentes. Deste modo, o modelo metodolóxico exposto con anterioridade está previsto para un escenario habitual de actividades lectivas presenciais. Agora ben, ante a posibilidade dunha actividade lectiva semipresencial e/ou non presencial, os instrumentos educativos serán diferentes, cobrando unha prioridade absoluta os recursos dixitais. Ademais, e tal como aconteceu o pasado curso, se se considerara necesario, faríase unha adaptación desta programación no referido a contidos,

aprendizaxes e instrumentos de avaliación. Esta adaptación sería comunicada de forma clara e precisa ao alumnado e ás familias.

Atendendo á posibilidade dunha suspensión parcial ou total das actividades presenciais, e á vista da experiencia do pasado curso, o Departamento de Xeografía e Historia porá en marcha tres ferramentas dixitais que garantan un desenvolvemento axeitado do proceso de ensino-aprendizaxe:

a) **Aula virtual**: ao inicio do curso presentarase ao alumnado esta ferramenta, explicándolle o seu funcionamento, o acceso á mesma e as actividades que se desenvolverán nesta aplicación. Ademais de proporcionarlle materiais variados (textos, gráficos e mapas, presentacións, contidos teóricos...), na aula virtual tamén se realizarán diferentes probas e traballos por parte do alumnado (comentarios de textos, mapas ou calquera outra fonte histórica; pequenos traballos de investigación histórica; probas escritas de avaliación). Estas probas e traballos serán os "instrumentos" de avaliación empregados para a cualificación dos alumnos.

b) **Cisco Webex Meetings**: a través desta aplicación de videoconferencia, pretendemos desenvolver "clases virtuais" na que o profesor poida expoñer ao alumnado explicacións teóricas e prácticas sobre os diversos temas, contidos e actividades do curso. Ademais das explicacións "maxistrais" (que sempre son necesarias), estas clases virtuais servirían para que o alumnado expusera dúbidas ou reclamara aclaracións a calquera exercicio ou traballo proposto.

No que se refire ao número de clases virtuais semanais, será o centro o que indique cantas serán atendendo ás diversas variables posibles (especialmente os recursos dixitais de que dispoña o alumnado). Tendo en conta que neste curso o número de sesións lectivas semanais é de 3, consideramos que, á vista do acontecido no curso pasado e da natureza especial deste tipo de actividades, o número de clases virtuais semanais debería ser de 1 ou 2 (máis clases telemáticas poden resultar esgotadoras para o alumnado, ademais de que este precisará tempo para realizar as diferentes tarefas que se lle indiquen na aula virtual). O horario destas clases deberá ser consensuado polo equipo docente.

c) **Correo electrónico**: servirá como instrumento de comunicación entre o alumnado e as súas familias co profesor. A través deste correo electrónico o alumnado poderá enviar ao profesor as dúbidas ou aclaracións que considere oportunas (o que tamén poderá facer nas videoconferencias), así como traballos ou exercicios no caso de que houbera problemas coa aula virtual.

Pola súa parte, as familias tamén empregarán este correo electrónico para poñerse en contacto co profesor e plantexar calquera cuestión referida á actividade educativa dos seus fillos/as. É dicir, empregarase como unha "titoría virtual".

## 9. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR.

Libro de texto: Historia de España. Baía edicións

Caderno do alumno

Recursos dixitais de deseño propio e obtidos da rede

Mapas, atlas e recursos bibliográficos do departamento e da biblioteca do IES

## 10. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN CONTINUA. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

O referente para avaliar as aprendizaxes do alumnado son os criterios de avaliación e a súa concreción nos estándares de aprendizaxe avaliables. No deseño das situacións de aprendizaxe tomaranse en consideración todos os elementos do currículo, entre eles os procedementos e os instrumentos de avaliación, así como os criterios de cualificación que permitan avaliar tanto os resultados da materia como o nivel competencial alcanzado polos alumnos e as alumnas.

No tocante aos **procedementos**, empregarase a observación sistemática do traballo do alumnado; levaranse a cabo probas orais e escritas; desenvolverase un protocolo de rexistro en torno á actividade de cada alumno e alumna; revisarase periodicamente o caderno do alumno e, en función do ritmo do proceso de ensino-aprendizaxe, poderanse propoñer traballos individuais ou en pequeno grupo a entregar á profesora ou a expoñer ao resto da clase. En todo caso, tomaranse en consideración o cumprimento por parte do alumnos dos deberes recollidos no R.D. 732/1.995, e nas NOF do IES.

O anterior concrétase nos seguintes **instrumentos** de avaliación:

a) O coñecemento do alumnado que xorde da interpretación dos datos contidos na avaliación inicial, así como na utilización de técnicas de observación directa e indirecta.

b) O Caderno do alumnado, onde se poidan observar aspectos formais (a presentación), metodolóxicos (resumos, vocabulario específico), conceptuais (corrección de ideas previas, ampliación de contidos), procedementais e actitudinais.

c) Probas escritas e, nalgúns casos, orais do alumnado. Son controles ou probas dentro da avaliación sumativa, que permiten descubrir problemas e deficiencias no proceso de ensinanza-aprendizaxe, así como os distintos ritmos nese proceso. Valoraríanse, de forma especial, os contidos procedementais, a capacidade de razoamento e as actitudes alcanzadas.

d) Intervencións no conxunto da clase ou en pequeno grupo. Desta forma poderemos valorar as súas actitudes ante o traballo en equipo, a tolerancia, as aportacións razoadas de carácter individual, etc. Controlaranse mediante as listas de cotexo.

e) Cuestionarios, debates, postas en común, onde o alumnado poida manifestar a súa opinión sobre o desenvolvemento do proceso educativo.

f) Observación diaria por parte do profesor do traballo cotiá do alumnado na clase. Valoración da expresión oral e escrita, dos traballos realizados individual ou colectivamente,así como os traballos de indagación que se lles propoñerán.

**Para cada avaliación** faránse **2 exames** (presenciais ou telemático), sendo os contidos e as estructrura dos mesmos iguais as probas que se realizan na proba das ABAU. Esto é, composición de texto con indicacións precisas para o desenrolo do mesmo, que contará cunha puntuacíon de 5 ptos, una pregunta corta de teoría (extensión dun folio aproximadmente) que terá una puntuación máxima de tres puntos e definición de 4 conceptos históricos (valorados con 2 puntos). Se o exame tivera que facerse de xeito telemático pódese variar a estructura da proba priorizando aquelas preguntas que impliquen unha reflexión e elaboración propia por parte do alumno (composición de texto). Valorarase a calidade da redacción, a corección gramatical e ortográfica ata un punto.

En todos os **exames** o alumnado será informado no momento da entrega, da puntuación de cada pregunta. A **falta de asistencia** a un exame deberá ser xustificada formalmente. De non ser así, o alumno non terá dereito a repetición da proba e a asignación dun 0..

A alteración do desenvolvemento normal dun exame (actitude incorrecta, suplantación ou copia por calquera procedemento fraudulento...) dará lugar a unha cualificación de

insuficiente na nota global da avaliación, independentemente das cualificacións acadadas ao longo do período. Si poderá presentarse á proba de recuperación.

Os **exames suporán como mínimo un 80%** da cualificación na avaliación e o traballo diario, a consecución dos obxectivos actitudinais, os traballos encomendados e a revisión do "caderno do alumno" onde deberan estar reflectidas as actividades, terá unha cualificación dun 20% como máximo. O traballo diario, tanto na aula coma na casa versará sobre: textos, preguntas directas sobre aspectos traballados e visibles nos documentos manexados, esixencia de entrega dos comentarios mandados para facer, nos que se demostre interese pola aprendizaxe, capacidade de elaboración dun discurso histórico coherente, lóxico e con contido. Valorarase a calidade da redacción, a corección gramatical e ortográfica ata un punto.

Contemplamos a posibilidde de que sexa necesaria a realización dunha proba de **RECUPERACIÓN:** consistirá nun único exame despois da avaliación1ª e 2ª, correspondendo a recuperación da terceira avaliación co exame final en maio. Será similar o xa indicado. Se é non presentado a nota da recuperación será 0.

**AVALIACIÓN FINAL**:
Dado que non se inclúen nas avaliacións parciais os contidos das anteriores, será preciso aprobalas por separado para superar o curso. Aqueles alumnos que non acaden unha nota positiva en maio (5) deberán presentarse ao exame de xuñoo..

**Criterios de recuperación**

Os criterios ou as actividades necesarios para poder superar os mínimos que non se alcanzaron en cada avaliación serán os seguintes:

- A recuperación realizarase **mediante probas escritas** –de estrutura similar as feitas na avaliación- para o caso dos contidos conceptuais e no caso dos procedimentais, para cada período de avaliación negativamente avaliado, o alumno deberá **presentar aqueles traballos e prácticas** que no seu momento non houbera realizado ou foran avaliados negativamente.
- Os alumnos terán dereito a un exame de recuperación, de cada avaliación suspensa; o exame de recuperación da terceira avaliación, farase no exame final. A nota do exame, utilizarase para facer a media da nota final. Na medida en que

o exame de recuperación estará formulado en base aos mínimos esixibles, a cualificación máxima que poderá acadar o alumnado é a de 6.

– Os alumnos que teñan dúas avaliacións suspensas incluídas a súas recuperacións, terán dereito a un exame final, para intentar superalas. Do mesmo xeito que o expresado no apartado anterior, na medida en que o exame de recuperación estará formulado en base aos mínimos esixibles, a cualificación máxima que poderá acadar o alumnado é a de 6. Con tres avaliacións suspensas, non se terá dereito o exame final.

## 11. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA.

O plan extraordinario de avaliación consistirá na aplicación do programa de contidos nos seguintes supostos:

- Alumnos que se examinen a finais de maio de toda a asignatura, ben por ter suspensos os exames parciais na avaliación continua.
- Alumnos que se examinen nas probas extraordinarias do mes de xuño

Nos dous supostos **f**arase un exame que poderá constar dunha parte práctica. Ademais terán temas de desenvolvemento e razoamento e preguntas en torno á definición de conceptos básicos, vocabulario, relacionar termos ou cualificar como verdadeiro ou falso. No exame o alumnado será informado da puntuación de cada pregunta.

Nos exames extraordinarios de xuño nos que o alumno debe dar conta de toda a disciplina, deberase responder a tódalas cuestións e documentos que formen parte da proba. O non responder a calquera delas poderá supor a descualificación do alumno.

## 12. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Aqueles alumnos que teñan materias pendentes dos cursos anteriores recibirán material de traballo cada trimestre (facilitado polo profesor) e realizarán unha proba escrita en cada avaliación que será avaliada segundo os criterios establecidos no punto anterior. Dito material de traballo poderá consistir en "apuntes" sobre os que se realizarán as probas escritas e/ou outro tipo de material co que deberán facer pequenos traballos individuais.

## 13. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

A avaliación inicial incidirá na obtención de información sobre os coñecementos previos do alumnado e o grao de desenvolvemento das competencias clave. A avaliación incluirá a análise dos informes do curso anterior e completarase coa información obtida a través do titor. A maiores, a observación do traballo diario nos primeiros días do curso terá relevancia significativa.

A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

## 14. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

É importante ter en conta que os alumnos poden acceder cun grao de desenvolvemento intelectual diferente e que aprenden de forma distinta. A atención a este tipo de diversidade abórdase desde as diversas posibilidades de programación das actividades de aprendizaxe, que, por un lado, se organizan segundo a súa dificultade, establecéndose ó principio cuestións sinxelas, concretas e descritivas, para pasar despois a outras complexas, abstractas e explicativas. Por outro lado, combínanse diferentes formas de aprendizaxe, presentando materiais, actividades e instrumentos de traballo variados co fin de conseguir un mesmo obxectivo didáctico. Caso de ser preciso, proporanse adaptacións do currículo non significativas, o que poderá implicar adaptación dos tempos, dos métodos, dos recursos e mesmo dos instrumentos de avaliación.

## 15. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN AO LONGO DO CURSO.

Traballarase de xeito significativo a comprensión lectora, a expresión oral e escrita e as tecnoloxías da información e da comunicación. Así mesmo, promoverase o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social. Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que

supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual e transexual
En contacto co resto do profesorado do grupo, traballarei na prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como na interiorización por parte do alumnado dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia e o respecto aos dereitos humanos.

## 16. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Viaxes culturais.
Charlas.
Visitas a exposicións.
Segundo os acontecementos ofertados pola cidade e a Consellería ao longo do curso.

## 17. ACCIÓNS PREVISTAS EN RELACIÓN CO PROXECTO LECTOR E CO PLAN TIC

En consonancia co Proxecto Lector que ten como finalidade fomentar a lectura comprensiva e crear hábitos lectores no alumnado, o Departamento de Xeografía e Historia: Traballa coa lectura, comprensión e comentario de textos xeralmente complementarios ao tema impartido. Dita actividade vai explícita no día a día da materia. Esta actividade, indispensable nas Ciencias Sociais, completase con elaboracións escritas e as suxestións ou obrigatoriedade, segundo as circunstancias, de lecturas de obras ou textos e a elaboración de traballos escritos, en período vacacional, nos que os alumnos deberán non solo demostrar os seus coñecementos senón tamén a súa capacidade de síntese e crítica
No tocante ás TIC o obxectivo que se pretende desde o Departamento de Xeografía e Historia é familiarizarse e acostumarse ao emprego das novas tecnoloxías e ter destrezas no seu emprego. Que os alumnos saiban empregar de forma racional as TIC, e ademais aproveiten tódolos recursos que teñen á súa disposición.
Segundo a marcha do curso e o requirimento do tema:

- Visionado de fragmentos de películas en coherencia cos conceptos traballados.
- Emprego de medios audiovisuais (PPT) nas explicacións do temario.
- Busca de información na aula e informática.

## 18. CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA DO CENTRO.

Promoverase nas aulas o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social. Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual e transexual

En contacto co resto do profesorado do grupo, traballarase na prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como na interiorización por parte do alumnado dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia e o respecto aos dereitos humanos

## 19. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Ao remate do curso analizarase a o proceso de ensino aprendizaxe e a práctica docente co fin de comprobar:

- Se a planificación foi axeitada: o número e duración das actividades propostas, o nivel de dificultade, o interese para o alumnado, a significatividade para o proceso de aprendizaxe, se se basearon nos intereses do alumnado, se se aprendeu dun xeito colaborativo...
- Se se traballaron todos os contidos previstos. Na medida en que isto se verá mediatizado polas características de cada grupo e polos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, considerarase axeitado superar o 80% dos contidos propostos.
- Se os materiais e recursos utilizados resultaron accesibles, atractivos e suficientes
- Se se conseguiu motivar ao alumnado, espertar a súa curiosidade e ofrecerlles a axuda axeitada para facelos progresar. Tamén se todos participaron activamente e conseguiron o nivel máximo de desenvolvemento.
- Se se aplicaron os procedementos de avaliación programados e se aplicaron os criterios de cualificación propostos

- Se os resultados académicos estiveron en consonancia coas características do alumnado e do grupo. Sendo ideal acadar un 100% de aprobados tras da avaliación extraordinaria de setembro, fíxase o indicador de logro neste apartado nun 75%

## 20. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

En base aos indicadores de logro sinalados, o departamento analizará periodicamente na súa reunión a marcha da programación das distintas materias. Dito análise quedara recollido no libro de actas.

Unha vez rematadas as avaliacións, os seus resultados serán analizados de forma detallada na seguinte reunión. De ser o caso, tomaranse as medidas oportunas para corrixir as desviacións da programación , que quedarán recollidas no libro de actas.

Finalmente, ao rematar o curso, farase unha análise detallada tanto da programación como do seu grado de cumprimento, a partir dos indicadores de logro sinalados no apartado anterior. Tal análise se recollerá na memoria do departamento. Así mesmo, estableceranse as propostas de mellora para a programación didáctica do próximo curso

## 21. CONSTANCIA DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO

O primeiro dia de clase, informarase ao alumnado de todos os aspectos da programación da materia, principalmente os contidos da mesma, os estándares de aprendizaxe avaliables e os mínimos para superar a materia. Tamén a temporalización prevista, a metodoloxía didáctica, os procedementos e os instrumentos de avaliación, os criterios e sistema de cualificación e o programa e, de ser o caso, as actividades de reforzo e recuperación de alumnos coa materia pendente. Como marca a lei a programación estará a disposición dos alumnos para a súa consulta na Xefatura do Departamento e na Xefatura de Estudos.

Poderase entregar o alumno un resumo dos apartados descritos anteriormente. Tamén se lle indicará ao alumnado o material necesario para as clases e, se compre, unha breve información sobre a bibliografía que poden consultar. Finalmente informarase sobre as actividades complementarias e extraescolares que o departamento ten previsto realizar no presente curso.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

**HISTORIA DA ARTE**
**2º de BACHARELATO**

**CURSO 2021-2022**

# INDICE


| | Páx |
|---|---|
| 1. Introdución e contextualización | 2 |
| 2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave | 3 |
| 3. Concreción dos obxectivos para o curso | 4 |
| 4. Contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave | 5 |
| 5. Concreción, para cada estándar de aprendizaxe avaliable, do grao mínimo de consecución para superar a materia e da avaliación | 32 |
| 6. Unidades didácticas. Temporalización | 43 |
| 7. Metodoloxía didáctica | 44 |
| 8. Materiais e recursos | 46 |
| 9. Desenvolvemento da programación didáctica ante posibles escenarios diferentes en función da situación sanitaria | 47 |
| 10. Procedemento de avaliación continua. Instrumentos de avaliación. Criterios de cualificación e promoción do alumnado | 48 |
| 11. Procedemento da avaliación extraordinaria | 48 |
| 12. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 51 |
| 13. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais e colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados | 51 |
| 14. Medidas de atención á diversidade | 52 |
| 15. Elementos transversais | 52 |
| 16. Actividades complementarias e extraescolares | 53 |
| 17. Apoio ao proxecto lector e ao plan TIC | 53 |
| 18. Contribución ao plan de Convivencia | 53 |
| 19. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente | 53 |
| 20. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora | 54 |
| 21. Constancia de información ao alumnado | 55 |

## 1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

A presente programación didáctica constitúe o terceiro nivel de concreción curricular. Toma como referencia de partida o *DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia* (1º nivel de concreción) e o proxecto educativo do IES O Couto. Á súa vez, represente a base do último nivel de concreción, a programación de aula para o desenvolvemento das unidades didácticas previstas.

A proposta está deseñada para un IES público situado nun contexto urbano, a cidade de Ourense, e máis concretamente no barrio que lle da nome ao IES, O Couto. O ISEC (índice de estatus social, económico, e cultural) do centro podería ser cualificado como de medio. Predomina o alumnado castelán falante, resultando significativa a presenza de alumnos procedentes do estranxeiro, en particular de América do Sur. Todas estas variables han de ser tidas en conta á hora de deseñar as actividades de aula propostas.

Centrándonos na materia, Historia da Arte ten por obxecto de estudo a obra de arte como produto resultante da intelixencia, da creatividade e da actuación humanas, que se manifestaron de xeito diferente nas diversas sociedades e culturas ao longo do tempo.

O estudo da historia da arte débelle achegar ao alumnado os coñecementos necesarios para a análise, a interpretación e a valoración da arte a través da linguaxe das formas e do pensamento visual. A obra de arte, xunto con outras fontes de coñecemento histórico, constitúe un valioso testemuño para coñecer a mentalidade, a cultura e a evolución das sociedades: é, daquela, imprescindible estudala no seu contexto histórico, social e cultural, incidindo á vez no feito de que as obras artísticas poden perdurar a través do tempo con usos e funcións sociais diferentes en cada época. Tampouco hai que esquecer que na sociedade actual, altamente tecnificada, o ámbito das artes plásticas tradicionais se viu agrandado coa achega doutras manifestacións procedentes das novas tecnoloxías e dos medios de comunicación visual, de maneira que o universo da imaxe forma parte da nosa realidade cotiá.

Proponse unha selección que permita unha aproximación xeral ao desenvolvemento da arte occidental, desde o nacemento do clasicismo na antigüidade grecorromana ata a arte contemporánea. Neste sentido, resulta preferible centrar o estudo nas características

esenciais dos períodos, estilos ou correntes máis significativos da arte occidental, así como na súa evolución, a través da análise dun número limitado de obras representativas ou nomeadamente salientables, aínda que iso obrigue a renunciar de antemán a certos/as artistas e obras de interese indiscutible.

A complexidade dos factores que interveñen na creación da obra de arte e a especificidade de cada linguaxe artística esixen utilizar un método de análise que integre distintas perspectivas, entre as que poden sinalarse, polo menos, a formal, a sociolóxica e a iconolóxica. A perspectiva formal oriéntase a ver, recoñecer e valorar a materialidade das formas artísticas como unha linguaxe específica, a descubrir os seus procesos e as técnicas de creación, a función ou as funcións para as que foron creadas, así como as concepcións estéticas que manifestan. A perspectiva sociolóxica aborda a relación entre os/as artistas e a os/as clientes, as persoas destinatarias da obra, as formas de patrocinio, a consideración social do/da artista, ou a demanda e o consumo de arte. Canto á perspectiva iconolóxica, parte da análise iconográfica para indagar no significado último que o/a autor/a da obra pretende transmitir.

O coñecemento da historia da arte consolida nos alumnos e nas alumnas certos valores e actitudes fundamentais, como a tolerancia e o respecto polos valores e as crenzas das demais persoas, a capacidade de satisfacción ante a contemplación da arte, o respecto pola creación artística, aínda que non exento de espírito crítico, e de forma moi especial a valoración do patrimonio artístico e a responsabilidade da súa conservación, xa que se trata dun legado que se lles debe transmitir ás xeracións futuras

## 2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

As competencias defínense como capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

As competencias clave do currículo son as seguintes:

Comunicación lingüística (CCL).

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

Competencia dixital (CD).

Aprender a aprender (CAA).

Competencias sociais e cívicas (CSC).

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
Conciencia e expresións culturais (CCEC).
A materia é, xa que logo, rica en achegas ao coñecemento competencial. A competencia clave de conciencia e expresións culturais recibe un tratamento moi específico, relacionado cos contidos que son propios da historia da arte. A competencia social e cidadá desenvólvese tamén en tanto que a arte reflicte as ideoloxías, as estruturas económicas e políticas e as formas de organización social que conforman as sociedades. Ademais, as competencias lingüística, dixital e de aprender a aprender están presentes de maneira constante na súa vertente máis instrumental, e deben impregnar todo o que sexa posible o desenvolvemento curricular da materia. A competencia clave de sentido de iniciativa e espírito emprendedor debe estar moi presente nas vertentes máis actitudinais e procedementais da materia.
No cadro do apartado 5 da presente programación establécense as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación. Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deseñaranse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

## 3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO.

A materia contribuirá á consecución dos seguintes obxectivos de entre os fixados para esta etapa educativa polo currículo:
a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación

das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

## 4. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE:

| | Historia da Arte. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obx | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Cp. clave |
| | Bloque 1. Raíces da arte europea: o legado da arte clásica | | | |
| ▪ n | ▪ B1.1. Grecia, creadora da linguaxe clásica: principais manifestacións. | ▪ B1.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte grega, en relación co seu contexto histórico e cultural. | ▪ HAB1.1.1. Explica as características esenciais da arte grega e a súa evolución no tempo a partir de fontes históricas ou historiográficas. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB1.1.2. Define o concepto de orde arquitectónica e compara as tres ordes da arquitectura grega. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB1.1.3. Describe os tipos de templo grego, con referencia ás características arquitectónicas e a decoración escultórica. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |

| | Historia da Arte. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obx | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Cp. clave |
| | | | ▪ HAB1.1.4. Describe as características do teatro grego e a función das súas partes. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HAB1.1.5. Explica a evolución da figura humana masculina na escultura grega a partir do "Kouros" de Anavysos, o "Doríforo" (Policleto) e o "Apoxiomenos" (Lisipo). | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ n | ▪ B1.2. A función social da arte en Grecia. | ▪ B1.2. Explicar a función social da arte grega, especificando o papel desempeñado polos/as clientes e artistas, e as relacións entre eles. | ▪ HAB1.2.1. Especifica quen eran os/as principais clientes da arte grega, e a consideración social da arte e dos/das artistas. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B1.3. Comentario de obras de arte: Grecia. | ▪ B1.3. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte grega, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | ▪ HAB1.3.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas gregas: Partenón, Tribuna das Cariátides do Erecteion, templo de Atenea Niké e teatro de Epidauro. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB1.3.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas gregas: Kouros de Anavysos, Auriga de Delfos, Discóbolo (Mirón), Doríforo (Policleto), unha metopa do Partenón (Fidias), Hermes con Dioniso neno (Praxíteles), Apoxiomenos (Lisipo), Vitoria de Samotracia, Venus de Milo e friso do altar de Zeus en Pérgamo (detalle de Atenea e Gea). | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ n<br>▪ p | ▪ B1.4. Visión do clasicismo en Roma. A arte na Hispania romana e na Gallaecia. | ▪ B1.4. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte romana, en relación co seu contexto histórico e cultural. | ▪ HAB1.4.1. Explica as características esenciais da arte romana e a súa evolución no tempo a partir de fontes históricas ou historiográficas. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB1.4.2. Especifica as achegas da arquitectura romana en relación coa grega. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB1.4.3. Describe as características e funcións dos principais tipos de edificio romanos. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |

| | Historia da Arte. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obx | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Cp. clave |
| | | | ▪ HAB1.4.4. Compara o templo e o teatro romanos cos respectivos gregos. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB1.4.5. Explica os trazos principais da cidade romana a partir de fontes históricas ou historiográficas. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB1.4.6. Especifica as innovacións da escultura romana en relación coa grega. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB1.4.7. Describe as características xerais dos mosaicos e a pintura en Roma a partir dunha fonte histórica ou historiográfica. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ n | ▪ B1.5. Función social da arte en Roma. | ▪ B1.5. Explicar a función social da arte romana, especificando o papel desempeñado polos/as clientes e artistas, e as relacións entre eles. | ▪ HAB1.5.1. Especifica quen eran os/as principais clientes da arte romana, e a consideración social da arte e dos/das artistas. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B1.6. Comentario de obras de arte: Roma. | ▪ B1.6. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte romana, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | ▪ HAB1.6.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas romanas: Maison Carrée de Nimes, Panteón de Roma, teatro de Mérida, Coliseo de Roma, basílica de Maxencio e Constantino en Roma, ponte de Alcántara, acueduto de Segovia, arco de Tito en Roma e columna de Traxano en Roma. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB1.6.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas romanas: Augusto de Prima Porta, estatua ecuestre de Marco Aurelio, relevo do Arco de Tito (detalle dos soldados co candelabro e outros obxectos do Templo de Xerusalén) e relevo da columna de Traxano. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B1.7. Traballo de investigación sobre historia da arte. | ▪ B1.7. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto | ▪ HAB1.7.1. Realiza un traballo de investigación sobre Fidias. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |

| | Historia da Arte. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obx | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Cp. clave |
| | | medios tradicionais como as novas tecnoloxías. | ▪ HAB1.7.2. Realiza un traballo de investigación sobre o debate acerca da autoría grega ou romana do grupo escultórico de "Laocoonte e os seus fillos". | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |
| ▪ h<br>▪ n<br>▪ p | ▪ B1.8. Conservación do patrimonio: arte grecorromana | ▪ B1.8. Respectar as creacións artísticas da Antigüidade grecorromana, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio escaso e insubstituíble que cómpre conservar. | ▪ HAB1.8.1. Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables da arte antiga que se conservan en Galicia. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 2. Nacemento da tradición artística occidental: a arte medieval | | | |
| ▪ n | ▪ B2.1. Achega cristiá na arquitectura e na iconografía. | ▪ B2.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte paleocristiá, en relación co seu contexto histórico e cultural. | ▪ HAB2.1.1. Explica as características esenciais da arte paleocristiá e a súa evolución no tempo a partir de fontes históricas ou historiográficas. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB2.1.2. Describe a orixe, a características e a función da basílica paleocristiá. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HAB2.1.3. Describe as características e función dos baptisterios, mausoleos e "martiria" paleocristiáns, e as súas partes. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HAB2.1.4. Explica a evolución da pintura e o mosaico na arte paleocristiá, con especial referencia á iconografía. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ n | ▪ B2.2. Arte bizantina. | ▪ B2.2. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte bizantina, en relación co seu contexto histórico e cultural. | ▪ HAB2.2.1. Explica as características esenciais da arte bizantina a partir de fontes históricas ou historiográficas. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB2.2.2. Explica a arquitectura bizantina a través da igrexa de Santa Sofía de Constantinopla. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |

| | Historia da Arte. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obx | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Cp. clave |
| | | | ▪ HAB2.2.3. Describe as características do mosaico bizantino e dos temas iconográficos do Pantocrátor e a Virxe e a Déesis, así como a súa influencia na arte occidental. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B2.3. Comentario de obras de arte bizantina | ▪ B2.3. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte bizantina, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | ▪ HAB2.3.1. Identifica, analiza e comenta o mosaico do Cortexo da emperatriz Teodora en San Vital de Rávena. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ n<br>▪ p | ▪ B2.4. Arte prerrománica. | ▪ B2.4. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte prerrománica, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais. | ▪ HAB2.4.1. Define o concepto de arte prerrománica e especifica as súas manifestacións en España e en Galicia. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HAB2.4.2. Identifica e clasifica razoadamente no seu estilo as seguintes obras: San Pedro da Nave (Zamora), Santa María do Naranco (Oviedo), San Miguel da Escalada (León), Santa Comba de Bande e San Miguel de Celanova (Ourense). | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ n | ▪ B2.5. Configuración e desenvolvemento da arte románica. Igrexas e mosteiros. Iconografía románica. | ▪ B2.5. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte románica, en relación co seu contexto histórico e cultural. | ▪ HAB2.5.1. Describe as características xerais da arte románica a partir de fontes históricas ou historiográficas. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB2.5.2. Describe as características e as función das igrexas e dos mosteiros na arte románica. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HAB2.5.3. Explica as características da escultura e a pintura románicas, con especial referencia á iconografía. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| ▪ n | ▪ B2.6. Función social da arte románica. | ▪ B2.6. Explicar a función social da arte románica, especificando o papel de clientes e artistas, e as relacións entre eles. | ▪ HAB2.6.1. Especifica as relacións entre artistas e clientes da arte románica. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CSC |

| | Historia da Arte. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obx | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Cp. clave |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B2.7. Comentario de obras de arte románica. | ▪ B2.7. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte románica, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | ▪ HAB2.7.1. Identifica, analiza e comenta as esculturas románicas do Xuízo Final no tímpano de Santa Fe de Conques (Francia). | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ n | ▪ B2.8. Achega do Gótico: expresión dunha cultura urbana. A catedral e a arquitectura civil. Modalidades escultóricas. Pintura italiana e flamenga, orixe da pintura moderna. | ▪ B2.8, Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte gótica, en relación co seu contexto histórico e cultural. | ▪ HAB2.8.1. Describe as características xerais da arte gótica a partir de fontes históricas ou historiográficas. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB2.8.2. Describe as características e a evolución da arquitectura gótica e especifica os cambios introducidos respecto á románica. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB2.8.3. Describe as características e a evolución da escultura gótica, e especifica as súas diferenzas tipolóxicas, formais e iconográficas respecto á escultura románica. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB2.8.4. Recoñece e explica as innovacións da pintura de Giotto e do Trecento italiano respecto á pintura románica e bizantina. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB2.8.5. Explica as innovacións da pintura flamenga do século XV e cita algunhas obras dos seus principais representantes. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ n | ▪ B2.9. Función social da arte gótica. | ▪ B2.9. Explicar a función social da arte gótica, especificando o papel desempeñado por clientes e artistas, e as relacións entre eles. | ▪ HAB2.9.1. Especifica as relacións entre artistas e clientes da arte gótica, e a súa variación respecto ao románico. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B2.10. Comentario de obras de arte gótica. | ▪ B2.10. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte gótica, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, | ▪ HAB2.10.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas góticas: fachada occidental da catedral de Reims, interior da planta superior da Sainte Chapelle de París. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |

| | Historia da Arte. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obx | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Cp. clave |
| | | semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | ▪ HAB2.10.2. Identifica, analiza e comenta o grupo da Anunciación e a Visitación da catedral de Reims. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB2.10.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas góticas: escena de "A fuxida a Exipto", de Giotto, na Capela Scrovegni de Padua, "Matrimonio Arnolfini", de Jan Van Eyck, "O descendemento da cruz", de Roger van der Weyden, e o "Xardín das Delicias, de Hieronymus Bosch. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ n<br>▪ p | ▪ B2.11. O peculiar desenvolvemento artístico da Península Ibérica. Arte hispanomusulmá. O Románico no Camiño de Santiago. O Gótico e a súa longa duración. | ▪ B2.11. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte románica e gótica española e hispano-musulmá, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais. | ▪ HAB2.11.1. Explica as características e evolución da arte románica e gótica en España. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB2.11.2. Explica as características xerais da arte islámica a partir de fontes históricas ou historiográficas. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB2.11.3. Describe os trazos esenciais da mesquita e o pazo islámico. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HAB2.11.4. Explica a evolución da arte hispanomusulmá. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB2.11.5. Explica as características da arte mudéxar e especifica, con exemplos de obras concretas, as diferenzas entre o mudéxar popular e o cortesán. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ m<br>▪ n<br>▪ p | ▪ B2.12. Comentario de obras de arte medieval española. | ▪ B2.12. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte medieval española, aplicando un método que abranga diferentes enfoques | ▪ HAB2.12.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas románicas: San Vicente de Cardona (Barcelona), San Martín de Frómista e a catedral de Santiago de Compostela. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |

| | Historia da Arte. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obx | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Cp. clave |
| | | (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | ▪ HAB2.12.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas románicas: "A dúbida de San Tomé", no ángulo do claustro de San Domingos de Silos (Burgos), "Última cea" do capitel historiado do claustro de San Xoán da Peña (Huesca) e fachada de Praterías e Pórtico da Gloria da catedral de Santiago. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB2.12.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas murais románicas: bóveda da Anunciación aos pastores no Panteón Real de San Isidoro de León, e ábsida de San Clemente de Tahull (Lleida). | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB2.12.4. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas góticas: fachada occidental e interior da catedral de León, interior da catedral de Barcelona, e interior da igrexa de San Xoán dos Reis, de Toledo. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB2.12.5. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas góticas: tímpano da Portada do Sarmental da catedral de Burgos, e retablo de Gil de Siloé, na Cartuxa de Miraflores (Burgos). | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB2.12.6. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras hispanomusulmás: Mesquita de Córdoba, Aljafería de Zaragoza, Giralda de Sevilla e Alhambra de Granada. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B2.13. Traballo de investigación sobre historia da arte. | ▪ B2.13. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías. | ▪ HAB2.13.1. Realiza un traballo de investigación sobre o tratamento iconográfico e o significado da visión apocalíptica de Cristo e o Xuízo Final na arte medieval. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSIEE |

| | Historia da Arte. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obx | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Cp. clave |
| ▪ h<br>▪ n<br>▪ p | ▪ B2.14. Conservación do patrimonio: arte medieval. | ▪ B2.14. Respectar as creacións da arte medieval, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio que hai que conservar. | ▪ HAB2.14.1. Explica a importancia da arte románica no Camiño de Santiago. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HAB2.14.2. Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables de arte medieval que se conservan en Galicia. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE |
| | Bloque 3. Desenvolvemento e evolución da arte europea no mundo moderno | | | |
| ▪ n | ▪ B3.1. Renacemento. Patróns e artistas. Orixe e desenvolvemento da nova linguaxe en arquitectura, escultura e pintura. Achegas de grandes artistas do Renacemento italiano. | ▪ B3.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte do Renacemento, en relación co seu contexto histórico e cultural. | ▪ HAB3.1.1. Explica as características esenciais do Renacemento italiano e a súa periodización a partir de fontes históricas ou historiográficas. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB3.1.2. Especifica as características da arquitectura renacentista italiana e explica a súa evolución, desde o Quattrocento ao manierismo. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB3.1.3. Especifica as características da escultura renacentista italiana e explica a súa evolución, desde o Quattrocento ao manierismo. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB3.1.4. Especifica as características da pintura renacentista italiana e explica a súa evolución, desde o Quattrocento ao manierismo. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB3.1.5. Compara a pintura italiana do Quattrocento coa dos pintores góticos flamengos contemporáneos. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB3.1.6. Explica a peculiaridade da pintura veneciana do Cinquecento e cita os artistas máis representativos. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ n | ▪ B3.2. Función social da arte no Renacemento | ▪ B3.2. Explicar a función social da arte especificando o papel desempeñado por patróns, academias, clientes e artistas, e as relacións entre eles. | ▪ HAB3.2.1. Describe a práctica do patrocinio no Renacemento italiano e as novas reivindicacións dos artistas en relación co seu recoñecemento social e a natureza do seu labor. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CSC |

| | Historia da Arte. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obx | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Cp. clave |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B3.3. Comentario de obras de arte: arte do Renacemento. | ▪ B3.3. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte do Renacemento, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | ▪ HAB3.3.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do Renacemento italiano: cúpula de Santa María das Flores e interior da igrexa de San Lorenzo, ambas en Florencia e de Brunelleschi; pazo Médici-Riccardi en Florencia, de Michelozzo; fachada de Santa María Novella e do pazo Rucellai, ambos en Florencia e de Alberti; templo de San Pietro in Montorio en Roma, de Bramante; cúpula e proxecto de planta de San Pedro do Vaticano, de Michelangelo; Il Gesù en Roma, de Giacomo della Porta e Vignola; Villa Capra (Villa Rotonda) en Vicenza, de Palladio. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB3.3.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas do Renacemento italiano: primeiro panel da "Porta do Paraíso" (da creación do mundo á expulsión do Paraíso), de Ghiberti; "Gattamelata", de Donatello; "Piedade" do Vaticano, "David", "Moisés" e as tumbas mediceas, de Michelangelo; "O rapto das sabinas", de Giambologna. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB3.3.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas do Renacemento italiano: "O tributo da moeda" e A "Trindade", de Masaccio; "Anunciación" do Convento de San Marcos en Florencia, de Fra Angelico; "Madonna do Duque de Urbino", de Piero della Francesca; "A Virxe das rochas", "A última cea" e "A Gioconda", de Leonardo da Vinci; "A Escola de Atenas" de Rafael; a bóveda e o "Xuízo Final" da Capela Sixtina, de Michelangelo; "A tempestade", de Giorgione; "Venus de Urbino" e "Carlos V en Mühlberg", de Tiziano; "O lavatorio", de Tintoretto; "As vodas de Caná", de Veronés. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |

| | Historia da Arte. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obx | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Cp. clave |
| ▪ n | ▪ B3.4. A recepción da estética renacentista na Península Ibérica. | ▪ B3.4. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte española do Renacemento, en relación co seu contexto histórico e cultural. | ▪ HAB3.4.1. Especifica as características peculiares do Renacemento español en comparación co italiano. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB3.4.2. Describe a evolución da arquitectura renacentista española. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB3.4.3. Explica a peculiaridade da escultura renacentista española. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB3.4.4. Explica as características da pintura de El Greco a través dalgunhas das súas obras máis representativas. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ m<br>▪ n | ▪ B3.5. Comentario de obras de arte: arte española do Renacemento. | ▪ B3.5. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte española do Renacemento, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico). | ▪ HAB3.5.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do Renacemento español: fachada da Universidade de Salamanca; pazo de Carlos V na Alhambra de Granada, de Pedro Machuca; mosteiro de San Lorenzo de El Escorial, de Juan de Herrera. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB3.5.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras escultóricas do Renacemento español: "Sacrificio de Isaac" do retablo de San Bieito de Valladolid, de Alonso Berruguete; "Santo enterro", de Juan de Juni. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB3.5.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas de El Greco: "O expolio", "A Santa Liga" ou "Adoración do nome de Xesús", "O martirio de San Mauricio", "O enterro do Señor de Orgaz", "A adoración dos pastores", "O cabaleiro da man no peito". | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ n | ▪ B3.6. Unidade e diversidade do Barroco. Linguaxe artística ao servizo do poder civil e eclesiástico. Urbanismo barroco. Igrexas e pazos. Principais | ▪ B3.6. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte do Barroco, en relación co seu contexto histórico | ▪ HAB3.6.1. Explica as características esenciais do Barroco. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HAB3.6.2. Especifica as diferenzas entre a concepción barroca da arte e a renacentista. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |

| | Historia da Arte. 2º de bacharelato | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obx | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Cp. clave |
| | tendencias. | e cultural. | ▪ HAB3.6.3. Compara a arquitectura barroca coa renacentista. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB3.6.4. Explica as características xerais do urbanismo barroco. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | | ▪ HAB3.6.5. Compara a escultura barroca coa renacentista a través da representación de "*David*" por Michelangelo e por Bernini. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB3.6.6. Describe as características xerais da pintura barroca e especifica as diferenzas entre a Europa católica e a protestante. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ HAB3.6.7. Distingue e caracteriza as grandes tendencias da pintura barroca en Italia e os seus principais representantes. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ HAB3.6.8. Especifica as peculiaridades da pintura barroca flamenga e holandesa. | ▪ CCEC<br>▪ CCL<br>▪ CAA |
| ▪ HAB3.7.1. Describe o papel desempeñado no século XVIII polas academias en toda Europa e, en particular, polo Salón de París. | Explicar a función social do arte Barroco. | PE<br>FO |
| ▪ HAB3.8.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do Barroco europeo do século XVII: fachada de San Pedro do Vaticano, de Carlo Maderno; columnata da praza de San Pedro do Vaticano, de Bernini; San Carlos das Catro Fontes en Roma, de Borromini; Pazo de Versalles, de Le Vau, J.H. Mansart e Le Nôtre. | Clasificar e analizar as obras do arte Baroco. | PE<br>FO |
| ▪ HAB3.8.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas de Bernini: "David", "Apolo" e "Dafne", "A éxtase de Santa Teresa", "Cátedra de San Pedro". | | PE<br>FO |
| ▪ HAB3.8.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas do Barroco europeo do século XVII: "Vocación de San Mateo" e "Morte da Virxe", de Caravaggio; "Triunfo de Baco e Ariadna", na bóveda do pazo Farnese de Roma, de Annibale Carracci; "Adoración do nome de Xesús", bóveda de Il Gesù en Roma, de Gaulli (Il Baciccia); "Adoración dos Magos", "As tres Grazas" e "O xardín do Amor", de Rubens; "A lección de anatomía do doutor Tulpy", "A rolda nocturna", de Rembrandt. | | PE<br>FO |
| ▪ HAB3.9.1. Explica as características do urbanismo barroco en España e a evolución da arquitectura española durante o século XVII. | Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte española do Barroco, en relación co seu contexto histórico e cultural. | PE<br>FO |
| ▪ HAB3.9.2. Explica as características da imaxinaría barroca española do século XVII e compara a escola castelá coa andaluza. | | PE<br>FO |
| ▪ HAB3.9.3. Explica as características xerais da pintura española do século XVII. | | PE<br>FO |
| ▪ HAB3.9.4. Describe as características e evolución da pintura de Velázquez a través dalgunhas das súas obras máis significativas. | | |
| ▪ HAB3.10.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do Barroco español do século XVII: Praza Maior de Madrid, | | |

| | | |
|---|---|---|
| de Xoán Gómez de Mora; Retablo de Santo Estevo de Salamanca, de Churriguera. | | |
| ▪ HAB3.10.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas do Barroco español do século XVII: "Piedad", de Gregorio Fernández; "Inmaculada do facistol", de Alonso Cano; "Magdalena penitente", de Pedro de Mena. | | |
| ▪ HAB3.10.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas españolas do Barroco español do século XVII: "Martirio de San Filipe", "O soño de Xacob" e "O zambro", de Ribera; "Bodegón" do Museo do Prado, de Zurbarán; "O augador de Sevilla, "Os borrachos", "A fragua de Vulcano", "A rendición de Breda", "O Príncipe Baltasar Carlos a cabalo", "A Venus do espello", "As meninas" e "As fiandeiras", de Velázquez; "A Sagrada Familia do paxariño", "A Inmaculada de El Escorial", "Os nenos da concha" e "Nenos xogando aos dados", de Murillo. | | |
| ▪ HAB3.11.1. Explica o século XVIII como época de coexistencia de vellos e novos estilos artísticos nun contexto histórico de cambios profundos. | Recoñecer e explicar as distintas concepcións esteticasda arte do seculo XVIII | |
| ▪ HAB3.11.2. Compara o Barroco tardío e o Rococó, e especifica a diferente concepción da vida e a arte que encerran. | | |
| ▪ HAB3.11.3. Explica as razóns do xurdimento do Neoclasicismo e as súas características xerais en arquitectura, escultura e pintura. | | |
| ▪ HAB3.11.4. Comenta a escultura neoclásica a través da obra de Canova. | | |
| ▪ HAB3.11.5. Especifica as posibles coincidencias entre o Neoclasicismo e o Romanticismo na pintura de David. | | |
| ▪ HAB3.11.6. Distingue entre a corrente tradicional e a clasicista da arquitectura barroca española do século XVIII. | | |
| ▪ HAB3.11.7. Explica a figura de Salzillo como derradeiro representante da imaxinaría relixiosa española en madeira policromada. | | |
| ▪ HAB3.12.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do século XVIII: fachada do Hospicio de San Fernando de Madrid, de Pedro de Ribera; fachada do Obradoiro da catedral de Santiago de Compostela, de Casas e Novoa; Pazo Real de Madrid, de Juvara e Sacchetti; Panteón de París, de Soufflot; Museo do Prado en Madrid, de Juan de Villanueva. | Clasificar e analizar as obras do seculo XVIII | |
| ▪ HAB3.12.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras escultóricas do século XVIII: "A | | |

| | | |
|---|---|---|
| oración no horto", de Salzillo; "Eros e Psique" e "Paulina Bonaparte", de Canova. | | |
| ▪ HAB3.12.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras de David: "O xuramento dos Horacios" e "A morte de Marat". | | |
| ▪ HAB3.13.1. Realiza un traballo de investigación sobre o proceso de construción da nova basílica de San Pedro do Vaticano ao longo dos séculos XVI e XVII. | Realizar e expor traballos de investigación. | |
| ▪ HAB3.14.1. Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables da arte dos séculos XVI ao XVIII que se conservan en Galicia. | | |
| ▪ HAB4.1.1. Analiza a evolución da obra de Goya como pintor e gravador, desde a súa chegada á Corte ata o seu exilio final en Bordeos. | Analizar a obra de Goya e identificar nela os trazos propios das correntes da sua época e os que anticipan diversas vangardas posteriores. | |
| ▪ HAB4.1.2. Compara a visión de Goya nas series de gravados "Os caprichos" e "Os disparates ou proverbios". | | |
| ▪ HAB4.2.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras de Goya: "*O parasol", "A familia de Carlos IV", "O 2 de maio de 1808 en Madrid"* ("*A loita cos mamelucos"*), *"Os fusilamentos do 3 de maio de 1808";* desastre nº 15 ("*E non hai remedio"*) da serie "*Os desastres da guerra"; "Saturno devorando un fillo"* e "*A leiteira de Bordeos".* | Clasificar e analizarasobras significativas de Goya. | |
| ▪ HAB4.3.1. Describe as características e a evolución da arquitectura do ferro no século XIX, en relación cos avances e as necesidades da revolución industrial. | Recoñecer e explicar as obras mais significativas da arquitectura do seculo XIX | |
| ▪ HAB4.3.2. Explica as diferenzas entre enxeñeiros e arquitectos na primeira metade do século XIX. | | |
| ▪ HAB4.3.3. Explica as características do neoclasicismo arquitectónico durante o Imperio de Napoleón. | | |
| ▪ HAB4.3.4. Explica as características do historicismo en arquitectura e a súa evolución cara ao eclecticismo. | | |
| ▪ HAB4.3.5. Explica as características e principais tendencias da arquitectura modernista. | | |
| ▪ HAB4.3.6. Especifica as achegas da Escola de Chicago á arquitectura. | | |
| ▪ HAB4.3.7. Describe as características e os obxectivos das remodelacións urbanas de París, Barcelona e Madrid na segunda metade do século XIX. | | |
| ▪ HAB4.4.1. Identifica, analiza e comenta as | | |

| | | |
|---|---|---|
| seguintes obras arquitectónicas: templo da Madalena en París, de Vignon; Parlamento de Londres, de Barry e Pugin; Auditorio de Chicago, de Sullivan e Adler; torre Eiffel de París; templo da Sagrada Familia en Barcelona, de Gaudí. | | |
| ▪ HAB4.5.1. Describe as características do Romanticismo na pintura e distingue entre o romanticismo da liña de Ingres e o romanticismo da cor de Gericault e Delacroix. | Recoñecer e explicar as concepcións esteticas da pintura do seculo XIX. | |
| ▪ HAB4.5.2. Compara as visións románticas da paisaxe en Constable e Turner. | | |
| ▪ HAB4.5.3. Explica o Realismo e a súa aparición no contexto dos cambios sociais e culturais de mediados do século XIX. | | |
| ▪ HAB4.5.4. Compara o Realismo co Romanticismo. | | |
| ▪ HAB4.5.5. Describe as características xerais do Impresionismo e o Neoimpresionismo. | | |
| ▪ HAB4.5.6. Define o concepto de postimpresionismo e especifica as achegas de Cézanne e Van Gogh como precursores das grandes correntes artísticas do século XX. | | |
| ▪ HAB4.5.7. Explica o Simbolismo de finais do século XIX como reacción fronte ao Realismo e ao Impresionismo. | | |
| ▪ HAB4.6.1. Explica os cambios que se producen no século XIX nas relacións entre artistas e clientes, referidos á pintura. | Explicar a evolución cara a independencia dos artistas. | |
| ▪ HAB4.7.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas do século XIX: "O baño turco", de Ingres; "A balsa da Medusa", de Gericault; "A liberdade guiando o pobo", de Delacroix; "O carro de feo", de Constable; "Chuvia, vapor e velocidade", de Turner; "O enterro de Ornans", de Courbet; "O ánxelus", de Millet; "Almorzo sobre a herba", de Manet; "Impresión, sol nacente" e a serie sobre a Catedral de Ruán, de Monet; "Le Moulin de la Galette", de Renoir; "Unha tarde de domingo na Grande Jatte", de Seurat; "Xogadores de cartas" e "Mazás e laranxas", de Cézanne; "A noite estrelada" e "O segador", de Van Gogh; "Visión despois do sermón" e "O mercado" ("Ta matete"), de Gauguin. | Clasificar e analizar as obras mas significativas da pintura do seculo XIX. | |
| ▪ HAB4.8.1. Relaciona a produción e o academicismo dominante na escultura do século XIX coas transformacións levadas a cabo nas cidades (monumentos conmemorativos en prazas, parques e avenidas, e esculturas funerarias nos novos cemiterios). | Recoñecer e explicar as caracteristicas esencias da escultura do seculo XIX. | |
| ▪ HAB4.8.2. Explica as características da | | |

| | | |
|---|---|---|
| renovación escultórica emprendida por Rodin. | | |
| ▪ HAB4.9.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras de Rodin: "O pensador" e "Os burgueses de Calais". | | |
| ▪ HAB4.10.1. Realiza un traballo de investigación sobre as exposicións universais do século XIX e a súa importancia desde o punto de vista arquitectónico. | Realizar e expor traballos de investigación. | |
| ▪ HAB4.10.2. Realiza un traballo de investigación sobre a influencia da fotografía e o gravado xaponés no desenvolvemento do Impresionismo, con referencias a obras concretas. | | |
| ▪ HAB4.11.1. Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables da arte do século XIX que se conservan en Galicia. | | |
| ▪ HAB5.1.1. Define o concepto de vangarda artística en relación co acelerado ritmo de cambios na sociedade da época e a liberdade creativa dos/das artistas iniciada na centuria anterior. | Recoñecer e explicar as caracteristicas esenciais das vangardas artisticas das artes plasticas na primeira metade do seculo XX. | |
| ▪ HAB5.1.2. Describe a orixe e as características do Fauvismo. | | |
| ▪ HAB5.1.3. Describe o proceso de xestación e as características do Cubismo, distinguindo entre o Cubismo analítico e o sintético. | | |
| ▪ HAB5.1.4. Describe o ideario e os principios do futurismo. | | |
| ▪ HAB5.1.5. Identifica os antecedentes do expresionismo no século XIX, explica as súas características xerais e especifica as diferenzas entre os grupos alemáns "A ponte" e "O xinete azul". | | |
| ▪ HAB5.1.6. Describe o proceso de xestación e as características da pintura abstracta, distingue a vertente cromática e a xeométrica, e especifica algunhas das súas correntes máis significativas, como o Suprematismo ruso ou o Neoplasticismo. | | |
| ▪ HAB5.1.7. Describe as características do Dadaísmo como actitude provocadora nun contexto de crise. | | |
| ▪ HAB5.1.8. Explica a orixe, as características e os obxectivos do Surrealismo. | | |
| ▪ HAB5.1.9. Explica a importancia dos pintores españois Picasso, Miró e Dalí no desenvolvemento das vangardas artísticas. | | |
| ▪ HAB5.1.10. Explica a renovación temática, técnica e formal da escultura na primeira metade do século XX, distinguindo as obras relacionadas coas vangardas pictóricas e as que utilizan | Clasifica e a naliza as principais obras da plastica da primeira metade do seculo XX. | |

| | | |
|---|---|---|
| recursos ou linguaxes independentes. | | |
| ▪ HAB5.2.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras: "A alegría de vivir", de Matisse; "As señoritas de Aviñón", "Retrato de Ambroise Vollard", "Natureza morta con cadeira de reixa de cana" e "Guernica", de Picasso; "A cidade que emerxe", de Boccioni; "O berro", de Munch; "A rúa", de Kirchner; "Lírica" e "Sobre branco II", de Kandinsky; "Cadrado negro", de Malevich; "Composición II", de Mondrian; "L.H.O.O.Q.", de Duchamp; "O elefante das Celebes", de Ernst; "A chave dos campos", de Magritte; "O entroido de Arlequín" e "Mulleres e paxaros á luz da lúa", de Miró; "O xogo lúgubre" e "A persistencia da memoria", de Dalí. | | |
| ▪ HAB5.2.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras escultóricas: "O profeta", de Gargallo; "Formas únicas de continuidade no espazo", de Boccioni; "Fonte", de Duchamp; "Muller peiteándose ante un espello", de Xulio González; "Mademoiselle Pogany I", de Brancusi; "Lagosta, nasa e cola de peixe", de Calder; "Figura reclinada", de Henry Moore. | | |
| ▪ HAB5.3.1. Explica o proceso de configuración e os trazos esenciais do Movemento Moderno en arquitectura. | Recoñece e explica as caracteristicas esenciais da arquitectura da primeira metade do seculo XX. | |
| ▪ HAB5.3.2. Especifica as achegas da arquitectura orgánica ao Movemento Moderno. | | |
| ▪ HAB5.4.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas: edificio da Bauhaus en Dessau (Alemaña), de Gropius; pavillón de Alemaña en Barcelona, de Mies van der Rohe; Vila Saboia en Poissy (Francia), de Le Corbusier; casa Kaufman (Casa da Cascada), de Frank Lloyd Wright. | | |
| ▪ HAB5.5.1. Realiza un traballo de investigación sobre o Grupo de Artistas e Técnicos Españois Para o Progreso da Arquitectura Contemporánea (GATEPAC). | | |
| ▪ HAB5.6.1. Selecciona unha obra arquitectónica, unha escultura ou unha pintura da primeira metade do século XX, das existentes en Galicia, e xustifica a súa elección. | | |
| ▪ HAB6.1.1. Explica o papel desempeñado no proceso de universalización da arte polos medios de comunicación de masas e as exposicións e feiras internacionais de arte. | Recoñecer e explicar as distintas concepcións esteticas desde a segunda metade do seculo XX. | |
| ▪ HAB6.1.2. Explica as razóns do mantemento e a difusión internacional do Movemento Moderno en arquitectura. | | |

| | | |
|---|---|---|
| ▪ HAB6.1.3. Distingue e describe as características doutras tendencias arquitectónicas á marxe do Movemento Moderno ou Estilo Internacional, en particular a High Tech, a posmoderna e a deconstrución. | | |
| ▪ HAB6.2.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras: "Unité d'habitation" en Marsella, de Le Corbusier; edificio Seagram en Nova York, de M. van der Rohe e Philip Johnson; o museo Guggenheim de Nova York, de F. Lloyd Wright; a Casa da Ópera de Sydney, de J. Utzon; o centro Pompidou de París, de R. Piano e R. Rogers; o AT & T Building de Nova York, de Philip Johnson; o museo Guggenheim de Bilbao, de F. O. Gehry. | | |
| ▪ HAB6.3.1. Explica e compara o Informalismo europeo e o Expresionismo abstracto norteamericano. | | |
| ▪ HAB6.3.2. Explica a abstracción postpictórica. | | |
| ▪ HAB6.3.3. Explica o Minimalismo. | | |
| ▪ HAB6.3.4. Explica a arte cinética e a Op-Art. | | |
| ▪ HAB6.3.5. Explica a arte conceptual. | | |
| ▪ HAB6.3.6. Explica a Arte Povera. | | |
| ▪ HAB6.3.7. Distingue e explica algunhas das principais correntes figurativas: Pop-Art, Nova Figuración, Hiperrealismo. | | |
| ▪ HAB6.3.8. Explica en que consisten as seguintes manifestacións de arte non duradeira: Happening, Body Art e Land Art. | | |
| ▪ HAB6.3.9. Describe os formulacións xerais da posmodernidade, referida ás artes plásticas. | | |
| ▪ HAB6.4.1. Identifica o autor e a corrente artística (non necesariamente o título), e analiza e comenta as seguintes obras: "Pintura" (Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía de Madrid), de Tapies; "Grito nº 7", de Antonio Saura; "One: number 31, 1950", de J. Pollock; "Ctesiphon III", de F. Stella; "Equivalente VIII", de Carl André; "Vega 200", de Vasarely; "Unha e tres cadeiras", de J. Kosuth; "Iglú con árbore", de Mario Merz; "Marilyn Monroe" (serigrafía de 1967), de A. Warhol; "O Papa que berra" (estudo a partir do retrato do Papa Inocencio X), de Francis Bacon; "A Gran Vía madrileña en 1974", de Antonio López. | | |
| ▪ HAB6.5.1. Explica brevemente o desenvolvemento dos novos sistemas visuais e as características da súa linguaxe expresiva: fotografía, cartel, cine, cómic, producións televisivas, videoarte e arte por computador. | Explicar o desenvolvemento e a extensión dos novos sistemas visuais, como a fotografía, o cine, a televisión, o cartelismo ou o cómic, especificando o modo en que combinan diversas linguaxes expresivas. | |

| | | |
|---|---|---|
| ▪ HAB6.6.1. Especifica as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías para a creación artística e para a difusión da arte. | Describir as posibilidades que abriron as novas tecnoloxias e explicar os seus efectos tanto para acreación artistica como para a difusión da arte. | |
| ▪ HAB6.7.1. Define o concepto de cultura visual de masas, e describe os seus trazos esenciais. | Identificar a presenza da arte na vida cotiá, e distinguir os ambitos en que se manifesta. | |
| ▪ HAB6.7.2. Identifica a arte nos diferentes ámbitos da vida cotiá. | | |
| ▪ HAB6.8.1. Explica a orixe do Patrimonio Mundial da UNESCO e os seus obxectivos. | Respectar as manifestacións da arte de todos os tempos, valorandoas como patrimonio cultural heredaddo que se debe conservar e transmitir ás xeneracións futuras. | |
| ▪ HAB6.8.2. Realiza un traballo de investigación relacionado cos bens artísticos de España e de Galicia inscritos no catálogo do Patrimonio Mundial da UNESCO. | | |
| ▪ HAB7.1.1. Utiliza con corrección a terminoloxía específica das artes en exposicións orais e escritas. | | |
| | | |

## 6. UNIDADES DIDÁCTICAS. TEMPORALIZACIÓN.

A distribución de contidos ao longo do curso, contidos a través dos cales se persegue a consecución dos obxectivos previstos e a aplicación dos correspondentes criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliables, é a seguinte:

— **1ª avaliación:**

1. A arte
2. Arte clásica: Grecia
3. Arte clásica: Roma
4. Arte bizantina
5. Arte islámica e arte mudéxar
6. Arte prerrománica
7. Arte románica e gótico.

**Total: 26 obras Sesións aproximadas: 32**

- **2º avaliación:**

8. Arte renacentista
9. Arte barroca

**Total: 27 autores e 41 obras. Sesións aproximadas 28**

— **3ª avaliación**

10. **Arte do século XIX**
11. **Arte do século XX**

**Total: 31 Autores e 42 obras. Sesións aproximadas 24**

Esta temporalización poderá modificarse en base ás características do grupo e aos propios imprevistos do curso. Sendo un curso terminal caracterizado pola realización de estudos posteriores, darase todo o temario. O que fai que a revisión da temporalización sexa constante en base aos contidos e as sesións.

## 7. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

A metodoloxía didáctica empregada para desenvolver esta materia debe favorecer o traballo individual e en grupo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo e a transferencia e a aplicación do aprendido. Ademais, preténdese exercitar ao alumnado nos procedementos habituais do historiador: natureza, tipoloxía e importancia das distintas clases de fontes, análise e utilización crítica das mesmas, contraste de interpretacións historiográficas e utilización de información procedente dos medios de comunicación de masas para achegarse ao coñecemento da realidade actual.

As tecnoloxías da información e da comunicación deben ser utilizadas como unha ferramenta necesaria para a aprendizaxe, tanto polo seu carácter imprescindible na educación superior como pola súa utilidade e relevancia para a vida cotiá e a inserción laboral.

A natureza específica da historia -multiplicidade de factores que interveñen nunha realidade humana, cambio permanente mais non uniforme nin no tempo nin no espazo e irrepetibilidade dos feitos- condúcenos a que nesta disciplina, en canto materia de ensinanza-aprendizaxe, debamos ter en conta as seguintes consideracións didácticas:

- A forma de acceder ao coñecemento da historia da arte non é uniforme dentro da propia disciplina. Inflúen a parcela espacial e cronolóxica que se considere. Non nos acercamos cos mesmos medios ao coñecemento do máis afastado no tempo e no espazo que a unha época próxima. Polo tanto, os medios que se utilicen non deben ser idénticos ao longo de todo o desenvolvemento da materia.
- Na clase fanse comentarios sobre valores e sobre actitudes e ao facelo transmítense mensaxes. Isto fai o seu estudio vulnerable a interferencias políticas e a que, con frecuencia, se confundan consideracións de orde política e ideolóxica

con consideracións de tipo educativo. Polo que se procurará tratar os temas de estudio con obxectividade e non emitir xuízos de valor.

- A motivación é un aspecto importante para acadar unha ensinanza eficaz. Para promover que sexa positiva, é necesario que os temas de estudio conecten directamente cos intereses do alumnado. O emprego de medios audiovisuais, o achegamento a problemas do seu contorno, as saídas programadas, etc. constitúen estratexias motivadoras e atractivas.
- Partindo destas consideracións as distintas Unidades Didácticas deben enfocarse non como un conxunto illado, senón como un conxunto de procesos nos que se analicen as súas causas e as súas consecuencias e as relacións existentes entre elas. Para isto, os medios non son só materiais ( fontes e instrumentos), senón tamén conceptuais e de léxico propio desta disciplina que hai que adquirir comprensivamente.
- Na ensinanza da Historia da arte, e en función dos contidos a tratar, empregaremos distintas <u>estratexias metodolóxicas</u>. A exposición do profesor/a será necesaria, sobre todo, ao tratar contidos conceptuais de maior complexidade porque lle permitirá ao alumnado un mellor acceso a eles. Para outros contidos, as estratexias de descubrimento ou de indagación, mediante materiais que se lle proporcionen, tamén serán necesarias porque o alumnado, ao indagar en diversas fontes, constrúen ao seu propio coñecemento en lugar de recibir a información xa elaborada.

A primeira das actividades de cada unha das Unidades Didácticas actuará de ámbito motivador para o tema das mesmas e para que o alumnado manifeste as súas opinións e sexan conscientes do que coñecen e do que descoñecen. Así o profesor/a estará en condicións de axustar a proposta de actividades, incorporando as conclusións desta primeira sesión. A presentación pode ser distinta en cada caso: enquisa, visualización dun fragmento dun vídeo, observación de gráficos, comparación de debuxos, pinturas, fotografías etc.

Das actividades de desenvolvemento das Unidades obterase información para a avaliación en tres niveis:
<u>Traballo individual</u>, no que se terán en conta aspectos como:

- A capacidade de descrición, de relación e de análise dos conceptos históricos e artísticos.
- A expresión e a comprensión dos mesmos tanto de forma oral como escrita.
- Os conceptos específicos do temario. Tanto na análise de obras como na definición de conceptos.
- O desenvolvemento de actitudes cara á materia. No interese, traballo diario, resolución de dúbidas, etc.

O traballo en grupo, é importante nos cursos como 2 Bacharelato, que os alumnos compartan e organicen intercambios de opinión, metodoloxías de estudo, de análise, etc. Este traballo colaborativo anunciarase pola docente, como un sistema de aprendizaxe enriquecedor. Xa que arte caracterízase pola diversidade de olladas de interpretacións que poida ter o público que as visualiza. E non se da un sistema único de análise e de interpretación. Ainda que, é certo, que se plantexará como eixe de análise, os puntos e formas de interese marcados pola EBAU, pero non no estilo de análise que é persoal.

O funcionamento da clase. Neste caso os datos para a avaliación derivan dos dous niveis anteriores e proporcionan unha información xeral importante tanto para o profesorado como para os titores.

## 8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR.

Libro de texto

Caderno do alumno

Recursos dixitais de deseño propio e obtidos da rede

Recursos bibliográficos e audiovisuais do departamento e da biblioteca do IES

## 9. DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA ANTE POSIBLES ESCENARIOS DIFERENTES EN FUNCIÓN DA SITUACIÓN SANITARIA

A ameaza da COVID-19 segue presente neste curso 2021-2022, polo que as posibilidades dun cambio de escenario no desenvolvemento das actividades lectivas, tal e como sucedeu o curso pasado, son evidentes. Deste modo, o modelo metodolóxico exposto con anterioridade está previsto para un escenario habitual de actividades lectivas presenciais. Agora ben, ante a posibilidade dunha actividade lectiva semipresencial e/ou

non presencial, os instrumentos educativos serán diferentes, cobrando unha prioridade absoluta os recursos dixitais. Ademais, e tal como aconteceu o pasado curso, se se considerara necesario, faríase unha adaptación desta programación no referido a contidos, aprendizaxes e instrumentos de avaliación. Esta adaptación sería comunicada de forma clara e precisa ao alumnado e ás familias.

Atendendo á posibilidade dunha suspensión parcial ou total das actividades presenciais, e á vista da experiencia do pasado curso, o Departamento de Xeografía e Historia porá en marcha tres ferramentas dixitais que garantan un desenvolvemento axeitado do proceso de ensino-aprendizaxe:

a) **Aula virtual**: ao inicio do curso presentarase ao alumnado esta ferramenta, explicándolle o seu funcionamento, o acceso á mesma e as actividades que se desenvolverán nesta aplicación. Ademais de proporcionarlle materiais variados (textos, gráficos e mapas, presentacións, contidos teóricos...), na aula virtual tamén se realizarán diferentes probas e traballos por parte do alumnado (comentarios de textos, mapas ou calquera outra fonte histórica; pequenos traballos de investigación histórica; probas escritas de avaliación). Estas probas e traballos serán os "instrumentos" de avaliación empregados para a cualificación dos alumnos.

b) **Cisco Webex Meetings**: a través desta aplicación de videoconferencia, pretendemos desenvolver "clases virtuais" na que o profesor poida expoñer ao alumnado explicacións teóricas e prácticas sobre os diversos temas, contidos e actividades do curso. Ademais das explicacións "maxistrais" (que sempre son necesarias), estas clases virtuais servirían para que o alumnado expusera dúbidas ou reclamara aclaracións a calquera exercicio ou traballo proposto.

No que se refire ao número de clases virtuais semanais, será o centro o que indique cantas serán atendendo ás diversas variables posibles (especialmente os recursos dixitais de que dispoña o alumnado). Tendo en conta que neste curso o número de sesións lectivas semanais é de 3, consideramos que, á vista do acontecido no curso pasado e da natureza especial deste tipo de actividades, o número de clases virtuais semanais debería ser de 1 ou 2 (máis clases telemáticas poden resultar esgotadoras para o alumnado, ademais de que este precisará tempo para realizar as diferentes tarefas que se lle indiquen na aula virtual). O horario destas clases deberá ser consensuado polo equipo docente.

c) **Correo electrónico**: servirá como instrumento de comunicación entre o alumnado e as súas familias co profesor. A través deste correo electrónico o alumnado poderá enviar ao profesor as dúbidas ou aclaracións que considere oportunas (o que tamén

poderá facer nas videoconferencias), así como traballos ou exercicios no caso de que houbera problemas coa aula virtual.

Pola súa parte, as familias tamén empregarán este correo electrónico para poñerse en contacto co profesor e plantexar calquera cuestión referida á actividade educativa dos seus fillos/as. É dicir, empregarase como unha "titoría virtual".

## 10. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN CONTINUA. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

O referente para avaliar as aprendizaxes do alumnado son os criterios de avaliación e a súa concreción nos estándares de aprendizaxe avaliables. No deseño das situacións de aprendizaxe tomaranse en consideración todos os elementos do currículo, entre eles os procedementos e os instrumentos de avaliación, así como os criterios de cualificación que permitan avaliar tanto os resultados da materia como o nivel competencial alcanzado polos alumnos e as alumnas.

No tocante aos **procedementos**, empregarase a observación sistemática do traballo do alumnado; levaranse a cabo probas orais e escritas; desenvolverase un protocolo de rexistro en torno á actividade de cada alumno e alumna; revisarase o traballo do alumno. Dentro destes procedementos, débese ter en conta que son alumnos nunha etapa terminal e que deben de ter adquiridas unhas competencias e responsabilidades de traballo. Estos dous puntos, serán estudados pola docente e reforzados para que poidan levar a cabo unha **aprendizaxe autónoma** que ao finalizar o curso deben ter para enfrontarse a os estudos superiores e/ou ao traballo, dentro dunha sociedade caracterizada pola competividade. En todo caso, tomaranse en consideración o cumprimento por parte do alumnos dos deberes recollidos no R.D. 732/1.995, e nas NOF do IES

Destacarase para os procesos de avaliación:

1. analizar e comparar os cambios producidos na concpción da arte e das súas funcións en distintos momentos históricos e en diversas culturas
2. analizar e interpretar obras de arte empregando un método descriptivo, icinográfico e iconolóxico
3. identificar as obras de arte con momentos históricos e as súas características que permiten identificalas con un estilo, ou artistas

4. caracterizar os principais estilos artísticos da tradición cultural europea e describir os seus trazos básicos
5. analizar e comparar as distintas concepcións estéticas e trazos estilísticos para ver os cambios
6. recoñecer e analizar obras representativas de artistas relevantes
7. explicar a presenza da arte na vida cotiá e nos medios de comunicación empregando un vocabulario axeitado
8. expresar oralmente e por escrito opinións persoais, críticas e fundadas
9. realizar e expor traballos sobre calquera aspecto da historia da arte

O anterior concrétase nos seguintes **instrumentos** de avaliación:

a) O coñecemento do alumnado que xorde da interpretación dos datos contidos na avaliación inicial, así como na utilización de técnicas de observación directa e indirecta.

b) O traballo constante do alumnado, onde se poidan observar aspectos formais (a presentación), metodolóxicos (resumos, vocabulario específico), conceptuais (corrección de ideas previas, ampliación de contidos), procedementais e actitudinais.

c) Probas escritas e, nalgúns casos, orais do alumnado. Son controles ou probas dentro da avaliación sumativa, que permiten descubrir problemas e deficiencias no proceso de ensinanza-aprendizaxe, así como os distintos ritmos nese proceso. Valoraríanse, de forma especial, os contidos procedementais, a capacidade de razoamento e as actitudes alcanzadas.

d) Intervencións no conxunto da clase ou en pequeno grupo. Desta forma poderemos valorar as súas actitudes ante o traballo en equipo, a tolerancia, as aportacións razoadas de carácter individual, etc.

e) Cuestionarios, debates, postas en común, onde o alumnado poida manifestar a súa opinión sobre o desenvolvemento do proceso educativo.

f) Observación diaria por parte do profesor do traballo cotiá do alumnado na clase. Valoración da expresión oral e escrita, dos traballos realizados individualmente ,así como os traballos de indagación que se lles propoñerán.

**A avaliación** será contínua e individualizada, atendendo ás características de cada alumno, a súa preocupación pola materia e os edistintos ritmos de aprendizaxe, para poder superar un curso terminal. Por elo, o alumnado será informado dos seus logros e das súas puntuacións para que poidan modificar o seu sistema de traballo, afianzar ou reforzar o seu proceso de aprendizaxe.

**A valiación final**, será repartida en 3 avaliacións parciais:

En cada **avaliación parcial** establecerase 1 ou varias probas segundo o temario dado. Si ben é certo que se plantexarán 2 probas por avaliación, este número poderase variar segundo as cualidades e competencias que amose o grupo, xa que as veces, a temporalización e o xeito de evaluar aos alumnos poden vir marcados polas dificultades e/ou facilidades do temario.

Dentro de cada avaliación terán temas de desenvolvemento e razoamento e outras de conceptos básicos e de vocabulario específico.

**As probas escritas**: adaptaranse á proba de acceso á universidade para que o alumnado se adapte ao sistema. Pero tendo en conta o obxectivo de rematar os estudos de Bacharelato. A forma do exame: daranse 2 opcións como mínimo. En cada opción terán 5 preguntas, nasque terán o nálise dunha obra de arte e diversos conceptos.

Deberán escoller 2 actividades.

A análise da obra constará de 3 apartados cun valor de 4 puntos

A definición de conceptos terá un valor de 1 punto ( 0,5 por concepto). O traballo e avaliación destes conceptos poderá ser plantexada de xeitos moi diversos nas probas.

Terase en conta a claridade de razoamento, de presentación e da ortografía.

Os temas dados serán acumulativos dentro de cada avaliación e nas seguintes, é dicir, os contidos da 1º avaliación estarán na segunda incluidos dentro das distintas opcións e así ao longo do curso.

**Puntuación por avaliación:**

- probas escritas: 80%
- Actividades marcadas: 10%
- Actitude e responsabilidade: 10%

A falta de asistencia a un exame deberá ser xustificada formalmente. De non ser así, o alumno non terá dereito a repetilo.

A alteración do desenvolvemento normal dun exame (actitude incorrecta, suplantación ou copia por calquera procedemento fraudulento...) dará lugar a unha cualificación de insuficiente na nota global da avaliación, independentemente das cualificacións acadadas ao longo do período. Si poderá presentarse á proba de recuperación da que se fala máis adiante.

Despois de cada avaliación o alumnado que non acade o aprobado terá unha recuperación.

A nota da **avaliación final** virá marcada pola media das avaliacións parciais: 1º avaliación un 30%

2º avaliación un 30%

3º avaliación un 40%

**Criterios de recuperación**

Os criterios ou as actividades necesarios para poder superar os mínimos que non se alcanzaron en cada avaliación serán os seguintes:

- A recuperación realizarase **mediante probas escritas** de estrutura similar as feitas na avaliación**.**
- Non se fará recuperación da 3 avaliación
- O alumnado que teña supensas 2 avaliacións poderá facer unha recuperación final.

**Avaliación extraordinaria**. Terá o formato das avaliacións plantexadas ao longo de todo o curso, e incluirá todo o temario dado. As datas desta avaliación serán as marcadas pola administración e recollidas polo centro.

## 11. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Tratándose dunha materia de 2º de bacharelato, non hai alumnado nesta situación.

## 12. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

A avaliación inicial incidirá na obtención de información sobre os coñecementos previos do alumnado e o grao de desenvolvemento das competencias clave. A avaliación incluirá a análise dos informes do curso anterior e completarase coa información obtida a través do titor. A maiores, a observación do traballo diario nos primeiros días do curso terá relevancia significativa.

A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

## 13. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

É importante ter en conta que os alumnos poden acceder cun grao de desenvolvemento intelectual diferente e que aprenden de forma distinta. A atención a este tipo de diversidade abórdase desde as diversas posibilidades de programación das actividades de aprendizaxe, que, por un lado, se organizan segundo a súa dificultade, establecéndose ó

principio cuestións sinxelas, concretas e descritivas, para pasar despois a outras complexas, abstractas e explicativas. Por outro lado, combínanse diferentes formas de aprendizaxe, presentando materiais, actividades e instrumentos de traballo variados co fin de conseguir un mesmo obxectivo didáctico. Caso de ser preciso, proporanse adaptacións do currículo non significativas, o que poderá implicar adaptación dos tempos, dos métodos, dos recursos e mesmo dos instrumentos de avaliación.

## 14. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN AO LONGO DO CURSO.

Traballarase de xeito significativo a comprensión lectora, a expresión oral e escrita e as tecnoloxías da información e da comunicación. Así mesmo, promoverase o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social. Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual e transexual

En contacto co resto do profesorado do grupo, traballarei na prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como na interiorización por parte do alumnado dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia e o respecto aos dereitos humanos.

.

## 15. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

As actividades extraescolares virán marcadas polas recomendacións sanitarias ante o Covid. Pero tamén pola temporalización da materia.

Viaxes culturais.

Charlas.

Visitas a exposicións segundo os acontecementos ofertados pola cidade e a Consellería ao longo do curso.

## 16. ACCIÓNS PREVISTAS EN RELACIÓN CO PROXECTO LECTOR E CO PLAN TIC

En consonancia co Proxecto Lector que ten como finalidade fomentar a lectura comprensiva e crear hábitos lectores no alumnado, o Departamento de Xeografía e

Historia: Traballa coa lectura, comprensión e comentario de textos xeralmente complementarios ao tema impartido. Dita actividade vai explícita no día a día da materia. Esta actividade, indispensable nas Ciencias Sociais, completase con elaboracións escritas e as suxestións ou obrigatoriedade, segundo as circunstancias, de lecturas de obras ou textos e a elaboración de traballos escritos, en período vacacional, nos que os alumnos deberán non solo demostrar os seus coñecementos senón tamén a súa capacidade de síntese e crítica

No tocante ás TIC o obxectivo que se pretende desde o Departamento de Xeografía e Historia é familiarizarse e acostumarse ao emprego das novas tecnoloxías e ter destrezas no seu emprego. Que os alumnos saiban empregar de forma racional as TIC, e ademais aproveiten tódolos recursos que teñen á súa disposición.

Segundo a marcha do curso e o requirimento do tema:

• Visionado de fragmentos de películas en coherencia cos conceptos traballados.
• Emprego de medios audiovisuais (PPT) nas explicacións do temario.
• Busca de información na aula e informática.

## 17. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Ao remate do curso analizarase a o proceso de ensino aprendizaxe e a práctica docente co fin de comprobar:

- Se a planificación foi axeitada: o número e duración das actividades propostas, o nivel de dificultade, o interese para o alumnado, a significatividade para o proceso de aprendizaxe, se se basearon nos intereses do alumnado, se se aprendeu dun xeito colaborativo...
- Se se traballaron todos os contidos previstos. Na medida en que isto se verá mediatizado polas características de cada grupo e polos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, considerarase axeitado superar o 80% dos contidos propostos.
- Se os materiais e recursos utilizados resultaron accesibles, atractivos e suficientes
- Se se conseguiu motivar ao alumnado, espertar a súa curiosidade e ofrecerlles a axuda axeitada para facelos progresar. Tamén se todos participaron activamente e conseguiron o nivel máximo de desenvolvemento.

- Se se aplicaron os procedementos de avaliación programados e se aplicaron os criterios de cualificación propostos
- Se os resultados académicos estiveron en consonancia coas características do alumnado e do grupo. Sendo ideal acadar un 100% de aprobados tras da avaliación extraordinaria de setembro, fíxase o indicador de logro neste apartado nun 75%

## 18. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

En base aos indicadores de logro sinalados, o departamento analizará periodicamente na súa reunión a marcha da programación das distintas materias. Dito análise quedara recollido no libro de actas.

Unha vez rematadas as avaliacións, os seus resultados serán analizados de forma detallada na seguinte reunión. De ser o caso, tomaranse as medidas oportunas para corrixir as desviacións da programación , que quedarán recollidas no libro de actas.

Finalmente, ao rematar o curso, farase unha análise detallada tanto da programación como do seu grado de cumprimento, a partir dos indicadores de logro sinalados no apartado anterior. Tal análise se recollerá na memoria do departamento. Así mesmo, estableceranse as propostas de mellora para a programación didáctica do próximo curso

## 19. CONSTANCIA DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO

Os elementos básicos da programación exporanse na web do IES. Ademais o primeiro dia de clase, informarase ao alumnado de todos os aspectos da programación da materia, principalmente os contidos da mesma, os estándares de aprendizaxe avaliables e os mínimos para superar a materia. Tamén a temporalización prevista, a metodoloxía didáctica, os procedementos e os instrumentos de avaliación, os criterios e sistema de cualificación e o programa e, de ser o caso, as actividades de reforzo e recuperación de alumnos coa materia pendente. Como marca a lei a programación estará a disposición dos alumnos para a súa consulta na Xefatura do Departamento e na Xefatura de Estudos.

Poderase entregar o alumno un resumo dos apartados descritos anteriormente. Tamén se lle indicará ao alumnado o material necesario para as clases e, se compre, unha breve información sobre a bibliografía que poden consultar. Finalmente informarase sobre as actividades complementarias e extraescolares que o departamento ten previsto realizar no presente curso.